

Anexos

1. Auditorias (Decreto 52/2001).....	5
CHAM 2004	6
CHAM 2010	12
CHAM 2016	19
CHUAC 2002	30
CHUAC 2008	35
CHUAC 2013	43
CHUAC 2016	51
CHUO 2002	60
CHUO 2008	66
CHUO 2013	72
CHUO 2017	80
CHUP 2002	87
CHUP 2008	95
CHUP 2014	101
CHUS 2002.....	111
CHUS 2010.....	117
CHUS 2013.....	124
CHUVI 2003 (H. MEIXOEIRO).....	132
CHUVI 2002 (H. Nicolás Peña).....	140
CHUVI 2002 (H Xeral-Cíes).....	146
CHUVI 2009	152
CHUVI 2012	159
CHUVI 2016	166
H. Barbanza. 2004	174
H Barbanza 2009	179
H. Barbanza 2012	186
H. Barbanza 2016	193
H. do Salnés 2002.....	200
H. do Salnés 2010.....	206
H. do Salnes 2012.....	211
H. do Salnés 2015.....	218
H.P. da Mariña 2003.....	224
H.P. da Mariña 2010.....	232
H.P. da Mariña 2016.....	239

H.P. Monforte 2003.....	245
H.P. Monforte 2009.....	251
H.P. Monforte 2012.....	258
H.P. Monforte 2017.....	265
H.P. Verín 2001.....	270
H.P. Verín 2004.....	277
H.P. Verín 2010.....	282
H.P. Verín 2014.....	286
H.P. Verín 2017.....	291
HULA 2002.....	294
HULA 2011.....	300
HULA 2016.....	307
H. Valdeorras 2002.....	313
H. Valdeorras 2010.....	321
H. Valdeorras 2013.....	327
H. Valdeorras 2016.....	335
H. Virxe da Xunqueira 2001.....	340
H. Virxe da Xunqueira 2010.....	344
H. Virxe da Xunqueira 2015.....	351
H. Virxe da Xunqueira 2019.....	357
2. Documentos administrativos.....	365
Oficio administrador del Hospital Provincial de Pontevedra 1967	365
Recibo adquisición fondos para el Hospital Provincial de Pontevedra 1966.....	366
Recibo adquisición fondos para el Hospital Provincial de Pontevedra 1968.....	367
Recibo adquisición fondos para el Hospital Provincial de Pontevedra 1970.....	368
Recibo adquisición fondos para el Hospital Provincial de Pontevedra 1975.....	369
Inventario General del Hospital de San José de 1974.....	370
Acta del Hospital de San José del 7 de abril de 1952	372
Relación de puestos de trabajo 1969-81. Hospital Médico-Quirúrxico de Conxo.....	373
Presupuesto de gastos del Hospital Médico-Quirúrxico de Conxo. 1972	374
Declaración como Universitario al Hospital de Pontevedra. Acta. 2012	375
Proyecto Hospital de día, urgencias, psiquiatría y zona docente Hospital Provincial. 1983	376
La biblioteca del Chuac: de ayer a hoy. Cartel	378
3. Planos.....	385
Plano H. Nicolás Peña con la biblioteca 1944. (Municipal): 8/1944 (Urb-27)	385
Plano H. Médico Quirúrxico de Conxo con la biblioteca (proyecto)	386

Plano H. Médico Santa María Nai con la biblioteca	387
4. Sellos	387
Biblioteca Sanatorio Psiquiátrico P.A.N.A.P. Toén (Ourense)	387
Biblioteca Residencia Montecelo. I.N.P. Pontevedra.....	388
Biblioteca Hospital Montecelo. Insalud Pontevedra.....	389
Biblioteca Hospital Montecelo. Sergas Pontevedra.....	390
Biblioteca Hospital Provincial Pontevedra (I).....	390
Biblioteca Hospital Provincial Pontevedra (II).....	391
Biblioteca Complexo Hospitalario de Pontevedra. Sergas.....	392
Biblioteca Sanatorio Psiquiátrico de Conxo (I).....	392
Biblioteca Sanatorio Psiquiátrico de Conxo (II).....	393
Biblioteca Complexo Hospitalario Cristal-Piñor. Ourense.....	394
Biblioteca Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.....	395
Biblioteca Hospital Provincial (Lugo).....	395
Biblioteca de la Ciudad Sanitaria de la Seguridad Social “Juan Canalejo”	396
5. Imágenes bibliotecas	396
Biblioteca H. Xeral de Galicia (Santiago)	396
Biblioteca Sanatorio Psiquiátrico Toén (Ourense)(I).....	396
Biblioteca Sanatorio Psiquiátrico Toén (Ourense)(II).....	397
Biblioteca H. Juan Canalejo (A Coruña). 1.....	398
Biblioteca H. Juan Canalejo (A Coruña). 2.....	399
Biblioteca Hospital Cristal-Piñor (Ourense).....	400
Biblioteca Hospital Psiquiátrico de Conxo (I)	400
Biblioteca Hospital Psiquiátrico de Conxo (II)	401
Biblioteca Hospital Psiquiátrico de Conxo (III). FICHAS.....	403
Biblioteca del H. Montecelo. Vacunación Pandemia Covid-19	403
6. Tablas	405
1. Items sobre bibliotecas en las Auditorías de Acreditación de Hospitales del Sergas ...	405
2. Requisitos de acreditación de unidades docentes para la formación sanitaria especializada. Aspectos vinculados a la biblioteca	410

Auditorias (Decreto 52/2001)

CHAM 2004

C.H. Arquitecto Marcide- Novoa Santos (Ferrol)



Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

**Auditoria de Acreditación
de Hospitais**

**COMPLEXO HOSPITALARIO
"ARQUITECTO MARCIDE - PROFESOR
NOVOA SANTOS"
Ferrol**

(A Coruña)

Data: Abril 2004

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a:

*Dr. Angel Facio Villanueva (Coordinador de calidad e investigación).
 Dr. Juan A. Garrido Sanjuán (Presidente da comisión de docencia).
 Dº Chelo Carballal Balsa (Supervisora de formación continuada e investigación de enfermería).
 Dº Uxía Gutiérrez Coto (bibliotecaria).*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercecicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACION, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Sí. Existe un Plan de Formación continua 2004, o Plan de Formación continua do persoal das institucións sanitarias do Sergas (AFCAP 2004) e o programa propio da FEGAS.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Sí. Existe o Programa MIR, con 40 médicos residentes aproximadamente. Faise supervisión dos programas e avaliación anual dos MIR. Existe un Programa común complementario de formación que abraca: diagnóstico e terapéutica, reanimación cardiol-pulmonar, electrocardiografía, interpretación radioloxica, bioética, xestión clínica e introdución á investigación. As especialidades para as que está acreditado o complexo hospitalario son: Análises clínicos, Cirurxia xeral e aparato dixestivo, Farmacia hospitalaria, Medicina familiar e comunitaria, Medicina interna, Obstetricia e xinecoloxía, Pediatría e áreas específicas, Psicología clínica e Traumatología e Cirurxia ortopédica. A Comisión de docencia fai a avaliación dos residentes e reúnese mensualmente (excepto nas vacacións e avaliações).

6.1.1.3.- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Existe unha Unidade de investigación acreditada desde 1992 por el Ministerio de Sanidad y Consumo. Existe un organigrama funcional da Unidade: axudas I+D, ensaios clínicos e outros estudos, actividades I+D no C.H. A. Marcide, Asesoramento metodolóxico e soporte informático e audiovisual. Existe unha relación de lineas de investigación abertas na actualidade.

C.H. Arquitecto Marcide- Novoa Santos (Ferrol)

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

O programa repártese por tódalas plantas e persoalmente. Envíase a cada Unidade a comenzaos do ano e expoñese nos taboleiros.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-tecnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Fanse sesións formativas coa participación dos profesionais do centro. Ademais faise un congreso ó ano no que participan os profesionais que presentaron traballos, comunicacións ou publicacións noutros congresos.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Sí. A biblioteca ten entre os seus servicios os seguintes: préstamo de libros e material audiovisual, préstamo interbibliotecario, servicio de referencia (diccionarios, vocabularios, catálogos de publicacións periódicas, bibliografías...), catálogos de fondos da biblioteca, formación de usuarios, reprografía, búsquedas bibliográficas, peticións do pasivo, desideratas e outros servicios (programas de xestión bibliográfica, escáner e grabadora de CDs, colaboración coa Unidade de investigación).

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Sí, existe unha responsable da biblioteca (Uxía Gutiérrez Couto). O horario da biblioteca é de 8:00 a 20:00 e hai 2 persoas pola maña para o seu funcionamento e 1 pola tarde.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Sí, fanse avaliaciós nos cursos da FEGAS e tamén nos propios (enquisas de avaliación).

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO	SATISFACTORIO
--	---------------

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACION.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

C.H. Arquitecto Marcide- Novoa Santos (Ferrol)

Sí, existe unha Unidade de Formación continua formada polo coordinador de calidad e investigación, pola supervisora de formación continua e investigación de enfermería e pola xefa de grupo de formación de persoal non sanitario.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Sí.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Sí, desde a Comisión de investigación ou a Unidade de investigación.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das suas actividades.

Sí, con horario ininterrumpido de 8:00 a 20:00 horas.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Sí, conta cun fondo bibliográfico actualizado, publicacións periódicas e videoteca (tamén en catálogo). Hai unha intranet con catálogo de revistas, libros,etc ademáis de outras prestacións.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIOSATISFACTORIO

C.H. Arquitecto Marcide- Novoa Santos (Ferrol)

CONCLUSIÓN

A área conta cunha organización adecuada as súas caraterísticas.

O hospital desenvolve actividades de formación continuada para os profesionais do centro, programa MIR e de investigación.

Conta cunha biblioteca que posibilita a obtención de información biosanitaria. Hai unha responsable do seu funcionamento. Conta con recursos suficientes, fondo bibliográfico actualizado, publicacións periódicas e videoteca.

En xeral, a área conta cos recursos humanos e materiais suficientes para o desenvolvemento dos seus obxectivos.

CONCLUSIÓN XERAL ÁREA :

SATISFACTORIA.

C.H. Arquitecto Marcide- Novoa Santos (Ferrol)

RECOMENDACIÓNNS

Potenciar desde a Dirección do centro a actividade docente e investigadora con aumento progresivo da dedicación dos profesionais implicados e financiación precisa.



Consellería de Sanidade

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO
ARQUITECTO MARCIDE PROFESOR NOVOA SANTOS

HOSPITAL NAVAL

(Integrados na área sanitaria de Ferrol)

Data: Decembro 2010

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: D. Antonio Acevedo Prado, Coordinador de Calidade, Docencia, Investigación e Formación Continuada.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
A área dispón de programa anual de formación continuada para o Centro. Editase un programa de carácter esquemático cos cursos anuais, e de forma mais concreta mensualmente infórmase dos cursos en carteiras oficiais e por correo electrónico global. En xeral trátase de que todos os cursos que se imparten sexan acreditados. Tamén se dispón de programa de formación dependente da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
O Centro desarrolla así mesmo a formación correspondente á titulacións do sistema de formación sanitaria especializada, dependente do Ministerio de Sanidad y Política Social; con desenvolvemento dos correspondentes programas formativos. Tamén consta programación/planificación de cursos de formación práctica para alumnos de Medicina; prácticas preprofesionais para alumnos de Farmacia, Biología, etc.; así como programación dos cursos prácticos para alumnos de enfermería, auxiliares de enfermería, técnicos de Anatomía Patológica, etc. (cursos que se desarrollan no marco dos convenios establecidos entre a Consellería de Sanidade coa Universidade e/ou escolas de formación profesional).

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.
Con respecto a esta área, o Centro conta cunha unidade de investigación propia (apoio administrativo e técnico), e coa Fundación Novoa Santos (desenvolvemento de investigación). Anualmente elabórase unha memoria de actividade.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.
A información sobre as actividades de formación realizaase a través da edición do programa anual de cursos, tablóns oficiais e correo electrónico global (mensualmente).

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.
Anualmente elabórase a memoria anual de docencia e investigación, así como a memoria de formación anual, cos resultados de valoración dos cursos. Estes resultados inclúense na memoria anual da área sanitaria que se incorpora na intranet do Centro.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.
O Complexo Hospitalario dispón dunha biblioteca con capacidade e posibilidades de obter información biosanitaria.
Conta cun pequeno fondo bibliográfico en soporte papel, con fondo bibliográfico electrónico, acceso a internet, acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saúde (Bibliosaúde) na que están incorporados os Centros do Servizo Galego de Saúde, cun destacado fondo en bases de datos, revistas e libros electrónicos.
Inclúense cursos de formación para búsqueda bibliográfica.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.
A biblioteca conta cun responsable da mesma, especialista en documentación.
A dotación de persoal para o seu funcionamiento é de dúas persoas, responsable e un auxiliar administrativo. En horario de mañá: presencia de responsable e auxiliar, en horario de tarde: un auxiliar.
O funcionamento da biblioteca é de luns a venres, en horario de 8:00h a 15:00h e de 15h a 19h.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.
En xeral ao final de cada curso realizaase unha avaliación, a través de enquisa final do curso dirixida aos alumnos.
Tamén se analizan as necesidades de novos cursos, a través de enquisa de necesidades dirixidas a diferentes profesionais (presidentes de Comisións, responsables de distintas Direccións, Xefes de Servizo, mandos intermedios). Tense desarrollado un procedemento protocolizado; as enquisas remítense por correo electrónico aos profesionais para detectar novas necesidades, áreas formativas de interese, e demandas formativas concretas.

*Toda esta información analízase, e realizase o informe sobre necesidades, que estudia o Comité de Formación.
No caso de traballos de investigación realizase os correspondentes informes avaliativos, e memoria anual.*

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.-As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

No seu conxunto para estas actividades apórtanse recursos propios por parte do Complexo Hospitalario.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

No seu conxunto para estas actividades apórtanse recursos propios por parte do Complexo Hospitalario.

6.2.1.3.-As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

No seu conxunto para estas actividades apórtanse recursos propios por parte do Complexo Hospitalario. En algúns casos pódese contar coa axuda doutras entidades públicas e/ou privadas.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O Complexo Hospitalario conta cunha biblioteca dotada cunha serie de recursos: +/- 25 postos de lectura, 8 ordenadores para consulta con posibilidade de acceso a internet, biblioteca virtual BiblioSaúde, 2 scanner, 2 impresoras, un lector/gravador de CD-DVD..., unha fotocopiadora con scanner, un fax.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O Centro dispón dun fondo bibliográfico fundamentalmente electrónico, a través da biblioteca virtual BiblioSaúde, que inclue entre outros unha serie de servizos: buscador de recursos electrónicos, buscas bibliográficas, localización e obtención de documentos, solicitude de artigos, publicacións da organización, formación de usuarios, recursos de información (bases de datos, libros, revistas electrónicas, banco de imaxes e videos, guías de práctica clínica/protocolos, etc.).

Tamén se dispón de aula de informática para formación.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA - 6

- *O Centro, de acordo coas súas características, conta cunha estrutura organizada para o desenvolvemento das súas actividades de formación continuada, de docencia e de investigación.*
- *A área con respecto a estas actividades de docencia, formación e investigación, realiza actividades coa finalidade de avaliación das diferentes actuacións desarrolladas.*
- *O Centro conta cunha área de biblioteca, así como con recursos adecuados para desenvolver as súas actividades.*
- *O Complexo hospitalario, aporta e recada recursos humanos e materiais para o adecuado desenvolvemento das súas actividades de docencia, formación continuada e investigación.*

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-

SATISFACTORIO

RECOMENDACIÓNS ÁREA – 6

- *Manter a adecuada estrutura organizativa para o desarrollo e posta en práctica das actividades que en materia de formación continuada, docencia e investigación leva a cabo o Centro, así como a difusión das mesmas.*
- *Seguir potenciando a área de biblioteca do Centro, as súas actividades, e as súas posibilidades de obtención de información.*
- *Manter a adecuación dos procedementos de avaliação das actividades desenvolvidas no Centro, respecto a formación continuada, docencia e investigación.*
- *Seguir potenciando/incentivando a dedicación e recursos para o desarrollo das actividades de docencia, formación continuada e investigación do Centro.*

CHAM 2016

Protocolo Técnico Acreditación Hospitalaria –Complexo Hospitalario Universitario Ferrol



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos
Sanitarios

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITAIS

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO FERROL

Data: Xaneiro 2016

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: M^a Luisa Fraga Sampedro (supervisora da Área de Formación)
Ramón López de los Reyes (xefe de estudios de Docencia).
Silvia Rodríguez Dapena (directora de Procesos de Soporte)*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Ten un plan anual de formación continuada, dirixido a todos os estamentos profesionais do centro, con reparto das horas de formación segundo as necesidades. Para a súa elaboración, ten en conta os resultados das enquisas de necesidades feitas a todos os profesionais, mandos intermedios e comités técnicos asistenciais (No ano 2014, contestaron a enquisa 75 traballadores dos 2014 totais); o plan se propón aos sindicatos, e finalmente o aproba a Comisión de Dirección. Todos os cursos que se imparten están acreditados pola Consellería de Sanidade, e constan no programa de acreditación docente a nivel central. Tamén dispón de programa de formación da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS. Permitense ata un 50% cursos mixtos de formación continuada e docencia. A unidade de formación continuada, encargase a súa vez da formación pregrado de enfermería e a formación postgrado de enfermería familiar e comunitaria (EIR).

Os cursos impártense nas aulas de formación nos tres hospitais do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e no Centro de Especialidades Fontela Maristany. Os docentes do plan son nun 90% persoal do propio centro. Faise

Protocolo Técnico Acreditación Hospitalaria – Complexo Hospitalario Universitario Ferrol

seguimento da asistencia e avaliación do curso con cuestionarios aos participantes. Os certificados de acreditación cáriganse no FIDEX. A Unidade de formación continuada está en proxecto de implantación do Sistema de Xestión de Calidade ISO 9001 dos Servizos Xerais. Ten auditorías externas anuais pero non ten auditorías internas ata que non estean certificados.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O Centro desenvolve a formación correspondente ás titulacións do sistema de formación sanitaria especializada, dependente do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdade con desenvolvemento dos correspondentes programas formativos. Tamén consta programación/planificación de cursos de formación pre-grao para alumnos de Medicina; prácticas profesionais para alumnos de Farmacia, Bioloxía, Psicoloxía, etc., así como programación dos cursos pre-grao para alumnos de enfermería, auxiliares de enfermería e técnicos sanitarios. Estes cursos se desenvolven no marco dos convenios establecidos entre a Consellería de Sanidade coa Universidade e/ou escolas de Formación Profesional.

Ten un total de 71 residentes (R1,R2,R3,R4eR5), das especialidades de Análises Clínicos, Cirurxia Ortopédica e Traumatoloxía, Cirurxia Xeral e do Aparello Dígestivo, Dermatoloxía, Farmacia Hospitalaria, Medicina Familiar e Comunitaria, Medicina Interna, Neuroloxía, Psiquiatría, Radiodiagnóstico e Uroloxía.

A formación pre-grao de Enfermería e a formación post- grao de Enfermería Familiar e Comunitaria (EIR), está asumida pola unidade de formación continuada.

Os residentes teñen entrevistas cos titores, guías/itinerarios formativos para cada especialidade e plans personalizados de formación para cada residente.

De acordo co establecido no artigo 29 do RD 183/2008, a área, ten un Plan de Xestión de Calidade Docente (PGCD), aprobado en xuño do 2010, pola Comisión de Dirección e a Comisión de Docencia. O programa está sometido a revisión anuals, a última é de xuño de 2014. No PGCD se establecen os obxectivos e indicadores de cumprimento. Fanse avaliaciós externas de acordo co “Plan de Calidad del Sistema Nacional de Salud” e/ou Comunidades Autónomas. Non se fan avaliaciós internas ata que no teñan a certificación da norma UNE EN ISO 9001. Fan enquisas anuais de satisfacción dos residentes e enquisas de satisfacción dos titores.

Protocolo Técnico.Acreditación Hospitalaria – Complexo Hospitalario Universitario Ferrol

A Comisión de Docencia ten fixadas reunións mensuais, agás nos meses de xullo e agosto e naqueles meses nos que coincide coas reunións dos Comités de Avaliación ou non exista contido para a convocatoria mensual.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O Complexo conta cunha unidade de investigación, con apoio administrativo e técnico propio, e coa Fundación Profesor Novoa Santos.

A Fundación Profesor Novoa Santos, desde xaneiro de 2013, fusionouse coa Fundación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, tendo o seu domicilio social na Coruña. O ámbito de actuación é a Xerencia de Xestión Integrada de Coruña e a Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.

A Unidade de Investigación ten como responsable á Directora de Procesos de Soporte.

Ten elaborado o documento do “Procedemento a seguir cos ensaios clínicos que se desenvolvan na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol”. Os documentos que se achegan nos ensaios clínicos son: protocolo do ensaio, informe do Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia, informe do Comité Ético de Investigación Clínica de Referencia, autorización da Axencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios, certificación da vixencia da poliza de responsabilidade civil subscrita polo promotor, Modelo de contrato do Servizo Galego de Saide, os datos do centro e da Fundación e a memoria económica.

A documentación dos ensaios clínicos, gardase en formato papel arquivada na unidade de investigación do complexo hospitalario, e tamén en formato informático.

Anualmente elabórase unha memoria de actividade. No ano 2014, iniciáronse 11 ensaios clínicos e 31 estudos observacionais, e no ano 2015 levan iniciados 8 ensaios clínicos e 39 estudos observacionais. No ano 2015 ten concedidos 2 proxectos de investigación financiados polo FIS (un é de Retinopatía Diabética e outro de enfermidade inflamatoria intestinal).

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

O plan de formación anual se difunde a todo o persoal a través da intranet, do correo electrónico e dos taboleiros de anuncios do complexo, ademais se fan recordatorios mensuais vía electrónica aos destinatarios dos cursos. Anualmente elabórase unha memoria de toda a actividade formativa.

Protocolo Técnico Acreditación Hospitalaria – Complexo Hospitalario Universitario Ferrol

- 6.1.3.- Difundiéndese internamente información científico -técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

O medio de difusión é principalmente, a través do correo electrónico. Anualmente elaborase unha memoria de actividade científica, que se incorpora na intranet.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O complexo hospitalario dispón dunha biblioteca con capacidade e posibilidade de obter información biosanitaria.

Conta cun pequeno fondo bibliográfico en soporte papel, con amplio fondo bibliográfico electrónico, acceso a internet e acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saúde (BiblioSaude) na que están incorporados os centros do Servizo Galego de Saúde, cun destacado fondo en bases de datos, revistas e libros electrónicos. A biblioteca virtual ten 5.976 revistas accesibles dende Mergullador e 1.440 revistas subscriptas en BiblioSaude

Inclúense cursos de formación para procura bibliográfica. No ano 2014 impartiron 18 cursos de formación pola unidade.

As solicitudes dos interesados recébense a través do correo electrónico, e se contestan pola mesma vía, no caso de non existir na biblioteca de Ferrol, contactan co resto de bibliotecas dos centros do Servizo Galego de Saúde.

No ano 2014 se fixeron 2.655 peticións de artigos a outros centros, 2.102 peticións de artigos feitas a este centro; foron prestados 16 libros por outros centros e prestáronse 26 libros a outros centros; prestáronse 218 libros aos profesionais do centro.

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

A biblioteca conta cunha responsable que é especialista en documentación, e como persoal de apoio conta cun auxiliar administrativo.

O funcionamento da biblioteca é de luns a venres, en horario de 8:00h a 15:00h.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Respecto aos cursos de formación, ao final de cada curso realizase unha avaliación, a través de enquisas finais dirixida aos alumnos. Son de dous tipos:

unha que valora ao poñente e outra xeral que valora o curso, dando difusión dos resultados aos poñentes e responsables.

En docencia fanse entrevistas titor-residente; cada residente fai unha ficha e unha memoria sobre a súa rotación que é assinada tamén polo titor. A cada residente sélle fai unha avaliación anual a través dun Comité de Avaliación da Comisión de Docencia, específico para cada especialidade. Os resultados elevanse a dirección do centro e ao Ministerio de Sanidad Servicios Sociales e Igualdade.

En investigación realizanse os correspondentes informes avaliativos, e a memoria anual. No ano 2011 creouse o aplicativo Sophos como ferramenta de medición científica do Servizo Galego de Saúde, co obxecto de homoxeneizar os informes e que estes, se adapten á regulación científica internacional, así como para permitir xestionar os seus datos e difundir a información dunha forma mais sistematizada.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.-As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

A Unidade de Formación ten como responsable á supervisora M^a Luisa Fraga Sampayo, que conta con apoio de persoal administrativo e de equipamento material adecuado para o desenvolvemento da súa actividade.

A formación impártese no salón de actos do Hospital Arquitecto Marcide, no salón de actos e nas aulas de simulación do Hospital Naval, na aula de formación do Hospital Novoa Santos e nas aulas da FEGAS.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Protocolo Técnico Acreditación Hospitalaria – Complexo Hospitalario Universitario Ferrol

A Unidade de Docencia ten como responsable a un xefe de estudos, que na actualidade é Ramón López De los Reyes, adxunto do Servizo de Cirurxia, e que a súa vez é o coordinador das aulas de simulación do complexo hospitalario.

Consideran que están ben dotados de recursos materiais; disponen de locais onde desenvolver as súas actividades, como son a biblioteca, aulas de seminarios, aulas de docencia, salóns de actos e aulas de simulación con boa dotación.

Nas aulas de simulación teñen as seguintes dependencias e equipos:

a)Aula de habilidades laparoscópicas e endoscópicas:

Ten unha superficie de 30 m² e está dotada dun conxelador e frigorífico para mantemento do material orgánico, armarios para almacenaxe, tomas de auga e un ordenador. Consta de 5 torres de laparoscopia, con seus respectivos endotrainers, sobre 5 mesas para laparoscopia abdominal e fantomas para artroscopia. Dous equipos compostos por endotrainer con cámara integrada, un deles con posibilidade de práctica de laparoscopia de porto único. Dúas torres para endoscopia dixestiva dotada de gastroscopio, enteroscopio e colonoscopio.

b)Aula de habilidades médicas:

Ten unha superficie de 30 m² dotada de armarios para os maniquies simuladores, tres mesas de 1x2 metros para realizar prácticas e unha padiola.

Armario 1 : Adestrador de parto. Exploración obstetricia. Tacto rectal e exame de próstata. Adestrador exame pélvico masculino e sondaxe vesical. Simulador de suturas cutáneas e cirurxia menor. Simulador de suturas cutáneas cirurxia menor.

Armario 2 : Adestrador para drenaxe torácico. 2 brazos para acceso a vias vasculares periféricas adestrador de inxección/infusión. Peito chester para dispositivos de acceso vascular central. Tórso e zona inguinal para acceso a vias vasculares centrais subclavia e femoral.

Armario 3: Simulador de exploración de fondo de ollo. Xeonillo para aspiración -drenaxe. Drenaxe torácico. Adestrador/simulador de punición lumbar.

Armario 4 : Simulador de acceso vascular pediátrico para canalización vias centrais, canalización arteria femoral. Permite uso de ecografía. Maniquís crises lactante para soporte vital avanzado pediátrico con simulador interactivo de ECG . Varios maniquís para soporte vital básico e simuladores de arritmias.

Armario 5 : 2 Maniquí manexo vía aérea, e maniquí RCP básica.

Protocolo Técnico.Acreditación Hospitalaria – Complexo Hospitalario Universitario Ferrol

*Armario 6 : Maniquí torso resucitación. Maniquí RCP básica completo
Un ecógrafo, tres respiradores, dúas incubadoras, dous aparellos de anestesia, desfibriladores, bombas de infusión, monitores. Simulador arritmias.*

*c)Aula de cuidados críticos/quirófano:
Ten unha superficie de 15 metros², dotada de mesa de quirófano e maniquí para soporte vital avanzado con acceso a todo material descrito na aula médica e posibilidade de gravación das prácticas de soporte vital para ser visualizada á vez na aula de formación.*

d)Aula con medios audiovisuais, con capacidade para 30 persoas.

6.2.1.3.-As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A responsable da unidade de investigación é a Directora de Procesos de Soporte, Silvia Rodríguez Dapena.

Dispón dun despacho na planta baixa do Hospital Arquitecto Marcide, das aulas de simulación do complexo hospitalario e das infraestruturas da Fundación Profesor Novoa Santos, con sede na Coruña.

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispón dun espazo que ten diferenciada a zona administrativa e a zona de biblioteca biosanitaria, contando con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades, entre a cales detallamos 25 postos de lectura, 8 ordenadores para consulta con posibilidade de acceso a internet, biblioteca virtual Bibliosaude, 2 scanner, 2 impresoras, unha fotocopiadora con scanner, un fax.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Dispón dun fondo bibliográfico fundamentalmente electrónico, a través da biblioteca virtual Bibliosaude, que inclúe servizos como: buscador de recursos electrónicos, buscas bibliográficas, localización e obtención de documentos, solicitude de artigos, publicacións da organización, formación de usuarios, recursos de información (bases de datos, libros, revistas electrónicas, banco de imaxes e vídeos, guías de práctica clínica/protocolos, etc.). Tamén se dispón de aula de informática para formación.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO
--

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

1. A área ten un plan anual de formación continuada, dirixido a todos os estamentos. Os cursos que se imparten están acreditados pola Consellería de Sanidade, e tamén dispón de programa de formación dependente da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS.
2. Faise seguimento de asistencia e avaliación do curso con cuestionarios aos participantes. Os certificados de acreditación se cargan no FIDEX. A Unidade de Formación Continuada está en proxecto de implantación do Sistema de Xestión de Calidade UNE EN ISO 9001 dos Servizos Xerais. Ten auditorías externas anuais pero non ten auditorías internas ata que non estean certificados.
3. Os cursos impártense nas aulas de formación nos tres hospitais do complexo hospitalario e no Centro de Especialidades Fontela Maristán.
4. O responsable á fronte é unha supervisora da Área de Formación, con dedicación exclusiva.
5. A Unidade de formación está en proxecto de implantación do Sistema de Xestión de Calidade UNE EN ISO 9001 dos Servizos Xerais. Ten auditorías externas anuais, no ten auditorías internas ata que non teñan a certificación.
6. En docencia contan como responsable cun xefe de estudios (facultativo axunto de cirurxía), participando en programas de pregrado e postgrado. Ten un total de 71 residentes.
7. Os residentes teñen entrevistas cos titores, guías/itinérarios formativos para cada especialidade e plans personalizados de formación para cada residente. Contan cun plan de xestión de calidade docente (PGCD), aprobado pola Comisión de Dirección e a Comisión de Docencia. Fan enquisas anuais de satisfacción dos residentes e enquisas de satisfacción dos titores. A Comisión de Docencia ten 5 actas no ano 2014, e no que vai de 2015 constan 5 actas desta comisión.
8. O Centro conta cunha unidade de investigación propia (apoio administrativo e técnico), e coa Fundación Profesor Novoa Santos, con sede na Coruña, e ámbito de actuación para a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e a Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol. A unidade de investigación do complexo hospitalario, ten como responsable a directora de Procesos de Soporte.
9. Ten documento de procedemento a seguir cos ensaios clínicos que se desenvolvan na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol. Os ensaios clínicos en marcha contan co informe do Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia, informe do Comité Ético de Investigación Clínica de Referencia, e autorización da Axencia Espanola do Medicamento, entre outros documentos.
10. Para a difusión da información do programas de formación, docencia, e información científico técnica, utilizan a intranet do centro, o correo electrónico e os taboleiros de anuncios do centro.

11. A biblioteca conta cunha responsable da mesma, que é especialista en documentación, e co apoio dun auxiliar administrativo. Ten unha sala e material de consulta, sendo o fondo bibliográfico fundamentalmente electrónico, a través da biblioteca virtual Bibliosaude.
12. Consideran que están ben dotados para o desenvolvemento das actividades de formación e docencia e para iso utilizan os salóns de actos, aulas de formación, aulas de simulación e a biblioteca. Para a actividade de investigación disponen dun despacho na planta baixa do Hospital Arquitecto Marcide, das aulas de simulación e das infraestruturas da Fundación Profesor Novoa Santos, con sede na Coruña.

CONCLUSIÓNS XERAIS DA ÁREA 6.-

Media de criterios.
SATISFACTORIO

RECOMENDACIÓN ÁREA – 6

1. *Seguir co proxecto de implantación do Sistema de Xestión de Calidade UNE EN ISO 9001 na área, o que, entre outra moitas melloras fará que ademais das auditorías externas, se fagan auditorías internas do desenvolvemento dos programas de formación, docencia e investigación, que agora non ten.*
2. *Valorar a posibilidade de fomentar a participación do persoal na contestación das enquestas de necesidades de formación continuada, xa que na última o porcentaxe de participación foi baixo (3,7%).*



Consellería de Sanidade e Servicios Sociais

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO
JUAN CANALEJO – MARÍTIMO DE OZA

Fecha : Novembro 2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: 1.- D. Ramón Varela Ares/ 2.- D. Segundo Jorge Méndez/ 3.- D. José Barreiro Bello/ 4.- D. Francisco J. Blanco García
Cargo: 1.- Responsable de formación de persoal/ 2.- Responsable docencia/ 3.- Responsable formación enfermería/ 4.- Responsable investigación.*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Estructuralmente non hai un plan escrito, baséase no programa aprobado anualmente pola Comisión de Dirección en función do proxecto elaborado polas distintas divisións a principios de ano. Inclúese tamén programa de formación continuada desarrollado en colaboración coa FEGAS. O responsable da formación do persoal é D. Ramón Varela Ares.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Non hai un plan específico. Ten establecido a formación MIR, baixo a dirección da Comisión de Docencia, de acordo co regulado na Orde do Ministerio de 22 de xuño de 1995. A Comisión de Docencia desarrolla tamén a formación de pregrado en coordinación coa Universidade. Dispónse dun convenio coa Universidade na rama de ciencias de saúde. O responsable de docencia é D. Segundo Jorge Méndez. No que respecta á formación continuada de enfermería o seu responsable é D. José María Barreiro Bello, adecuándose a súa programación ós obxectivos determinados pola Dirección Médica do centro.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O centro dispón dun plan estratéxico de investigación, onde se define de forma xenérica os seus obxectivos, a estrutura da unidade de

investigación, dotación de persoal, servicios centrais, acceso, etc. O seu responsable é D. Francisco J. Blanco García.

- 6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Fundamentalmente a División de Xestión e os servicios correspondentes informan da programación das actividades a primeiros de ano, unha vez, aprobadas pola Comisión de Dirección as actividades formativas para o persoal (mediante tablón de anuncios e correo electrónico). Os cursos de formación desenvolvidos en colaboración coa FEGAS comunicánsen no tablón de anuncios tras a súa publicación no DOG. A información relativa os residentes-MIR realizaase a través de tablón de anuncios dos distintos servicios, comunicación da secretaría de docencia, correo electrónico, publicacións periódicas sobre cursos, xornadas, etc.

- 6.1.3.- Disíndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Na memoria anual do Complexo Hospitalario se enumera a actividade científico-técnica de cada servicio. Publícase e/ou editase algunha desta información en revistas científicas, revista interna do centro, en soporte informático e/ou papel, a través da biblioteca do centro, etc.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Sí, a biblioteca do complexo permite e facilita a obtención de información e documentación biosanitaria, dentro dos fondos documentais que posue temos: libros das distintas especialidades, prensa oficial, subxcripcións abertas de revistas, OVID (permite acceso electrónico a libros e revistas electrónicas), subxcripción a bases de datos CD-ROM (Medline, ...), subxcripcións a bases de datos a través de internet (Cochrane Library ...), subxcripción a libros electrónicos (Harrison's on-line ...), videos, CD-ROMs interactivos. Realiza cursos de formación (Medline, internet, etc.), búsquedas bibliográficas, préstamo de libros. O horario de funcionamento é de 8 AM a 20:30 PM de luns a venres e os sábados de 9 AM a 14 PM.

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Sí, o Xefe de Servicio é D. Carlos González Guitián, e no caso de ausencia está previsto a súa substitución por persoal de xestión da biblioteca.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

En tanto a formación continuada non hai unha avaliación planificada das actividades realizadas, como norma xeral ó finalizar cada curso realiza-se unha avaliación da actividade de formación, os resultados non se publican e utilízanse como pauta de orientación para futuros cursos. Respecto á docencia limitáse ás avaliacións regulamentarias do alumnado, e encuestaxs avaliativas dos médicos de familia sobre os distintos servicios do centro. A actividade de investigación está sometida ás avaliacións da "Agencia Nacional de Ciencia y Tecnología", dependendo a renovación do presupuesto do grao de consecución dos obxectivos (este aspecto reflectese na memoria de actividade).

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO.....	REGULAR
---------------------------------------	---------

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

En xeral, a principios de ano as distintas divisións do complexo elaboran o presupuesto en función das actividades programadas polos seus servizos. Esta programación é valorada polo xefe de formación de persoal con estimación de custo, e finalmente a Comisión de Dirección aprobará total ou parcialmente o presupuestado cun código de prioridades.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A presupostación destas actividades ríxese por unha sistemática similar a reflectida no punto anterior. Indicar así mesmo que para estas actividades de formación continuada e docencia o complexo conta con aulas exclusivas para formación (1 en H. Juan Canalejo, 2 en H. Materno Infantil, 1 aula de informática no Hotel de pacientes), salón de actos (no Hotel de pacientes, H. Materno Infantil, H. de Oza, H. Abente y Lago). Significar que no apartado de formación en enfermería os recursos humanos son reducidos (unha persoa).

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

*Área de Formación Continuada
Docencia e Investigación*

CONCLUSIÓN ÁREA - 6

- ♦ A área estrictamente non ten establecido un plan propio actualizado que desenvolva de forma programada a formación continuada para os profesionais do centro, e para a formación docente. En formación continuada desarrollanse anualmente as actividades aprobadas pola Comisión de Dirección, así como as programadas en colaboración coa FEGAS. En formación docente séguense na formación MIR o establecido na Orde do Ministerio de 22 de xuño de 1995, e na formación continuada en enfermería os obxectivos aprobados pola Dirección do Centro.
- ♦ Dispone dun plan estratéxico de investigación, no que se definen os obxectivos, os recursos, as actuacións, etc. A información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais do centro difúndese en algúns casos a través das revistas científicas, revista interna do centro e/ou a través da biblioteca.
- ♦ O complexo dispón dunha biblioteca que posibilita a obtención de documentación e información biosanitaria, contando con libros das distintas especialidades, revistas nacionais e internacionais, acceso electrónico a revistas e libros electrónicos, subsrcpción a bases de datos, videos, etc.
- ♦ Respecto ás avaliacións periódicas na formación continuada non hai unha planificación reglada da mesma, únicamente realizanse avaliacións polo alumnado ó finalizar os cursos. En docencia limitase ás avaliacións regulamentarias do alumnado, de acordo coa normativa vixente. Por outro lado a actividade de investigación está sometida ás avaliacións da "Agencia Nacional de Ciencia y Tecnología".
- ♦ A área conta en líneas xerais con recursos humanos en materiais suficientes para o desenvolvemento dos seus obxectivos e liñas de actuación en formación continuada, docencia e investigación. Neste apartado pódese apuntar que dado o grado de desarrollo adquirido pola biblioteca o seu espacio vese actualmente limitado.

CHUAC 2008



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA

Fecha: 27 a 30 de outubro de 2008

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: D. Ramón Varela Ares
 Dona Berta García Fraguera
 D. Carlos González Gutiérrez
 Cargo: Responsable de Formación
 Responsable de Docencia de la División de Enfermería
 Xefe de Servizo da Biblioteca*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O Complexo dispón dunha Área de Formación dependente da Dirección de RRHH. O responsable da formación do persoal é D. Ramón Varela Ares.

Elaborase un plan anual de formación continuada en colaboración coa FEGAS. Cada ano solicítase aos servizos e/ou unidades información sobre os temas do seu interese. Esta información facilitásselle á FEGAS que, baseándose nesta, elabora un catálogo de cursos; o devandito catálogo envíase ás Divisións (Enfermaría, RRHH, Xestión...) e ás Subdireccións para a súa difusión. Unha vez recibido o catálogo da FEGAS, dáselle a oportunidade aos traballadores de proponer outros cursos do seu interese. As propostas son valoradas pola Comisión de Formación (formada por 4 sindicatos, o Director de RRHH, o responsable de formación da División de Enfermaría e o responsable da área de formación continuada, que actúa como secretario), a cal decide cáles son os cursos que se van impartir neste Complexo. A comisión de Formación é ademais, a encargada de baremar as solicitudes.

Así mesmo, organizanse cursos internos dirixidos únicamente para persoal propio, a demanda dos propios traballadores.

Contan cuns cuestionarios protocolizados de solicitude de necesidades formativas que están a disposición de todos os profesionais do Centro.

Non se constata a existencia dun plan de formación propio do Centro, que englobe todas as actividades formativas que se imparten neste.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A División de Formación de Enfermaría, que depende da Subdirección de Calidade de Enfermaría elabora un plan baseándose en obxectivos anuais marcados dirixido a todos os profesionais da División de Enfermaría e alumnos de Formación Profesional.

A formación pregrao para alumnos de Medicina impártese en coordinación coa Universidade mediante un convenio na rama de Ciencias da Saude.

La docencia postgrao MIR realizaase a través da Comisión de Docencia. Esta Comisión dispón de normas de organización e funcionamento, calendario de reunións (mínimo: 1 mes) e recentemente aprobou un Proxecto de Formación no que se desenvolven varios obxectivos.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Existe unha Unidade de Investigación á fronte da cal está un responsable, Francisco García Blanco, que coordina a devandita actividade no Complexo.
Existe un organismo, a Fundación C.H.U. A Coruña, que en colaboración co Complexo e o Instituto de Salud Carlos III, solicitan e desenvolven proxectos de investigación.

A División de Enfermaría está comenzando a realizar esta actividade e actualmente están a elaborar un estudo de satisfacción dos profesionais que traballan na área de urxencias

Os profesionais do Complexo Hospitalario participan e organizan tanto congresos nacionais como internacionais.

O Complexo Hospitalario conta cunha Comisión de Investigación, que entre outras cousas, ten como obxectivo para o ano, definir o Plan de Investigación para o Complexo Hospitalario

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

A devandita información realizaase a través dos taboleiros de anuncios e a través de intranet a todos os usuarios do correo electrónico do Complexo. Despois de baremado cada curso publicanse nos dous medios, a lista de admitidos.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Para a difusión da información científico-técnica utilizanse os taboleiros de anuncios

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca do Complexo está actualmente en pleno proceso de cambio. Acábase de inaugurar a biblioteca virtual única para toda d'Autónoma, "BiblioSaude, á cal se accede desde o intranet ou desde Internet externo coa clave de acceso, a través dun buscador, o "mergullador".
Ademais pódense solicitar artigos non incluídos na base de datos do Sergas, a través de a propia BiblioSaude e a biblioteca dos hospitais.
Actualmente ainda existe un protocolo en papel para solicitar revistas e artigos a través da biblioteca do Complexo.

A biblioteca en colaboración coa Comisión de Docencia, organiza cursos de formación para o persoal.

Existen dúas árees de biblioteca, unha situada no Hospital Juan Canalejo e outra no Materno-Infantil, ainda que as dúas dependen deste responsable.

O horario da biblioteca é:

Juan Canalejo: de luns a venres, de 8:00 a 20:30. Os sábados de 8:00 a 15:00

Materno-Infantil: de luns a venres, de 8:00 a 15:00

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Á fronte da biblioteca está un titulado, D. Carlos González Guitián, que conta co apoio de 5 persoas, un deles é persoal de xestión e os outros 4, administrativos.

Existen unhas normas de organización e funcionamiento da biblioteca que son antigas e están pendentes de renovación. Neste sentido tamén se está a constituir de novo, a Comisión de Biblioteca, que leva varios anos sin funcionar.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maiores resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

*Dos cursos que se organizan exclusivamente no Complexo realizanse enquistas aos participantes mediante cuestionarios elaborados polo propio Centro.
Os cursos realizados no Complexo a través da FEGAS, avalianse por la propia FEGAS e tamén polo Complexo.
Os resultados non se publican, únicamente se estudan e utilizan como orientación para futuros cursos.*

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO: Regular
--

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINHAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Para as actividades de formación continuada do persoal non sanitario, contan coa Área de Formación que depende directamente da Dirección de RRHH, que se coordina coa FEGAS.

As actividades formativas en relación coa investigación, organizanse en colaboración coa Fundación C.H.U. A Coruña, sobre todo cara os MIR

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A División de Enfermería conta cunha área específica de formación, que é encargada da formación continuada para este colectivo.

Ademais, o Complexo Hospitalario, dispón dunha Comisión de formación, que está formada polos responsables das áreas anteditas e os sindicatos máis representativos.

Como medios materiais contan con aulas destinadas á formación, dotadas de material docente axeitado para a devandita actividade.
A formación continuada dos profesionais médicos, en xeral, organízase dende os propios servizos.

O financiamento desta formación provén de diferentes fontes: presuposto do propio Complexo, FEGAS, industria,...

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Nestas actividades intervén a Dirección do Centro, pero tamén os Xefes dos servizos que participan no estudio ou proxecto e a Fundación C.H.U. A Coruña, a cal ademais colabora con persoal propio.

O Centro conta para as actividades de investigación con laboratorio de investigación, unidades de cirurxia experimental, unidade de epidemioloxía clínica e, cun estabulario.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Sí. O Complexo Hospitalario conta con 410 m², dos que 310 m corresponden á biblioteca do Hospital A Coruña e 90 m ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera, cun total de 52 postos de lectura, sala de videoteca, sala para reunións de grupos, sala de reprografía e área administrativa de despachos. O espazo, a iluminación, ventilación e temperatura son adecuadas.

A utilización física da biblioteca diminuíu nos últimos anos debido ao aumento dos recursos informáticos e o seu acceso dende calquera ordenador.

RRHH: xefe de servizo, un técnico de xestión, un administrativo e tres auxiliares administrativos

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Sí. A biblioteca dispón dun axeitado fondo bibliográfico actualizado. Posúe un total de 6.784 volumes de libros (edicións posteriores a 1990) das diferentes especialidades, subscríxions

abertas a revistas (373 en papel e 485 electrónicas), subscricións ás principais bases de datos a través de internet e en CD-ROM; subscricións a libros electrónicos.

Este fondo bibliográfico complétase coa recente inauguración da biblioteca virtual única para toda a Comunidade Autónoma, "Bibliosaudé".

Ademais, a biblioteca dispón de videos (208), CD-ROM interactivos (413) e DVD (32)

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO: Satisfactorio

CONCLUSIONES ÁREA - 6

- Non se constatou a existencia dun plan de formación propio do Centro.
Eláborase un plan anual de formación baseado nas actividades programadas pola FEGAS e as aprobadas pola Comisión de Formación, no que se relacionan os cursos ofertados, que se van impartir no Complexo. A Comisión de Docencia é o órgano responsable da formación docente do sistema MIR que se axusta á normativa vixente. A coordinación da formación continuada do persoal de enfermaría depende da Subdirección de Calidade da División de Enfermaría, que elabora o seu plan de formación baseándose nuns obxectivos anuais marcados.
- Contan coa Fundación C.H.U. A Coruña para colaborar co Complexo nas actividades de investigación. O Complexo Hospitalario conta cunha Comisión de Investigación, que entre outras cousas, ten como obxectivo para ó ano, definir o Plan de Investigación para ó Complexo Hospitalario
- O Complexo dispón dunha biblioteca que facilita directamente e posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria; para iso conta cun axeitado fondo bibliográfico. Dispone dunha amplia dotación de libros das diferentes especialidades, subscricións abertas a revistas nacionais e internacionais, en papel e electrónicas, subscricións abertas a bases de datos a través de Internet e en CD-ROM, subscricións a libros electrónicos, ademais de vídeos, DVD e CD-ROM interactivos. Recentemente ampliou a súa oferta a través dun novo servizo da Consellería de Sanidade, BiblioSaúde. Á fronte desta está un xefe de servizo.

Regular

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.-

RECOMENDACIONES ÁREA - 6

- *Entendendo que se trata dun Complexo Hospitalario grande e composto de varios centros sanitarios, o que fai difícil a elaboración dun plan formativo que englobe todas as actividades a realizar e para todos os colectivos de traballadoures con actuación no Centro, sería deseable por parte da Dirección, a creación dun área que coordine todas estas actividades, e a elaboración dun Plan de Formación Continuada, propio do Complexo, que recolla toda a actividade que se desenvolve neste sentido, así como a implantación dun sistema de avaliación das actividades formativas.*
- *Continuar mantendo e desenvolvendo a actividade da biblioteca, revisando e actualizando os recursos de que dispón.*
- *Definir o Plan de Investigación para ó Complexo Hospitalario ó longo deste ano*

CHUAC 2013



Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral Técnica

*Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de
Servizos Sanitarios*

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE A CORUÑA

Fecha: 7, 8 e 15 marzo 2013

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: D. José Manuel Vázquez Rodríguez.

Cargo: Coordinador de Docencia e Investigación, Desarrollo e Innovación.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercizo profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da sua realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O Complexo dispón dun novo cargo, denominado Coordinador de Docencia e Investigación, Desarrollo e Innovación, que depende directamente da xerencia.

Elabórase un plan anual de formación continuada en colaboración coa FEGAS para todas as categorías (sanitarias e non sanitarias), con participación moi activa dos servizos asistenciais. Ainda que pode decirse que non contan cun plan de formación específico para o centro, si existen plans como o Plan de Formación Científica do Instituto de Investigación Biomédica onde a Comisión de Docencia do CHUAC é o principal órgano docente, encargado da formación sanitaria especializada de novos profesionais clínicos.

Dispoñen dunha unidade ou oficina de delegación da Fegas, ubicada fisicamente no hospital de pacientes, edificio onde se encontra tamén a biblioteca, que se encarga de apoyo e execución do plan de formación para os profesionais do Complexo. Esta unidade, así mesmo, solicita aos servizos opinión verbal das necesidades formativas como opinión por escrito. Denomínase "oficina de apoio á actividade docente".

Para o caso de Enfermería existe unha unidade específica directamente dependente da Dirección de Procesos de Enfermería, que identifica as necesidades e as planifica e organiza.

Teñen implicación, pola especificidade das materias a impartir, tanto enfermería como os servizos clínicos, tanto á hora de detectar necesidades como á hora de organización da formación.

Cuenta en sus instalaciones con el Centro Tecnológico de Formación con áreas específicas de cirugía experimental (para conocimiento y práctica de técnicas específicas) y área de simulación robótica, simulación virtual. Se imparte la docencia por personal propio, para desarrollo de formación interna, pero también para cursos externos (cofinanciados por

sociedades científicas, asociaciones o casas comerciales, que desarrollan docencia incluso internacional)

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A formación de Residentes conta con cursos específicos que se organizan a través da Comisión de Docencia. Esta Comisión dispón de normas de organización e funcionamento, calendario de reunións (mínimo: 1/mes).

A través dos titulares se da a máxima difusión, así como a través de volantes informativos preimpresos.

A formación pregrado para alumnos de Medicina, Enfermería, Fisioterapia e Terapeuta Ocupacional, impártense en coordinación coa Universidade mediante un convenio na rama de Ciencias da Saude. Tamén se presta colaboración para traballos ou estudos en ramas non sanitarias como Inxeñería Informática.

Tamén se desenvolve docencia práctica en ramas de FP como son Anatomía Patológica, Técnico de Ratos e Laboratorio.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Non teñen un plan estructural de formación como tal; ainda que todos os anos elaboran a memoria docente.

Disponen dos seguintes recursos:

Existe un organismo, a Fundación C.H.U. A Coruña, que en colaboración co Complexo e o Instituto de Salud Carlos III, solicitan e desenvolvem proxectos de investigación, e por onde pasan todos os Ensaios Clínicos.

O Instituto de Investigación Biomédica (Universidade-CHUAC): Acreditado polo Instituto de Saude Carlos III para acadar financiación de proxectos de investigación.

Contan co "Itinerario de investigación da Fegas" disponible para todos os profesionais, que se intenta dar a máxima difusión. Contará nun futuro con tres niveis, e con avaliación de rendemento e de coñecementos aprendidos do alumno.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Toda esta información sobre la programación de actividades de formación se articula a través de la Comisión de Docencia, incluidas las sesiones clínicas. Se utilizan los tablones de anuncios una vez al mes, e tamén difusión por correo electrónico a toda la lista global del complejo/xerencia.

Polo momento non se fai a través da intranet, están traballando nelo.

Dispoñen dunha instrucción de trabalho de cómo realizar dita difusión.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Esta información pode ser: Información de resultados (de Xestión) como son becas, proxectos de investigación,... que se realiza a través da "Fundación Profesor Novoa Santos". Y aquella información científica que se encarga la Biblioteca.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Contase coa Biblioteca virtual única para toda a Rede do Sergas, "BiblioSaude" , á cal se accede dende a intranet ou dende Internet externo coa clave de acceso, a través dun buscador, o "mergullador". Ademais pódense solicitar artigos non incluidos na base de datos do Sergas, a través da propia BiblioSaude e a biblioteca do hospital.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Á fronte da biblioteca está un titulado, D. Carlos González Gutiérn, experto en documentación en que realiza también as análises bibliométricos.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maiores resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Dos cursos que se organizan exclusivamente no Complexo realizanse encuestas aos participantes mediante cuestionarios elaborados polo propio Centro, pero non de todos, das sesións clínicas non se realiza.

As dos residentes si e os cursos realizados no Complexo a través da FEGAS, avalianse por la propia FEGAS.

Os cursos que se imparten no centro Tecnológico de Formación observase tamén a satisfacción do alumno.

Os resultados non se publican, únicamente se estudan e se utilizan como orientación para futuros cursos.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO: CUMPRE SATISFACTORIAMENTE
--

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVIMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACION.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

A dirección de Enfermería conta con dúas enfermeiras e dos técnicos dedicados a necesidades e organización. A dirección médica conta co Coordinador de Formación, Presidente da Comisión de Docencia, os titulares e o Centro Tecnológico de Formación.

A unidade de apoyo á xerencia para a formación, que conta con dous administrativos.

Contan cun modelo concreto do Complexo de detección de necesidades formativas para os profesionais.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A División de Enfermería conta cunha área específica de formación, que é encargada da formación continuada para este colectivo. A formación continuada dos profesionais médicos, en xeral, organízase desde os propios servizos.

O financiamiento desta formación provén de diferentes fontes: presupuesto do propio Complexo, FEGAS, industria, sociedades científicas, asociacións....

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Contan cō coordinador de Investigación, co director Científico (Francisco Blanco García) e coa Comisión de Investigación do CHUAC.

Tamén pódese entender incorporado como recursos a Unidade de Epidemiología e Metodología, con tres expertos, un secretario e unha becaria.

Contan coa Fundación Profesor Novoa Santos, que ainda que ten autonomía de xestión, da servizo ao hospital e a área.

Por último a unidade CAIBER: Como unidade de apoyo á Investigación clínica para resolver problemas de xestión operativos (Consorcio de Apoyo a investigación Biomédica).

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Si. O Complexo Hospitalario conta con 410 m², dos que 310 m corresponden á biblioteca do Hospital A Coruña e 90 m ao Hospital Materno Infantil Teresa Herrera.

A utilización física da biblioteca diminuíu nos últimos anos debido ao aumento dos recursos informáticos e o seu acceso dende calquera ordenador, e a BiblioSaude.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Si. A biblioteca dispón dun axeitado fondo bibliográfico actualizado que se completa coa biblioteca virtual única para toda a Comunidade Autónoma, "BiblioSaude".

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO: CUMPRE SATISFACTORIAMENTE

CONCLUSIONS ÁREA - 6

- A Comisión de Docencia é o órgano responsable da formación docente do sistema MIR que se axusta á normativa vixente. A coordinación da formación continuada do persoal de enfermaría depende da Subdirección de Calidade da División de Enfermaría, que elabora o seu plan de formación baseándose nuns obxectivos anuais marcados. Non se constatou a existencia dun plan de formación propio do Centro. Elabórase un plan anual de formación baseado nas actividades programadas pola FEGAS e as necesidades detectadas pola Dirección de enfermaría, no que se relacionan os cursos ofertados, que se van impartir aos profesionais do Complexo e Xerencia.
- Conta cunha importante estrutura organizativa para a actividade docente, tanto para formación continuada, como para formación de residentes e alumnos: Coordinador Docente, Investigación, Desarrollo e Innovación, Instituto Tecnolóxico, Comisión de Docencia, e a Unidade de Apoyo á Xerencia para a formación.
- Para a actividade de investigación conta coa figura de Coordinador Docente e de Investigación, Desarrollo e Innovación, a Comisión de Investigación, a Fundación C.H.U. A Coruña para colaborar co Complexo nas actividades de investigación, así como a unidade CAIBER.
- O Complexo dispón dunha biblioteca que facilita directamente e posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria; para iso conta cun axeitado fondo bibliográfico. Conta na súa oferta a través do novo servizo da Consellería de Sanidade, Bibliosaúde e con dotación de recursos humanos suficiente.

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.-**SATISFACTORIO**

RECOMENDACIONS ÁREA - 6

- Definir o Plan de Investigación para ó Complexo Hospitalario.
- Difusión da Formación Continuada para os profesionais de forma planificada a través da intranet da Xerencia.
- Intentar Definir un Plan de Formación para o personal, específico como tal.

CHUAC 2016



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos
Sanitarios

**Auditoría de acreditación
de hospitais**

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO
A CORUÑA

Xuño 2016

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Auditor: Juan Carlos Filgueira Pena

Interlocutor: José Manuel Vázquez, coordinador Docencia, Investigación e Innovación EOXI A Coruña

CRITERIO 6.1:

O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- . De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- . Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- . De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O CHUAC non conta cun plan de formación continuada no que se establezan os obxectivos, así como as necesidades en formación. Elabórase todos os anos unha memoria docente.

O responsable do área de formación é o coordinador de Docencia, Investigación e Innovación que depende do xerente da EOXI da Coruña.

FORMACION CONTINUADA

A inclusión das necesidades faise a través do Comité de Formación Continuada.

As actividades de formación continuada clasifícanse en:

- Actividades dos servizos clínicos a través das sesións docentes e sesións clínicas.
- Actividades das comisións clínicas.
- Actividades no Centro de Formación Tecnolóxica, o cal dispón de recursos e tehnoloxía para o adestramento dos profesionais sanitarios a través de técnicas experimentais, de simulación virtual e simulación robótica.
Desenvólvense en coordinación cos diferentes servizos do CHUAC actividades formativas destinadas ao adestramento de habilidades cirúrxicas e actualización de coñecementos, programándose actividades microcirúrxica e cirurxia invasiva (laparoscopia en simuladores e cirurxia con modelo animal), así como sesións prácticas.
- Actividades en Atención Primaria.
- Cursos do Acis no área da Coruña. A Comisión de Formación Continuada detecta as necesidades de formación e elabora a proposta de selección dos cursos da Acis.
Para o análisis das necesidades formativas utilizanse: o resultado das enquisas, as entrevistas persoais, suesteóns e demandas feitas directamente polos profesionais a través das follas de avaliación doutros cursos, solicitude directa dos profesionais e propostas do equipo directivo.

No ámbito da enfermaría, un equipo dependente da Dirección de Procesos de Enfermaría identifica as necesidades docentes e planifica actividades dirixidas a corrixilas. Contan con dous titulados en enfermaría e dous técnicos.

DOCENCIA

Pregrao:

En relación ao pregrafo de profesións sanitarias o CHUAC participa ofrecendo os seus recursos e profesionais para a formación en Medicina, Enfermaría, Farmacia, Terapia Ocupacional, así como outros universitarios non sanitarios.

Na actualidade o CHUAC participa na docencia no grao de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela, concretándose a colaboración na formación práctica dos alumnos de 4º, 5º e 6º curso que realizan diversas actividades prácticas nos diferentes servizos do complexo hospitalario.

Efectúan tamén prácticas no CHUAC os estudantes de Formación Profesional da rama sanitaria: os técnicos de Anatomía Patolóxica, de Laboratorio e de Radioloxía.

La organización de actividades de formación de pregrafo, tanto práctica como teórica (seminarios) e unha tarefa do xefe de estudos, coa colaboración da Comisión de Docencia e a Comisión de Grao de Medicina do CHUAC.

O complexo hospitalario dispón dunha unidade de apoio a docencia, constituída por un equipo de profesionais que se ocupan da administración e xestión das actividades docentes. Esta unidade ten relación directa co coordinador de Docencia e o xefe de estudos.

Postgrafo

O CHUAC, os centros de saúde da súa área e os centros e institucións participadas por eles (INIBIC), colaboran coa Universidade da Coruña na formación de postgrafo, tanto en programas de doutorado como en estudios master.

Formación sanitaria especializada:

Conta coa acreditación docente do Ministerio de Sanidade para participar na formación sanitaria especializada.

O xefe de estudos preside a Comisión de Docencia que, cos titores de cada unidade docente, xestionan as actividades, supervisando a realización de programas docentes e articulando a súa avaliación.

No ano 2015 houbo un total de 299 residentes distribuídos da seguinte forma:
 Análises clínicas 1; Anatomía Patolóxica 5; Anestesiología e reanimación 15; Anxioloxía e ciruxía vascular 5; Bioquímica clínica 2; Cardioloxía 14; Ciruxía cardiovascular 3; Ciruxía ortopédica e traumatoloxía 8; Ciruxía toráctica 2; Ciruxía Xeral e Dixestiva 12; Ciruxía oral e maxilofacial 5; Ciruxía pediátrica 4; Ciruxía Plástica e Reparadora5; Ciruxía Torácica 2; Dermatoloxía 5; Endocrinoloxía e nutrición 4; Farmacia hospitalaria 5; Hematoloxía e hemoterapia 4; Medicina física e rehabilitación 6; Medicina Intensiva 11; Medicina Interna 14; Medicina familiar e comunitaria 61; Medicina Preventiva e Saúde Pública 3; Microbioloxía e parasitoloxía 3; Nefroloxía 6; Pneumoloxía 5; Neurociruxía 5; Neuroloxía 4; Obstetricia e Xinecoloxía 7; Oftalmoloxía 4; Oncoloxía medica 4; ORL 7; Pediatría 15; Psicoloxía clínica 4; Psiquiatría 8; Radiodiagnóstico 10; Reumatoloxía 2; Uroloxía 9.

INVESTIGACION

O CHUAC a través da Fundación Profesor Novoa Santos, constituída no ano 2013, promove a actividade de investigación. Encargase dita fundación da xestión, asesoramento, promoción e difusión dos resultados da investigación e innovación desenvolvida.

O Instituto de Investigación Biomédica (INIBIC) desenvolve as actividades de investigación. Está composto polos grupos de investigación do ámbito da EOXI e da Universidade da Coruña.

O INIBIC conta con 5 unidades de servizo complementarias para o apoio á investigación :

1.- Unidade de Investigación Clínica Ensaios Clínicos (UICEC) da Coruña: É un dos 30 nodos da Plataforma de Unidades de Investigación Clínica e Ensaios Clínicos do Instituto de Salud Carlos III que constitúe unha rede de apoio a investigación denominada SCReN (Spanish Clinical Research Network).

A UICEC conta con persoal propio e persoal adscrito pertencente a outras estruturas de apoio á investigación, como é a Fundación Profesor Novoa Santos, a Unidade de Epidemioloxía Clínica e Bioestatística ou o Servizo de Farmacia, cuxo obxectivo é traballar coordinadamente para facilitar a realización de proxectos de investigación clínica.

A UICEC está actualmente en proceso de acreditación polo Instituto de Salud Carlos III.

No ano 2015 fixérsonse a través da UICEC:

- 15 Proxectos de investigación competitivos nacionais.
- 2 Proxectos de investigación competitivos europeos.
- 78 Ensaios clínicos e estudos observacionais novos, convenios, contratos.
- 5 Redes temáticas de investigación cooperativa en saúde.
- 1 Proxecto de cooperación público-privado.

2.- O Biobanco A Coruña é un biobanco hospitalario que ten como finalidade principal xestionar, baixo criterios de calidade, seguridade, confidencialidade e trazabilidade, as mostras biolóxicas humanas e a información clínica asociada as mesmas, xeradas no ámbito da EOXI da Coruña, para ser derivadas á investigación biomédica.

3.- Unidade de Epidemioloxía Clínica e Bioestatística do CHUAC foi constituída o 7 de Novembro de 1997 para desenvolver unha labor de asesoría e consultoría interna en las ramas de bioestatística e epidemioloxía, ademais de realizar investigación propia.

4.- Plataformas:

- A Plataforma de Proteómica é un laboratorio que ofrece servizos de proteómica para o INIBIC, a Universidade da Coruña (UdC) e outras institucións, tanto públicas como privadas.

A Plataforma de Proteómica del INIBIC está asociada ao Instituto Nacional de Proteómica (ProteoRed) desde 2006.

- A Plataforma de Xenómica se enmarca dentro da Unidade de Investigación d o CHUAC e está emprazada fisicamente no Centro de Investigación Biomédica.

Iniciou a súa actividade o 1 de xaneiro do 2007 e desde entón foron numerosos os grupos de investigación do hospital que se viron beneficiados dos seus servizos.

Possibilita a realización de estudos xenómicos con garantías, o asesoramento aos usuarios e a colaboración na interpretación dos resultados obtidos.

- **Plataforma de Histomorfología.** Esta plataforma ofrece una amplia gama de servicios, tanto para muestras de tejido humano como animal, incluyendo procesado, inclusión en parafina e/o congelación, tinciones histológicas, así como tinciones inmunohistoquímicas para el diagnóstico e investigación.

5.- **Unidade de Cirurxía Experimental:**

El CTF-XXIAC (Centro Tecnológico de Formación da Xerencia de Gestión Integrada A Coruña) es un centro dedicado a ofrecer recursos y servicios para la formación, adiestramiento e investigación en entorno sanitario.

Sirve de apoyo a la I+D+i, dando soporte a todos los proyectos de investigación e innovación en área sanitaria.

O CTF-XXIAC está inscrito en el Libro de Centros Usuarios de Animales de Experimentación- Registro Xeral de Explotaciones Ganaderas con número 15002AE, polo que se encarga de la tramitación de las solicitudes de autorización de proyectos con animales de experimentación a Consellería de Medio Rural.

El centro integra dos unidades:

Centro Tecnológico de Formación (CTF): encargado de dar soporte a todas las actividades de formación realizadas desde el mismo, tanto internas como externas.

Unidade de Cirurxía Experimental (UCEX): dedicada a dar apoyo a todas las actividades realizadas en el marco de proyectos de investigación.

Dispone de un almacén que es centro de cría e mantenimiento de las diferentes especies que serán utilizadas en CTF para formación o investigación.

Existe una Comisión de Investigación que se reúne periódicamente. Fai de comisión de investigación do INIBIC e CHUAC. Está interrelacionada con la Universidad de A Coruña.

Estructurase en cinco grupos de trabajo: ensayos clínicos, evaluación, difusión, servicios centrales/plataformas, formación e transferencia.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Toda la programación de la actividad docente articúlase a través de la Comisión de Docencia e difundiéndose por correo electrónico e carteles anunciadores en los tableros de anuncios.

6.1.3.- Difundiéndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interés relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Existe una política activa de difusión interna de información científico-técnica.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Existen una biblioteca en CHUAC con amplio material bibliográfico en sus estanterías. Además, cuenta con acceso a la Biblioteca del Sistema Sanitario Público de Galicia.

A través de la Biblioteca donde el puesto de trabajo o el domicilio profesional tiene acceso a publicaciones periódicas, así como libros electrónicos y bases de datos médicos.

Dende a biblioteca pode solicitarse por BiblioSaude préstamos interbibliotecarios.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Existe un responsable da biblioteca que é experto en documentación e realiza tamén análises bibliométricos.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Os cursos impartidos no CHUAC deben estar acreditados pola Consellería de Sanidade

Realizanse encuestas de satisfacción.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Satisfactorio/excelente

CRITERIO 6.2:

A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

- 6.2.1.-** A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:
- . As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
 - . As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 - . As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Tanto a Unidade de Formación Continuada como a de Docencia, contan con estrutura física e recursos materiais e humanos suficientes para a súa actividade desenvolvida.

Están constituidas e operativas as Comisión de Formación Continuada, Comisión de Docencia e Comisión de Investigación

A Fundación Profesor Novoa Santos e o INIBIC xestionan os proxectos de investigación e están dotados de recursos humanos e materiais suficientes.

- 6.2.2.-** O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O CHUAC dispón de dúas bibliotecas (unha no Hospital A Coruña, duns 300 m², e outra no Hospital Teresa Herrera con 100 m² de superficie). Ambas están dotadas de recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades. Existen 7 postos de ordenador con acceso a internet.

A biblioteca do CHUAC conta cun bibliotecario e 2 administrativos.

Hai unha Comisión de Biblioteca que se reúne periodicamente.

- 6.2.3.-** A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca do CHUAC dispón dun importante fondo bibliográfico, que complementase co acceso ao portal BiblioSaúde, a través do cal o profesional ten acceso a máis de 300 publicacións periódicas, así como libros electrónicos e bases de datos médicos.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Satisfactorio/excelente

CONCLUSIÓN ÁREA 6

- O CHUAC presenta un amplio desenvolvemento de actividades de docencia, formación continua, investigación e innovación, en consonancia coa súa tipoloxía de hospital terciario clínico universitario.
- Hai un coordinador de Docencia, Investigación e Innovación; que depende do xerente da EOXI da Coruña.
- O CHUAC non conta cun plan de formación continua con obxectivos en base as necesidades de formación. Elabórase todos os anos una memoria docente.
- A inclusión das necesidades en formación faiuse a través do Comité de Formación Continuada.
- O CHUAC participa na formación de pregrao de profesións sanitarias, ofrecendo os seus recursos e profesionais para a docencia en Medicina, Enfermaría, Farmacia, Terapia ocupacional, así como outros universitarios non sanitarios.
- Na actualidade o CHUAC participa na docencia do grao de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela, colaborando na formación práctica dos alumnos de 4º, 5º e 6º curso que realizan as diversas actividades prácticas nos diferentes servizos do complexo hospitalario.
- O CHUAC a través da Fundación Profesor Novoa Santos promove as actividades de investigación. Dita fundación encárgase da xestión, asesoramento, promoción e difusión dos resultados da investigación e innovación desenvolvida.
- O Instituto de Investigación Biomédica (INIBIC) desenvolve as actividades de investigación. Está composto polos grupos de investigación correspondentes ao ámbito da EOXI e da Universidade da Coruña. O INIBIC conta con cinco unidades de servizo complementarias para o apoio á investigación.
- Existe un Comisión de Investigación do INIBIC e CHUAC, que estruturase en grupos de traballo.
- Non se realizan avaliaciós globais da programación de formación desenvolvida.
- O CHUAC dispón de biblioteca, cun bibliotecario á fronte da mesma. Conta cun importante fondo bibliográfico que compleméntase co acceso ao portal BiblioSaude.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA:

Satisfactorio/excelente

RECOMENDACIÓN ÁREA 6

- Continuar co amplio desenvolvemento de actividades de docencia, formación continua, investigación e innovación no CHUAC, en consonancia coa súa tipoloxía de hospital terciario clínico universitario.
- Ver a oportunidade de elaborar un plan de formación continua, no que se establezan os obxectivos a acadar en base as necesidades de formación, e realizar periodicamente avaliacián global do programa de formación.



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

Fecha: Novembro de 2.002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Dr.D.Ovidio Fernández Alvarez, Dña.Elena González, Iglesia, Dña.Belen Baltar Trazo, Dña.M'José Nuñez Boimorto, Dña.Pilar Gayoso
Cargo: Presidente Comisión Docencia; Supervisora area formación, docencia e investigación; Directora Recursos Humanos, Auxiliar Administrativo Biblioteca, Xefe da Unidade Apoyo a Investigación*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

A Dirección de Recursos Humanos centraliza a confección do Plan de Formación Continua, facendo a correspondente proposta á FEGAS (as actividades formativas ó marxe da FEGAS son moi puntuais). Tan só na área de enfermería existe unha responsable específica (Supervisora area formación, docencia e investigación) que actúa dunha forma mais planificada con obxectivos, análise da demanda de docencia, avaliación...; no resto de areas non pode obxectivarse unha actuación sistematizada.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O centro conta con formación MIR dirixida por unha Comisión de Docencia con funcionamento regular, no seu fronte un Presidente, que se responsabiliza do funcionamento dos programas formativos a este nivel. Así mesmo se imparte docencia pregado da licenciatura de medicina, coordina esta actividad, ainda sen nomeamento formal, o Presidente da Comisión de Docencia; mais formación profesional en distintas areas sanitaria, coordinado pola supervisión de enfermería.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O centro conta cunha Unidade de Apoyo a Investigación con recursos materiais e humanos (1 facultativo a tempo completo-responsable unidades- e

*Área de Formación Continuada
Docencia e Investigación*

3 a tempo parcial; 2 persoas de apoio a tempo completo e 2 a tempo parcial). Realiza actividades de asesoramento metodolóxico, rexistro de proxectos, xestión de ensaios clínicos, actividade docente, microcirurxía experimental.

- 6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

No de forma específica, agás a area de enfermería que edita un boletín incluíndo información neste sentido. Sen embargo a información sobre cursos se suministra regularmente a través da FEGAS na páxina web correspondente.

- 6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

No se constata de forma específica

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O centro conta con biblioteca con responsable e persoal administrativo de apoio no Hospital Cristal, Santa María Nai e Materno Infantil, con dotación adecuada, incluíndo os servicios habituais e posibilidade de acceso a bases de datos informáticas (tamén os servizios disponen de accesos con este fin)

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Se, ainda non foi posible a incluídosentrevista pola súa ausencia no momento da auditoria.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Tanto a supervisión de area formación, docencia e investigación en enfermería como a Unidade de Apoio a Investigación realizan avaliación de resultados. Pola súa conta o FEGAS avalia os cursos incluidos no programa de formación do centro.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO.....REGULAR

*Área de Formación Continuada
Docencia e Investigación*

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Tal como se di anteriormente, os recursos de formación continuada depende case exclusivamente da FEGAS

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Dependen da Comisión de Docencia e da actividade da Supervisión de Enfermería.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Existe unha Unidade de Apoio a Investigación con recursos materiais e humanos aceptables

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Se, o centro conta con biblioteca con responsable e persoal administrativo de apoio no Hospital Cristal, Santa María Nai e Materno Infantil

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Se, conta con dotación adecuada, incluíndo os servicios habituais e posibilidade de acceso a bases de datos informáticas (tamén os servicios disponen de accesos con este fin)

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO.....SATISFACTORIO

*Área de Formación Continuada
Docencia e Investigación*

CONCLUSIÓNS ÁREA - 6

- O centro desenvolve a súa actividad de formación continuada, fundamentalmente, a través do Plan de Formación Continuada da FEGAS, que aporta os recurso necesarios. Tamén desenvolve formación posgrado de MIR, contando coas estruturas precisas que, ase mesmo, se ocupan da formación pregrado en medicina. A enfermería se ocupa de supervisar formación profesional sanitaria que se imparte no centro.
- A nivel de investigación existe unha Unidade de Apoyo a Investigación que conta con recursos propios, planificación e avaliación da súa actividad que pode considerarse aceptable.
- O centro conta con biblioteca e recursos bibliográficos, nos distintos soportes, acordes as súas necesidades.

CONCLUSIÓN XERAIS ÁREA 6.-**SATISFACTORIO**

RECOMENDACIÓNS ÁREA – 6

- Valora-la posibilidade de crear un area específica dedicada a docencia (fundamentalmente formación continuada) que xestione os recursos postos a disposición do centro pola FEGAS, integre a actividade desenvolta no hospital, planificando a súa acción en consonancia coas necesidades de formación detectadas entre os profesionais.

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria

ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE

Fecha: outubro 2008

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a:
D. Ovidio Fernández Álvarez, coordinador comisión de docencia.
D. Luis E. Vicente Sánchez, coordinador de formación continuada.
D. Antonio Vázquez Pérez, subdirector de enfermería.
Dona María Jesús García García, facultativo da Unidad de Apoyo e Investigación.
Dona María do Carme Rodríguez Otero, responsable da biblioteca.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Hai designado un responsable de formación continuada, que leva a cabo programas de acciones formativas propias desde o centro e en colaboración co Fegas. (programas de AFCAP y PEF). A nivel facultativo a formación e moi parcelar, nos propios servizos organizan conferencias, simposios e sesións clínicas. Enfermería ten desenvolvido un Plan anual de formación moi potente.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Conta cun programa formación docente MIR con un coordinador de docencia, cursos formativos específicos a incorporación do MIR (Urxencias, R.C.P, Epidemioloxía, ética, Economía -sanitaria...). Cada servizo organiza as súas sesións clínicas. Está asinado un acordo marco entre a Consellería de Sanidade, Universidade de Vigo e o CHOU para prácticas pre profesionais, (economistas, dereito, bioloxía, informática, tradución...). Pre grado médico, alumnos de enfermería e F.P.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Conta cunha unidade de Apoyo e Investigación cun facultativo con dedicación a tempo completo e outro a tempo parcial. Non hai programas de investigación como tal, hai servizos que participan en proxectos multicentricos, Hai un animalario (faise algo de formación en cirurxía experimental , prácticas de microcirurxia, anastomoses vasos -nervios). Desde esta unidade préstase apoio a calquera colectivo que o demande, tanto de primaria como especializada, (elaboración de carteis, relatorios, presentacións en Power-Point, asesoramento metodolóxico, ensaios clínicos..).

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Existe un proceso de divulgación destas actividades, a través de: intranet, boletins anuais de actividades formativas, mensuais, carteis divulgativos. Hai un Plan Anual de actividades formativas moi potente en enfermería.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Periodicamente desde a biblioteca remitense por Intranet-Chou as últimas novedades científicas. Desde a Unidade de Apoyo e Investigación xestionanxe axudas a proxectos, ensaios clínicos..

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Ben directamente ou por correo electrónico, ben escaneando documentos para traslado os servizos que lles poida interesar Así como prestamos de libros para domicilio...Está aberta desde 8h. A 21h.... ten asignado 2 auxiliares e 1 celador

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Si, especialista en documentación

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Non existen avaliaciós de programas formativos, agás en enfermería

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVIMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

6.2.1. A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Agás na área de enfermería, o resto do persoal maioritariamente a formación e en colaboración co Fegas....Existe un plan que a partir de agosto 2008 vaise realizar formación para mандos intermedios e outros profesionais desenvolviéndo no propio CHOU.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias..

A Unidade Docente tutela a formación dos MIR

Unidade de Apoyo e Investigación con un facultativo a tempo completo de recente incorporación e outro a tempo parcial asesora a todo o que o demande nestes interinos especialmente os alumnos do DEA. e epidemiología. Na área de enfermería hai un responsable de Formación e Investigación do que dependen un Coordinador de Técnicos Especialistas e un Coordinador de Cuidados de Auxiliar de Enfermería

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Son llevadas a cabo pola Unidade de Investigación. Con 2 facultativos, un a tempo parcial, dispón tamén de un administrativo e un celador que se encarga das edicións dixitais.

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

*Hai dous locais habilitados, un situado no Hospital Santa María Maior e outro no Edificio do Hospital Cristal.
A biblioteca dispón de zona de traballo, sala de lectura , (situada na 2º planta); no primeiro andar, nun corredor, están situados os libros en armarios pechados..
No hospital de Toen está o arquivo da fundación Cabaleiro, e no hospital Piñor está o arquivo histórico.*

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Dispón de máis de 5000 volumes e tense acceso a máis de 600 revistas científicas

Área Económico -Administrativa e de Servizos Xerais

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: Regular

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- *O CHOU conta cunha unidade de formación continuada.*
- *O Plan de Formación continuada da Areade enfermería está moi desenvolvida.*
- *Ten constituida a Comisión docente cun responsable para Formación MIR.*
- *Conta cunha unidade de Investigación e Apoyo con recursos adecuados para desenvolver as actividades formativas.*
- *O grado de desenvolvemento formativo e dispar entre os diferentes colectivos.*
- *Dispón de biblioteca con acceso a todo o persoal entre as 8-21 h, recursos bibliográficos suficientes tanto en soporte papel como en soporte informático.*

CONCLUSIÓN XERAIS ÁREA 6: CUMPRE REGULARMENTE

RECOMENDACIÓN ÁREA 6

Sería aconsellable:

- *Implantar a formación nos distintos niveis e estamentos profesionais.*
- *Potenciar as comisión de docencia e a unidade de Apoyo e Investigación.*

-
- Intentar centralizar a Formación continuada, unificando e potenciando a formación en todos colectivos.
 - Impartir formación ao persoal facultativo en outros campos diferentes aos asistenciais: economía sanitaria, xestión de recursos, reclamacións patrimonial. absentismo laboral...
 - Establecer mecanismos de coordinación entre os tres alicerces nos que está baseada a Formación continuada: formación MIR, Investigación Científica e Apoyo e formación de enfermería.
 - Debe establecerse formalmente un plan formativo anual baseado nas necesidades dos distintos colectivo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Inspección,
Auditoría e Acreditación

ConSELLERÍA DE SANIDADE

*Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación
de Servizos Sanitarios*

**AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN
DE HOSPITALES**

**COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO
DE OURENSE - CHUO**

Abril 2013

I Auditoría CHUO - 2013

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: Ciro Andrés Cabezas Checchi, Subdirector de Calidad e Docencia.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
O Centro conta cun Plan de formación continuada anual (facilitáse plan de formación continuada do ano 2012). Este plan desenvólvese en base ás necesidades detectadas. Dispone de procedemento protocolizado para detección de necesidades, que aporta cada Xefe de Servizo e/ou Responsábel de Unidade (inclúe atención primaria e especializada). Outros aspectos que se teñen en conta na priorización de necesidades de formación son, a valoración da Dirección do Centro, así como os resultados de indicadores de calidade.

Esta formación programada específicamente polo Centro, complétase co programa de formación da FEGAS (o Centro tamén participa trasladando as necesidades de formación detectadas á FEGAS).

6.1.1.2.- Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
O Centro dispón dun plan estratéxico de docencia postgrado. No que respecta á docencia postgrado, FSE (Formación Sanitaria Especializada) o Centro conta con vinte Unidades Docentes acreditadas, mais unha de atención primaria e outra de matronas. Tense establecido dous premios para alumnos de FSE - Atención Primaria e outros dous para alumnos de FSE - Hospital.

Tamén se desenvolve actividade de formación de pregrado, fundamentalmente actividade práctica para alumnos de 4º, 5º e 6º de medicina, de DUE, de auxiliares de clínica, técnicos de raios, técnicos de laboratorio, técnicos de anatomía patolóxica, fisioterapeutas...

6.1.1.3.- De investigación por parte dos profesionales con actuación no centro.
Nesta área o Centro da soporte a toda a área sanitaria e desarrolla actividade de formación en metodoloxía básica e avanzada ao persoal. Anualmente desenvólvese unha xornada de investigación conjuntamente coa Universidade de Vigo. Rexístrase anualmente a actividade que se desenvolve.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.
Básicamente esta información facilitase a través da intranet do Centro. Así, dende calquera ordenador do Complexo, este medio de comunicación/información permite acceder ao catálogo anual de actividades formativas do Centro (constítase o referente ao ano 2012), á programación individual de cada curso, e tamén se pode realizar/tramitar a inscrición en cursos vía telemática.

6.1.3.- Difúndese íntemamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.
A información sobre estes aspectos relacionados coa actuación dos profesionais do Centro difúnduse tamén a través da intranet do Centro, e mediante correo electrónico da Subdirección de Calidade e Docencia.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.
O Centro conta cunha biblioteca situada na 2º planta do edificio do Hospital Materno Infantil. A biblioteca realiza cursos de búsqueda bibliográfica básica, facilita acceso a medicina basada na evidencia, conta co Portal Bibliosaúde, podéndose acceder dende calquera ordenador do Centro.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.
O Centro ten unha bibliotecaria, a tempo total, como Responsável da biblioteca. Conta tamén dentro do persoal con 2 auxiliares administrativas. O horario de funcionamento é de 8:00h a 21:00h de luns a venres (actualmente os venres é de 8:00h a 15:00h), en quenda de mañá conta con Responsável e un auxiliar administrativo, e en quenda de tarde unha auxiliar administrativa.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.
Realízanse as avaliaciós regulamentarias dos alumnos de postgrado e pregrado. Os procedementos de avaliação están protocolizados. No apartado da FSE tense establecido un procedemento no que o residente avalie ao tutor, ao Xefe de Estudos, á Unidade Docente, e así mesmo o tutor avalie ao residente.
Os cursos desarrollados pola FEGAS avalíanse de acordo o procedemento establecido pola FEGAS.

No que respecta aos cursos específicos desarrollados polo Centro, realízase unha avaliación por parte do alumno, con respecto ao curso e aos ponentes en base a unha serie de ítems predefinidos. Realízase unha memoria de cada curso, e unha Memoria Anual da actividade de formación continuada desenvolvida.
Anualmente realiza tamén unha Memoria Anual referente a actividade da Unidade de apoio á investigación.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

No que respecta ao programa de formación continuada do Complexo Hospitalario, os recursos (humanos e materiais) son aportados polo propio Centro.

O programa de formación dependente da FEGAS conta con recursos humanos e materiais da FEGAS, e tamén o Centro aporta recursos materiais segundo cada caso concreto.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Para estas actividades na práctica totalidade o Centro aporta os recursos humanos e materiais. Na planta 3º do edificio administrativo a área de docencia conta con catro despachos, e dentro da estrutura de persoal dispõe de dous facultativos especialistas a tempo total, díais persoas como persoal administrativo e un Xefe de Estudos. O equipo como norma realiza reunións con carácter semanal.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

O Centro tamén aporta recursos humanos e materiais. En concreto nesta sección dispónse dun facultativo especialista en Medicina Preventiva, un bioestadista e un administrativo.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O Centro conta cun área destinada a biblioteca, ubicada na planta 2º do edificio Materno Infantil, ademais conta con tres zonas de depósito de fondos bibliográficos (edificio Santa María Nai-sótano 2, Hospital Piñor, edificio Materno Infantil-arquivo en planta 1).

Dispón de zona de consulta con +/- sete postos de ordenador, zona administrativa e xestión, equipo de impresora e fotocopiadora, cursos de formación en aula informática.

Conta con acceso a través da intranet á Plataforma BiblioSaúde, servizo de solicitudes peticións de artigos, revistas, libros...(internas e externas),

búsquedas bibliográficas, servizo preguntas / consultas / queixas, formación de usuarios, difusión selectiva de información a través de correo electrónico...

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A área conta con depósitos de fondos bibliográficos, algunas revistas, artigos en formato papel, e fundamentalmente os servizos bibliográficos electrónicos a través da plataforma Bibliosaudé. Con disponibilidade para a súa utilización dunha serie de bases de datos: MedLine, Cochrane, IME, bases de datos de revistas a texto completo, e tamén posibilidade de consulta doutras bases de datos de libre acceso a través de internet.

Ademais: sala de lectura, préstamo de monografías, reproducción, acceso ó documento primario...

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: *SATISFACTORIO*

CONCLUSIÓN ÁREA – 6

- O Complexo conta cunha área organizada e/ou estruturada para o desenvolvemento adecuado das súas actividades de formación continuada, docencia e investigación.
- No Centro desenvólvense actividades de formación continuada, docencia e investigación, constante formalmente os Plans / programas anuais de formación, de docencia postgrado, e actividade anual de investigación.
- O Complexo facilita ao seu persoal información xeral sobre a programación de actividades de formación continuada, e sobre información científico-técnica que se considera de interese.
- O Centro conta cunha área de biblioteca con recursos adecuados para o desenvolvemento da súa actividade. Posibilita ao seu persoal a obtención de información e documentación biosanitaria. Disponibilidade para utilización de bases de datos (MedLine, Cochrane, IME ...).
- Avalianse actividades de formación continuada, docencia e de investigación que se desenvolven no Complexo Hospitalario.
- O Centro, aporta e recada recursos humanos e materiais para o adecuado desenvolvemento das súas actividades de docencia, formación continuada e investigación.

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-**SATISFACTORIO**

RECOMENDACIONES ÁREA – 6

- Manter a adecuada estrutura organizativa para o desarrollo e posta en práctica das actividades que en materia de formación continuada, docencia e investigación debe desenvolver o Centro, así como a difusión das mesmas.
- Constancia formal, no/s correspondente/s plan/s e/ou programa/s, de todas as actividades de formación continuada, docencia e investigación que o Complexo Hospitalario desenvolve.
- Seguir posibilitando e/ou potenciando (segundo o caso) os recursos da área de biblioteca do Centro, (fondos bibliográficos actualizados, acceso a base de datos, información e documentación biosanitaria...)
- Manter actualizados os procedementos de avaliación das actividades desenvolvidas no Centro, respecto a formación continuada, docencia e investigación.
- Manter, e potenciar na medida do posibel, a dedicación e recursos para o desarrollo das actividades de docencia, formación continuada e investigación do Centro.



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

Fecha: OCTUBRE 2017

6.-ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a :
Maria Herranz Urbasos, responsable da Unidade de Investigación e Innovación.
Esther Pérez Alvarez, responsable da Área de Formación Continuada.
Sandra Pardo Seoane, responsable da Unidade docente familiar e comunitaria .
Jesús García Mata responsable da Comisión de docencia hospitalaria.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

1.-A area de FORMACION CONTINUADA desenvolla as seguintes funcións:

- *Existe un plan de formación continuada para todo o persoal da EOXI*
- *Un plan de docencia pregrado para Enfermería , TCAES e Técnicos superiores*
- *Encargarse da xestión toxística e mantemento da aula de RCP*
- *Edición e impresión de pósters*
- *Colaboración con ACIS*

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

2.-A area de DOCENCIA abarca as seguintes actividades:

- *Docencia pregrado a cargo da area de formación continuada*
- *A cargo da UNIDADE DOCENTE DE ATENCIÓN FAMILIAR E COMUNITARIA:*

Docencia de MIR e EIR de familia

Organización dun programa docente formativo individualizado e rotacións
Calendario de quedas de facultativos

*Acreditación de titores e colaboradores docentes
Avaliación anual e final dos residentes(avaliación das rotacións, cursos, publicacións..)*

Xestión de permisos e vacacións.

- *A cargo da COMISION DE DOCENCIA HOSPITALARIA:*

Coordinación do funcionamento das distintas unidades docentes

Tutorizar a actividade de cada residente nas distintas unidades

Acreditación titores

*6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.
A unidade de Investigación e Innovación colabora coa Fundación Biomédica Galicia-Sur que ten un convenio co SERGAS e levan a parte técnica, de contratos e apoio metodológico.*

Existen distintos protocolos para estudios de investigación.

A responsable da unidade fomenta a investigación mediante reuniones periódicas cos xefes de servizo.

A área de innovación conta con axudas FEDER

Están pendentes dunha beca PRINCIPIA

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

A área de formación continuada comunicase vía e-mail cos servizos para saber as necesidades de formación e así establecer o plan formativo e o catálogo de actividades.

- *En INTRANET esta colgado o catálogo informativo*
- *A principio de ano enviase o catálogo de actividades vía e-mail a todo o persoal.*
- *Fanse carteis para difusión e e información das actividades formativas*
- *Para o persoal de enfermería en concreto existe unha unidade de rede "DENF" onde se atopa toda a información ao respecto*
- *A área de docencia informa aos residentes tamén a través dun blog da unidade (udmafycourense.wordpress.cpm), a través de Facebook e Twitter e da Intranet*

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A difusión realizaase basicamente a través de correo electrónico e de Intranet

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

- *A biblioteca conta coa plataforma BIBLIOSAUDE dirixida ao persoal SERGAS, de enfermería e aos estudiantes, utiliza fundamentalmente PUB-MED que é unha base de datos médico científica a nivel mundial.*
- *BIBLIOSAUDE ofrece os seguintes servicios:*
 - *servizo de obtención de documentos*

- *servizo de solicitude de buscas bibliográficas*
- *servizo virtual de referencia para proporcionar axuda sobre temas e aplicativos*
- *formación de usuarios*
- *consulta ao catálogo colectivo das bibliotecas do SERGAS*
- *A través do correo electrónico os usuarios poden solicitar artigos libros ou revistas que non están na base de datos e facilitártase a través de mail tamén.*
- *Esta operativo SOPHOS que é un programa de análise bibliométrico do Servizo Galego de Saúde*
- *En proxecto atopase un aplicativo : RUNA que é un repositorio institucional da Consellería de Sanidade no que se subiría toda a documentación de Sanidade e SERGAS: documentos audiovisuais, administrativos, clínicos, formación e docencia, información para pacientes, publicacións científicas e de organización*

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.
 • *A responsable da Biblioteca e Rosa María Pazo Martínez*

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.
 • *Realizase avaliacións periódicas de toda a actividade formativa de docencia e de investigación con reunións periódicas e rexistro de toda a actividade*

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: Satisfactoriamente

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para.
- 6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

1. *A UNIDADE DE INVESTIGACION E INNOVACION ubicase nas casetas administrativas e conta con dous despachos con ordenadores, compartindo espazo coa area de calidade ata fai un mes. En un prazo aproximado de dous meses estimase que se trasladaran ao novo edificio de hospitalización onde contaran cunha "sala do nodo de innovación", dous despachos e sala de reunións.*
2. *A AREA DE FORMACION CONTINUADA atopase nas casetas administrativas, dispón de 3 despachos e conta con unha administrativa un técnico superior e un técnico auxiliar e 3 días a semana un técnico de grado medio que sirve de apoio*
3. *A UNIDADE DE DOCENCIA atopase tamén nas casetas administrativas e dispón de dous despachos para os responsables, e un despacho compartido para os administrativos, o persoal consta de dous xefes de estudios e 3 administrativos.*

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

A biblioteca está suficientemente dotada . Dispón de dous administrativas en horario de maña e tarde de luns a venres, depende xerarquicamente da Xerencia.

O espazo físico atopase na planta 2º do Hospital Materno infantil e está dotada con:

- *un espazo con seis mesas , varias cadeiras e 7 PCs*
- *estanterías con libros e revistas (6970), algúns exemplares atópanse nun armario na 1º planta do materno infantil*
- *equipo de proxeción*
- *un despacho independente con dúas mesas e dous ordenadores para as administrativas*
- *fotocopiadora e scanner*
- *subscripciones en papel da Revista Española de Pediatría e "Respiratory Care"*
- *un aseo*

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Sí.

Conta con varios exemplares no espazo dedicado a biblioteca, pero sobre todo, a actividade da biblioteca está canalizada través da plataforma BIBLIOSAUDE

con posibilidade de acceder a calquera libro ou publicación existente nas bases de datos disponibles.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: Satisfactoriamente

CONCLUSIONS

O centro conta con un plan de actividades formativas, de docencia e de investigación avaliadas, promovidas e coordinadas polo centro.

Hai un responsable de cada area (4): da Unidade de Investigación e Innovacion, da Área de Formación Continuada, da Unidade docente familiar e comunitaria e da Comisión de docencia hospitalaria.

A area de FORMACION CONTINUADA desenvolla funcións de formación continuada para todo o persoal da EOXI, un plan de docencia pregrado para Enfermería , TCAES e Técnicos superiores, encargase da xestión loxistica e mantemento da aula de RCP, da edición e impresión de pósters e colabora con ACIS.

A area de DOCENCIA abarca a docencia pregrado a cargo da area de formación continuada. Doutra banda atopase a docencia de MIR e EIR de familia, a organización dun programa docente formativo individualizado, rotacións, calendario de quendas de facultativos, acreditación de titores e colaboradores docentes, avaliación anual e final dos residentes e a xestión de permisos e vacacións (a cargo da unidade docente de atención familiar e comunitaria). A cargo da comisión de docencia hospitalaria, atopase a coordinación do funcionamento das distintas unidades docentes, a tutorización da actividade de cada residente nas distintas unidades e a acreditación de titores

A area de Formación Continuada e a Unidade de Docencia atopanse nas casetas administrativas

A unidade de INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN colabora coa Fundación Biomédica Galicia-Sur que ten un convenio co SERGAS. Ubicase nas casetas administrativas e no momento da entrevista estiman que en un prazo aproximado de dous meses trasladaranse ao novo edificio de hospitalización onde contaran cunha “Sala Do Nodo De Innovación”, dous despachos e unha sala de reunións.

A area de formación continuada comunicase via e-mail cos servizos para saber as necesidades de formación e así establecer o plan formativo e o catalogo de actividades. En INTRANET esta colgado o catalogo informativo.

A principio de ano envíase o catalogo de actividades via e- mail a todo o persoal. Fanse carteis para difusión e información das actividades formativas. Para o persoal de enfermeira en concreto existe unha unidade de rede “DENF”onde se atopa toda a información ao respecto. A area de docencia informa aos residentes tamén a través dun blog da unidade (udmafycourense.wordpress.cpm), a través de Facebook, Twitter e da Intranet

A biblioteca conta coa plataforma BIBLIOSAUDE dirixida ao persoal SERGAS, de enfermería e aos estudantes, utiliza fundamentalmente PUB-MED que é unha base de datos medico científica a nivel mundial. A través de Biblioaudade pódense obter documentos e bibliografía. A través do correo electrónico os usuarios poden solicitar artigos, libros ou revistas que non están na base de datos e facilitariase a través de mail tamén. Hai unha persoa responsable. A biblioteca está suficientemente dotada. Dispón de dous administrativas en horario de maña e tarde de luns a venres. Depende xerarquicamente da Xerencia. O espazo físico atopase na planta 2º do Hospital Materno infantil .

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA AREA: SATISFACTORIAMENTE

RECOMENDACIÓNS

A area funciona correctamente, as actividades en xeral son apropiadas e están correctamente documentadas.

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL: COMPLEXO HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA

Fecha: Novembro 2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Dº. Julia Meneger la Torre, Dº. Cristina Durán Couceiro, D. Adolfo Balreira Vilar e D. Francisco Vázquez Vizoso
Cargo: supervisora de docencia e formación continuada de enfermería, auxiliar administrativo en biblioteca, xefe de estudios de formación médica especializada e coordinador da unidade de investigación, respectivamente.*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e pertencen vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O hospital ten establecidos plans anuais de formación continuada de persoal de enfermería que desenvolve de forma programada con responsables da súa execución.

No hospital impártense as accións formativas que lle corresponden no marco do plan anual de formación do SERGAS, segundo a programación da FEGAS, responsable da planificación, execución e avaliación do mesmo.

O programa de formación continuada de persoal de enfermería contempla as sesións de enfermería. O xefe de estudios de formación médica especializada programa a realización de sesións clínicas xerais (1/semanal) e anátomo-clínicas (1/trimestral).

O hospital ten constituída a subcomisión de formación continuada de enfermería. Consta por escrito os seus membros, mais no existen actas das reunións.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Está constituída a comisión de docencia de formación médica especializada que se encarga de organizar as accións formativas obligatorias do persoal médico en formación especializada, e en xeral da execución dos programas de formación médica especializada neste centro.

Neste complexo hospitalario prográmase e realiza actividade docente de alumnos de formación profesional básica e superior e de

Área de Formación Continuada, Docencia e Investigación

alumnos da diplomatura universitaria de enfermería e actividade docente de formación especializada de enfermería obstétrico-xinecológica.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Está constituída a unidade de investigación. Ata abril de 2002 a unidade realizaba actividade de consultas sobre metodoloxía de investigación, desenvolvendo na actualidade a actividade de reprografía de soporte da investigación realizada polos profesionais do centro.

No ano 2001 desenvolvéronse as I^{as} xornadas de investigación e adxudicáronse os premios anuais de investigación ós mellores traballos de publicacións, carteis e comunicacións elaborados polo persoal do complexo hospitalario.

No ano 2002 a dirección deu conformidade a 17 ensaios clínicos nos que participaron profesionais do centro.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

O complexo hospitalario elabora un díptico ca programación anual de formación continuada de persoal de enfermería. Trinta días antes do inicio de cada actividade formativa difúndese un cartel no que se informa do inicio do prazo de solicitudes.

Difúndense información sobre a programación da formación da FEGAS.

As accións formativas relacionadas ca formación médica especializada difúndense entre o persoal afectado.

As sesións clínicas e de enfermería anúncianse en folletos informativos.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Nas sesións clínicas e de enfermería difúndese información científico-técnica formativa. Asemade, no boletín trimestral de enfermería que elabora a área de docencia e formación continuada de enfermería, difúndese información científico-técnica formativa deste colectivo.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación busca.

As unidades disponen de libros que pertencen ó catálogo da biblioteca, e facilita a obtención de información e documentación biosanitaria a través de préstamos bibliotecarios e interbibliotecarios, busca bibliográfica, etc.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca conta cun bibliotecario responsable da organización e funcionamento da mesma.

A memoria da actividade da biblioteca do ano 2001 refire datos numéricos sobre préstamos, preguntas, solicitudes, revistas lidas, lectura en sala, desagregados por Hospital Montecelo e Hospital Provincial e por servicios médicos, destacando unha actividade maior da biblioteca do Hospital Montecelo.

Non existen normas escritas para utilización da biblioteca. Na memoria do centro figura unha comisión de biblioteca da que non se evidencian reunións recentes.

No momento da visita non se puido realizar entrevista ó responsable da biblioteca (ausente por enfermidade).

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A supervisora de docencia e formación continuada de enfermería avalia tódalas accións formativas e obtén indicadores relativos a taxa de asistencia, conformidade e satisfacción.

Na memoria anual do complexo hospitalario reflectese a actividade docente, e científica (comunicacións en congresos e outras reunión científicas, ponencias, participación como docentes en cursos, participación en proxectos de investigación, publicacións en revistas e outras actividades).

A avaliación da actividade docente pre e post-grado adecúase ós requirimentos esixidos ó centro polos órganos competentes en dita materia.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Está establecida a dotación de recursos para a supervisión da docencia e formación continuada de enfermería. Os restantes recursos humanos teñen unha dedicación parcial.

Dispón de aulas de formación.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e humanas.

Están establecidos os recursos humanos con dedicación parcial á docencia.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Dispón de recursos materiais (despacho e material informático e de reprografía) e de auxiliar administrativo a tempo completo.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O complexo hospitalario dispón dun espacio dedicado a biblioteca en cada un dos hospitais que o conforman, con dotación de postos de lectura, fotocopiadora, ordenador e impresora.

Na biblioteca do Hospital Provincial obsérvase a existencia de libros e material bibliográfico pendente de arquivo, e figura un rótulo de horario de funcionamento de 12h 30' a 15h e remisión á extensión telefónica do Hospital Montecelo. Na quenda de tarde é o encargado de quenda de persoal subalterno o depositario de chave e o referente para o acceso á biblioteca.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca conta cun catálogo de libros, revistas e vídeos. No ano 2001 actualizouse a subscrpción a revistas, e no rexistro figuran incorporacións recentes ó catálogo.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

Non existe un área que integre e desenvolva tódalas actividades de formación, docencia e investigación.

O complexo hospitalario ten establecido un plan de formación continuada para persoal de enfermería. Os restantes estamentos non contan cun plan de formación. Asimade, impártense as accións formativas que lle corresponden no marco plan anual de formación do SERGAS, segundo a programación da FEGAS (responsable da planificación, execución e avaliación do mesmo).

Está constituida a comisión de docencia médica especializada que desenvolve o programa docente específico de formación médica especializada. Non existe constancia documental en acta de tódalas reunións.

Está constituida a subcomisión de formación continuada de enfermería con competencias na elaboración de plan de formación continuada de enfermería. Non existen convocatorias e actas por escrito.

A actividade docente de alumnos de formación profesional básica e superior, diplomaturas e especialidades de enfermería, desenvólvense segundo os respectivos programas docentes.

Existe unidade de investigación, que na actualidade realiza actividades de reprografía de soporte para a investigación realizada polos profesionais do centro. No ano 2001 organizaron os premios anuais de investigación no marco das II xornadas de investigación. No ano 2002 a dirección deu conformidade a 17 ensaios clínicos nos que participan profesionais do complexo hospitalario.

Diffúndese información xeral sobre a programación de actividades de formación continuada de enfermería, da formación da FEGAS, e da programación de sesións clínicas e de enfermería. A área de docencia e formación continuada de enfermería elabora un boletín trimestral que inclúe información científico-técnica formativa.

Existe avaliación documentada de formación programada polo centro para persoal de enfermería

Na memoria do ano 2001 refíctese a actividade docente e científica, e non se inclúe a actividade de formación continuada.

O complexo dispón de aulas de formación e establece a cantidade e dedicación de recursos humanos e materiais. A unidade de investigación e a supervisión de docencia e formación continuada de enfermería dispón de persoal con dedicación completa (un auxiliar administrativo e unha supervisora respectivamente) e de despacho e soporte informático.

Existe un responsable da biblioteca e dous espacios dedicados a biblioteca, un en cada hospital que conforman o complexo hospitalario, con dotación de postos de lectura, fotocopiadoras, ordenador e impresora. A memoria de actividade do ano 2001 refire datos numéricos sobre préstamos, solicitudes, lectura en sala, revistas lidas, desagregado por hospitais e servicios médicos, constatándose unha actividade maior no Hospital Montecelo.

Non existen normas escritas sobre carteira de servicios e utilización de biblioteca, e no momento da visita non aportan documentación relativa a convocatorias e actas da comisión de biblioteca.

A biblioteca conta cun catálogo de libros, revistas e vídeos. Existe rexistro das actualizacións do catálogo. No momento da visita, na biblioteca do Hospital Provincial apréciese material na zona de lectura e no despacho.

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6: SATISFACTORIO

RECOMENDACIONES ÁREA 6

- Definición da estrutura orgánico-funcional de coordinación xeral das actividades de formación, docencia e investigación.
- Planificación anual da formación continuada para todo o persoal.
- Incluir-la execución do plan de formación continuada na memoria anual do complexo hospitalario.
- Incluir na difusión interna de información científico-técnica formativa, aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais facultativos, sanitarios e non sanitarios.
- Regular con normas escritas, a carteira de servicios e a organización e funcionamento da biblioteca nos dous hospitais que conforman o complexo.
- As comisións de formación e biblioteca deberán contar con convocatorias, actas e regulamentos escritos, adecuando a súa composición o exercicio profesional facultativo, sanitario e non sanitario vinculado e con actuación no centro.

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

**AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN
DE HOSPITALES**

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO DE PONTEVEDRA

Fecha: XUÑO 2008

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Carmen González Diaz e Fco. Javier Osorio Calles
Cargo: Responsable do FEGAS e da biblioteca respectivamente*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimientos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da sua realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
Da información que se puidha obter, recolléronse unha serie de recortes informativos que non nos permiten valorar un todo.
A través do FEGAS (existe unha persoa representante do mesmo no Hospital) realízase formación dedicada ó persoal sanitario facultativo. As propostas son realizadas en xeral polos xefes dos distintos servizos.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
Existe unha unidade de docencia constituída por: 1 representante de enfermería, 2 técnicos, representantes sindicais e 4 administrativos, que se encargan de organizacións de cursos para o persoal sanitario non facultativo e demás estamentos do CHOP.
Os convenios coa Universidade de Vigo e Santiago levan a realizar prácticas a alumnos cuia formación nada ten que ver cos da ciencia da saúde e outros cunha relación directa da mesma.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.
A investigación canalízase a través da Comisión de Investigación e Fundación creada a tal fin, segundo o decreto de fundación de interés galego. Compróbanse a existencia de investigación en distintos servizos.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Maniféstase a persoas que si se anuncian sobre todo dentro dos estamentos e servizos que si poideran afectarlle.

- 6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.
Realízanse a través da biblioteca. A información científico-técnica difúndese en cada servizo a través das sesións clínicas.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.
Sí. Aparte dos fondos documentais existen publicacións via Internet, que ten establecidas a biblioteca.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Nomeado pola Xerencia figura como responsable D. Fco. Javier Osorio Calles.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A tales efectos está establecida unha Comisión de Docencia..

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:SATISFACTORIAMENTE
--

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

Área de Formación Continuada, Docencia e Investigación

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
As tarefas de formación de persoal van ligadas ó cadre de profesionais dos distintos servizos, polo que se consideran suficientes en cada unha das áreas clínicas.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
A formación do persoal sanitario é a través do FEGAS. A persoa responsable do FEGAS manifestou que non recibían ningún fondo da Dirección Hospitalaria.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.
Os fondos son aportados mediante a Fundación, para aqueles proxectos que aproba a Comisión de investigación.
Hai que facer fincapé no feito, que os fondos da Fundación provénen das aportacións que fan os laboratorios privados o cal leva a unha investigación moi condicionada ós intereses dos laboratorios.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Sí posue espacio con recursos, en principio suficientes.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Sí actualiza a súa bibliografía e mantién subscrpcións con publicacións científicas, e non só en soporte papel, senón tamén vía Internet.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:REGULARMENTE

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

*Está definido no organigrama as unidades de Docencia, dependente da Dirección de RRHH e RRL e a unidade de Investigación, dependente do Staff de Xerencia.
A área de Formación Continuada está dotada de recursos materiais e humanos suficientes, coa participación das comisións de Docencia e Investigación, así como na actividade diaria dependente dos propios servizos, sen estar claramente definido o responsable directo das funcións docentes ou de formación continuada en cada área.*

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6:

Cumple satisfactoriamente

RECOMENDACIÓNS ÁREA 6

Sería convinte unha maior e mais clara definición de responsables de formación continuada.

Convén determinar e aclarar a provisión de fondos para as tarefas de investigación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios

**Auditoría de acreditación
de hospitais**

**COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO
DE PONTEVEDRA**

Xuño 2014

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Auditor: Juan Manuel González Lorenzo

CRITERIO 6.1:

O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

A aprobación do "Plan Docente do CHOP", elaborado pola Comisión de Docencia e trasladado polo xefe de estudos, consta en acta da Comisión de Dirección de 16-3-2011, presidida polo xerente.

Entre a documentación facilitada durante a realización desta auditoría atopáronse os seguintes documentos nos que se observan diversas incidencias.

"Plan General para la formación sanitaria especializada 2011"

Unha vez revisado o contido deste documento é de sinalar as seguintes incidencias:

- Falla correspondencia entre o índice do documento, e a numeración dos apartados subsecuentes.
- Mestúraranse os conceptos carreira de servizos (conxunto de técnicas, procedementos e tecnoloxías) e oferta asistencial (profesións e especialidades sanitarias).
- Normativa sen actualizar. O máis chamativo é a referencia á Lei 7/2003, de 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (LOSGA) derrogada desde o 24/09/2008.
- Os protocolos, en si mesmos considerados, non se encadran dentro do concepto lexislación, polo que normas legais e regulamentarias non deben mesturarse conceptualmente con guías, estándares e criterios de actuación.
- No decurso da visita de inspección constatouse a existencia do documento "Guía de acollida ao novo persoal" cando o documento menciona a "Guía del Residente del CHOP".
- A "Fundación de Investigación, Desarrollo e Innovación del CHOP (Fundación IDI CHOP)" dende o mes de xaneiro pasou a denominarse Fundación Biomédica Galicia Sur.

"Plan de Gestión de la Calidad Docente"

Revisado o contido deste documento tamén se observan incidencias:

- En tódolos regulamentos de aplicación a Dirección Xerencia non existe como órgano unipersonal, nin como órgano colexiado.

- O documento está datado o 17-3- 2013. No decurso da auditoría (xuño 2014) non se constatou a existencia ou proposta de modificación do devandito documento.
- No que atinxo a “cualquier otro Plan de Auditorías externas” non se menciona precisamente a causa desse informe como é o modelo de acreditación hospitalaria implantado na Comunidade Autónoma de Galicia desde o ano 2001 (D. 52/2001, do 22 de febreiro).
- En canto aos resultados da revisión cómpre salientar que o documento “Memoria 2013 – Docencia y formación continuada” fai referencia, exclusivamente, ás actividades propias de formación continuada.
- O soporte documental que se indica no documento non se acompaña co propio documento.
- Establecese como visión da UDM a forma na que se quiere conseguir a misión dentro da institución. Os elementos que debe conter a visión son: obxectivos a longo prazo; principais elementos de identidade corporativa e principais elementos da proposta de valor.
- O estándar de reunións da Comisión de Docencia non coincide co marcado no documento “Plan General para la formación sanitaria especializada 2011”
- O Plan está referenciado á área sanitaria de Talavera de la Reina (páxina 27).

É necesario darlle aos documentos “Plan General para la formación sanitaria especializada” e “Plan de Gestión de la Calidad Docente” unha revisión coa finalidade de adaptalos e/ou actualizalos aos cambios que acontezan ao respecto.

Formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Cómpre a implantación de modelos normalizados de formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O CHOP ten establecidos plans anuais de formación continuada de persoal sanitario e non sanitario que desenvolve de forma programada, con responsables da súa execución.

No CHOP impártese as accións formativas que lle corresponden no marco do plan anual de formación do Servizo Galego de Saúde, segundo a programación da FEGAS que é o responsable da planificación, execución e avaliación do mesmo.

Actividades docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias

O CHOP está acreditado para a docencia de formación especializada posgrauada (MIR, FIR, Enfermería Obstétrico Xinecolóxica, Enfermería Familiar e Comunitaria).

Existe unha Comisión de Docencia, presidida polo Dr. Cristóbal Galbán Rodríguez.

O documento “Plan General para la formación sanitaria especializada 2011” foi aprobado por dita Comisión, composta por 10 membros (11 con secretario, con voz pero sen voto) das distintas áreas asistenciais do CHOP así como do persoal discente.

Na páxina 67 daquel documento faise referencia á composición da Comisión de Docencia (15 membros, 16 con secretario) e indícase que a mesma axústase ás recomendacións recollidas na Orde do 22 de xuño de 1995, e á Orde SCO/581/2008 de 20 de xaneiro 2010.

Entre as funcións da Comisión de Docencia están:

- Tramitar as unidades docentes e supervisar, elaborar e coordinar os programas de docencia.

- Coordinar e controlar os cursos de formación común obligatoria posgrada.
- Estimular e organizar as distintas actividades docentes.
- Regular a carga docente dos distintos servicios
- Realizar funcións de arbitaxe entre os residentes, servizos e dirección.
- Efectuar a valoración continuada dos residentes a través dos comités de avaliacián correspondentes.

Non constan a totalidade das actas trimestrais da Comisión de Docencia (3 reunións no 2013).

Actividades de investigación por parte dos profesionais con actuación no centro

En materia de investigación vense de crear (a primeiros do ano 2014) a Fundación Biomédica Galicia Sur que engloba ás fundacións dos complexos hospitalarios de Pontevedra, Vigo e Ourense.

A reunificación de ditas fundacións está en relación coa liña estratéxica 5.1 do documento estratéxico SERGAS 2014, na que se identifica como elemento clave a simplificación da estrutura de fundacións para a investigación.

Segundo o documento "Plan de actuación 2013 – Fundación para la investigación, desarrollo e innovación del Complejo Hospitalario de Pontevedra" no ejercicio 2013 a "Fundación de Investigación, desarrollo e innovación del Complejo Hospitalario de Pontevedra" asinou 43 ensaios/estudos, estando actualmente activos 61 ensaios clínicos; 49 estudios observacionais e 25 no-epa.

É de sinalar a seguinte incidencia: A Fundación IDI CHOP conseguiu financiamento na convocatoria 2013 de concesión de subvencions da Acción Estratéxica en Saúde a proxectos de investigación en saúde, dentro do subprograma estatal de xeración de coñecemento no marco do plan estatal de investigación científica e de innovación 2013-2016, polo proxecto "Ensaios clínicos sobre efecto anxiolítico da hormona do crecemento (GH) en pacientes con isquemia crítica das extremidades inferiores (Código PI13/00790). Para este proxecto a Fundación IDI CHOP obtrivo a autorización inicial de financiamento por importe de 86.515 euros por parte do Ministerio de Economía e Competitividade.

Pero neste ensaio clínico non consta ditame favorable do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia.

Existe unha Unidade de Apoyo a Investigación que conta con recursos propios, planificación e avaliación da sua actividade, que pode considerarse aceptable.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As actividades de formación continuada que se realizan no centro son difundidas pola dirección do mesmo e pola comisión correspondente.

A través da plataforma Xanela oféntanse dúas veces por ano as actividades formativas propias.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Existe unha política activa de difusión interna da información científico-técnica.

Hai a posibilidade de acceso á información científico-técnica que os profesionais pretendan obter a través das publicacións periódicas ás que o centro está suscrito e os fondos bibliográficos da biblioteca, e por outra parte mediante o acceso e busca por internet.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca facilita aos usuarios o acceso á información do seu fondo documental e localiza e suministra a información bibliográfica non existente nela.

Así mesmo, colabora con outras bibliotecas e centros de documentación na reproducción de documentos.

Tamén canaliza o fluxo de información que recibe cara aos seus usuarios para mantelos informados da aparición de documentos que puideran ser do seu interese.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

O CHOP conta con dúas bibliotecas. Unha ubicada no Hospital Montecelo e outra no Hospital Provincial.

Á fronte da biblioteca do Hospital Montecelo hai un bibliotecario como responsable da organización e funcionamiento da mesma.

No Hospital Provincial o bibliotecario é un bolseiro.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maílos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Nos documentos "Plan General para la formación sanitaria especializada 2011" e "Plan de Gestión de la Calidad Docente", están establecidos modelos de avaliaciόn de actividades en canto á formación continuada e docencia.

Así, o "Plan General para la formación sanitaria especializada 2011" conta cos seguintes documentos:

- "Evaluación de la rotación",
- "Evaluación anual del residente",
- "Encuesta de satisfacción de cursos y actividades docentes",
- "Encuesta anual anónima de satisfacción del residente".

Pola súa banda, o "Plan de Gestión de la Calidad Docente" conta cos seguintes documentos:

- "Anexo 1.- Encuesta anual anónima de satisfacción del residente".
- "Anexo 2.- Evaluación de la rotación por el residente".
- "Anexo 3.- Encuesta de satisfacción de cursos y actividades docentes".
- "Anexo 4.- Encuesta de satisfacción anual del residente sobre su unidad docente".
- "Anexo 5.- Informe de rotación".
- "Anexo 6.- Hoja de evaluación anual del residente".
- "Anexo 7.- Informe anual del jefe de la Unidad docente/Jefes de Unidades".
- "Anexo 8.- Informe anual del tutor".

No documento "Docencia y formación continuada – Memoria 2013" recóllese as accións formativas do ano 2013:

1. Sesións e talleres.
2. Formación continuada do aplicativo Gacela.
3. Formación continuada interna.
4. Resultados das avaliacións: taxas de asistencia, avaliación, utilidade, satisfacción e conformidade.

Dos cursos organizados a maior taxa de asistencia corresponde aos seguintes:

- "El paciente psicogeriátrico en atención primaria".
- "Adiestramiento en urgencias y emergencias".
- "Iniciación a la bioética".

No curso "Prevención de la violencia laboral en el lugar de trabajo" a taxa de asistencia é de 104%, toda vez que as plazas ofertadas foron 25 e os asistentes 26.

Dos cursos organizados a mellor taxa de satisfacción corresponde a:

- "El paciente psicogeriátrico en atención primaria".
- "Donación y trasplante de órganos".

Dos cursos organizados a menor taxa de asistencia corresponde aos seguintes:

- "Actuación del celador en la prevención de las UPP".
- "Donación y trasplante de órganos".

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Regular

CRITERIO 6.2:

A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de formación continuada, docencia e investigación están sustentadas por persoal propio do CHOP.

Ditas actividades están centradas, con carácter xeral, en profesións e titulacións sanitarias, dado o volume de persoal sanitario presente no complexo hospitalario, ainda que as actividades de formación continuada dirixidas ao persoal non sanitario tamén están presentes.

Xa indicouse que existe unha Unidade de Apoyo a Investigación que conta con recursos propios, planificación e avaliación da súa actividade.

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O CHOP dispón dun espazo dedicado a biblioteca en cada un dos hospitais que o conforman, con dotación de postos de lectura, fotocopiadora, ordenador e impresora.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca conta cun catálogo de libros, revistas e vídeos.

Tamén dispón do recurso informático Bibliochope a través do que se pode consultar como recurso compartido en rede dentro do domínio do complexo hospitalario. Este recurso informático, entre outras posibilidades, facilita ao usuario un catálogo de revistas e fondos da biblioteca, acceso a Medline a través de PubMed e Grateful e dispón de catálogo de monografías en opac, xestionados a través da base de datos Glas.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Regular/satisfactorio

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- O “Plan General para la formación sanitaria especializada 2011” e o “Plan de Gestión de la Calidad Docente” establecen o modelo de avaliación de actividades no CHOP en canto á formación continuada e docencia.
Os devanditos documentos comparten estrutura e aspectos comúns, pero parecen estar pensados para dar cobertura a realidades distintas, cando ámbolos dous están moi unidos.
- É necesario darlle aos documentos “Plan General para la formación sanitaria especializada” e “Plan de Gestión de la Calidad Docente” unha revisión coa finalidade de adaptalos e/ou actualizalos aos cambios que acontezan ao respecto.
- O CHOP está acreditado para a docencia de formación especializada posgrauada (MIR, FIR, Enfermería Obstétrico-xinecolóxica e Enfermería Familiar e Comunitaria).
- A Comisión de Docencia en canto a composición e funcionamento deberase adecuaralguns aspectos á normativa vixente de aplicación.
- Existe unha Unidade de Apoyo a Investigación que conta con recursos propios, planificación e avaliación da súa actividade que pode considerarse aceptable.
- Constatouse a existencia dun proxecto de investigación no que hai autorización inicial de financiamento, pero sen que conste o ditame do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia (actualmente Comité Autonómico de Ética de la Investigación).
- O CHOP conta con biblioteca e recursos bibliográficos, nos distintos soportes.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA:

Regular

RECOMENDACIÓNÁREA 6

- É necesario realizar unha revisión dos documentos “Plan General para la formación sanitaria especializada” e “Plan de Gestión de la Calidad Docente” coa finalidade de adaptalos e/ou actualizalos aos cambios organizativos e funcionais que acontezan, tanto da área como da propia institución na que está incardinada.
- A Comisión de Docencia en canto a composición e funcionamiento debe adecuarsealguns aspectos á normativa vixente de aplicación.
- Todos os ensaio clínico a desenvolver deben contar co ditame favorable respectivo do comité de ética de la investigación que corresponda, de forma previa á súa realización.



Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

Data: Novembro 2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: D. José Ramón Fernández Lorenzo
Cargo: : Presidente da Comisión de Docencia*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- 6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago desenvolve, pola súa tipoloxía, actividades de formación continuada, actividades docentes e actividades de investigación, de forma programada e con responsables da súa realización, dentro dun plan periódicamente actualizado.

Existe unha Comisión de Docencia, presidida polo entrevistado, á que pertencen 14 vocais, en representación, fundamentalmente, das distintas áreas asistenciais do Complexo, da Xunta de Pessoal e dos Médicos Internos Residentes.

No momento da visita están acreditados para a docencia especializada (programa MIR) 39 servicios do Complexo, e no ano 2002-2003 están a completar unha especialidade 204 residentes.

En materia de investigación existe, dunha banda, unha Comisión de Investigación presidida pola Directora Operativa do Complexo e, doutra banda, vense de crear a Fundación IDICHUS, froito da estreita relación entre o Servicio Galego de Saúde e a Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.

Dispón de seis laboratorios de investigación. No ano anterior á visita de auditoría desenvolvén 6 proxectos FISS, obtivo 9 Bolsas XUGA e ten aprobados e en marcha 65 ensaios clínicos. Pessoal do CHUS publicou 1.034 artigos e participou en 15 estudos multicéntricos.

E en materia de Formación Continuada conta cun programa para o ano 2002, no que están definidos os estratexias, os obxectivos xerais e específicos, a metodoloxía, os resultados e as conclusiones.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As actividades de formación continuada que se realizan no centro son difundidas pola dirección do centro e pola Comisión correspondente. Esta tarefa faiuse do xeito que en cada caso se pensa que pode ser mais eficaz para a maior difusión entre os posibles interesados, pero sen que exista un procedemento regrado nin un responsable de facelo.

6.1.3.- Difundese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Existe unha política activa de difusión interna da información científico-técnica, e existe a posibilidade de acceso a aquela información que os profesionais pretendan obter, por unha parte a través das publicacións periódicas ás que o centro está suscrito e os fondos bibliográficos da biblioteca, e por outra parte mediante o acceso a internet.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca facilita ós usuarios o acceso á información do seu fondo documental e localiza e suministra a información bibliográfica non existente nela, colabora con outras bibliotecas e centros de documentación na reproducción de documentos e canaliza o fluxo de información que recibe cara ós seus usuarios para mantelos informados da aparición de documentos que puideran ser do seu interese.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca ten dous responsables no Hospital Clínico Universitario e un no Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

As Comisións facen un seguimento da súa actividade ó longo do ano tratando de proceder á evaluación da mesma, e dos seus resultados

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACION.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:
- 6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
 - 6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 - 6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A dirección do CHUS vén mantendo unha política de apoio e potenciación das actividades tanto no ámbito da formación continuada dos profesionais, como da docencia e da investigación, todo elo dentro das súas posibilidades.

A dirección impulsou a renovación das Comisións, co obxecto de dotalas de maior contido e dinamismo, e facilitou os medios dos que se dispón na actualidade en materia de formación continuada.

- 6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O CHUS conta na planta 5 do edificio "A" do Hospital Clínico Universitario (HCU) con 420 m² adicados á biblioteca, con 40 postos de lectura e 8 postos de consulta informática, que funciona en horario de 8'00 a 21'00 horas. Tamén dispón dunha biblioteca na planta 1 do Hospital Médico-cirúrxico de Conxo.

- 6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca do HCU dispón dun fondo documental, en canto a publicacións monográficas, de 108 volumes propiedade da Facultade de Medicina e 500 volumes propios, e en canto a publicacións periódicas dispón de 175 títulos propiedade da Facultade de Medicina e 179 propios.

Tamén dispón dunha páxina web propia que se pode consultar como recurso compartido en rede dentro do dominio do HCU, na que, entre outras posibilidades, o usuario dispón do catálogo de revistas e fondos da biblioteca, acceso a Medline a través de PubMed e Grateful e dispón de catálogo de monografías en opac, xestionados a través da base de datos Glas

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO	SATISFACTORIO
----------------------------------	---------------

CONCLUSIÓN ÁREA - 6

<i>Media de criterios SATISFACTORIO</i>

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago desenvolve actividades de Formación Continuada, de Docencia e de Investigación cunha organización adecuada ás súas características.

O hospital conta con recursos humanos e materiais suficientes para o desenvolvemento dos seus obxectivos e liñas de actuación en Formación Continuada, Docencia e Investigación.

*Área de Formación Continuada
Docencia e Investigación*

RECOMENDACIÓN ÁREA - 6

- Sería deseable que os programas de Formación Continuada, Docencia e Investigación contemplasen desde a súa concepción e aprobación, con indicadores e procedimentos de avaliação periódica, que permitan realizar o seu seguimento e implantar, en caso necesario, as melloras que resulten oportunas.
- Tamén sería deseable potenciar la maior participación posible nestas actividades de todo o persoal, con independencia do estamento ó que pertenza, puidendo ser unha ferramenta útil para elo un Plan de Comunicación Interna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que podería implicar a outras áreas como a de Calidade.



Consellería de Sanidade

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: Abril 2010

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: D. José Ramón Fernández Lorenzo, Coordinador docente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e a D. Arturo González Quintela, Presidente da Comisión de Investigación de Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) e IDIS, Responsable de área.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
O Centro conta con diferentes programas de formación continuada para os seus profesionais. Programa de formación dependente da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS, programación de formación por parte dos Servizos/Unidades do Centro, programación de formación ligada coa Universidade de Santiago de Compostela-USC, actividade favorecida pola vinculación de profesionais entre o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a USC.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O Centro desarrolla así mesmo a formación correspondiente ás titulacións do sistema de formación sanitaria especializada, dependente do Ministerio de Sanidad y Política Social; con desenvolvemento dos correspondentes programas formativos.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Dispónese dun plan de formación de investigación para profesionais do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, así como un plan de formación en investigación específico para o persoal MIR.

Esta área de investigación enmárcase dentro do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago-IDIS, no que participa o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, acreditado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (acreditación con carácter bianual).

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

A información sobre as actividades de formación realizaase a través de correo electrónico fundamentalmente, tamén se utiliza o correo ordinario aos Servizos, carteleras.

También se utiliza para informar a revista do Centro, o boletín do IDIS, paxina web do IDIS, e memoria anual do IDIS.

6.1.3.- Difúndense internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

En xeral facilitase información destas actividades a través da revista do hospital.

O IDICHUS informa sobre resultados de investigación, proxectos, traballos, etc. mediante correo electrónico do centro.

O IDIS informa sobre estas cuestións a través do seu Boletín (con carácter bimestral), paxina web, e memoria anual.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O Centro conta cunha biblioteca con capacidade e posibilidades de obter información biosanitaria.

Ademais de fondo bibliográfico en soporte papel, conta cun fondo bibliográfico electrónico, acceso a internet, acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saúde (Bibliosaúde) na que están incorporados os Centros do Servizo Galego de Saúde, cun destacado fondo en bases de datos, revistas e libros electrónicos.

O acceso electrónico é a través de clave de usuario dende calquera posto informático do hospital (incluído a biblioteca), e/ou o propio domicilio do usuario.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca ten unha bibliotecaria responsable da mesma. A dotación de persoal para o seu funcionamento é de diárias persoas, unha en horario de mañá e outra en horario de tarde.

O funcionamento da biblioteca é de luns a venres, en horario de 8:00 horas a 21:30 horas.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maílos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

En xeral ao final de cada curso realizaase unha enquisa protocolizada aos alumnos, e avaliaase cada curso de forma individual. Avaliase o porcentaxe de

asistencia, enquisa de satisfacción, con realización dun informe final, remitindo os resultados obtidos á Comisión de Docencia.

Realízanse no caso da formación sanitaria especializada as avaliacións normativamente establecidas (avaliación de rotacións, avaliación anual, avaliación final).

No caso de traballos de investigación realizanse os correspondentes informes avaliativos, e memoria anual.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

No seu conxunto para estas actividades apórtanse recursos por parte do CHUS, FEGAS, USC, e outras entidades de diferente natureza.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Fundamentalmente estas actividades realizanse con recursos do Centro.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Na área de investigación (IDIS) os recursos poden ser de orixe público: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Instituto Carlos III, Comunidade Autónoma, Ministerio de Ciencia y Tecnología, ou de orixe privado, donacións, fundacións.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O Centro conta cunha biblioteca dotada dos seguintes recursos: 50 postos de lectura, 8 ordenadores para consulta con posibilidade de acceso a internet, biblioteca virtual Bibliosaúde, 2 impresoras, 1 fotocopiadora, 2 videos, 1 scanner, e zona de arquivo.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O Centro dispón dun fondo bibliográfico electrónico destacado, a través da biblioteca virtual Bibliosaúde, que inclue entre outros unha serie de servizos: buscador de recursos electrónicos, buscas bibliográficas, localización e obtención de documentos, solicitude de artigos, publicacións da organización, formación de usuarios, recursos de información (bases de datos, libros, revistas electrónicas, banco de imaxes e videos, guías de práctica clínica/protocolos, etc.). Con posibilidade de acceso, como se indica anteriormente, dende a biblioteca, dende calquera punto do hospital, e dende o domicilio do usuario a través da súa clave persoal.

Tamén dispón dunha dotación en soporte papel de libros e revistas periódicas.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DO CRITERIO: **SATISFACTORIO**

CONCLUSIÓNS ÁREA - 6

- *O Complexo Hospitalario, dacordo coas súas características, conta cunha estrutura organizada para o desenvolvemento das súas actividades de formación continuada, de docencia e de investigación.*
- *O Centro con respecto a estas actividades de docencia, formación e investigación, realiza actividades coa finalidade de avaliación das diferentes actuacións desarrolladas.*
- *O hospital conta cun espacio destinado a biblioteca propiamente dito, así como con recursos adecuados para desenvolver as súas actividades.*
- *O Centro, aporta e recada recursos humanos e materiais para o adecuado desenvolvemento das súas actividades de docencia, formación continuada e investigación.*

CONCLUSIÓN XERAL ÁREA 6.-**SATISFACTORIO**

RECOMENDACIÓN ÁREA – 6

- *Manter a adecuada estrutura organizativa para o desarrollo e posta en práctica das actividades que en materia de formación continuada, docencia e investigación leva a cabo o Complexo Hospitalario, así como a difusión das mesmas.*
- *Seguir potenciando a área de biblioteca do Centro, as súas actividades, e as súas posibilidades de obtención de información.*
- *Mantenimento e actualización dos procedementos de avaliação das actividades desenvolvidas no Centro, respecto a formación continuada, docencia e investigación.*
- *Seguir potenciando/incentivando a dedicación e recursos para o desarrollo das actividades de docencia, formación continuada e investigación do Centro.*

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria: CHUS



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de
Servizos Sanitarios

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

**HOSPITAL: COMPLEXO HOSPITALARIO
UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

DATA: NOVEMBRO -2013

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: D. Jose Castillo Sánchez. Xefe de Servizo de Neuroloxia e Coordinador de I+D da Xerencia de Xestión da Área Integrada. Dna Teresa Cabana Insua. Responsable da Biblioteca. D. Miguel García González, FEA Nefroloxía

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O Complexo Hospitalario, conta cunha estrutura organizada para o desenvolvemento das súas actividades de formación continuada, de docencia e investigación.

Polo que respecta, á formación continuada conta con diferentes programas entre os que destaca aquelas actividades de formación dependentes da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS programadas polos diferentes servizos e Unidades do Complexo, e todas aquellas ligadas á Universidade de Santiago de Compostela-USC, actividades favorecidas pola vinculación de profesionais entre o Complexo Hospitalario e a propia USC.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

En materia de docencia desenvolve a formación sanitaria correspondente ao sistema de formación sanitaria especializada, dependente do Ministerio de Sanidade e Política Social, con desenvolvemento dos programas formativos das distintas especialidades acreditadas.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

En materia de investigación conta cun plan de formación de investigación para profesionais do complexo hospitalario de Santiago, así como, dun plan de formación de investigación específico para os profesionais residentes. Consta que no ano 2012 se xestionaron 47 tesis doctorais de residentes.

A área de investigación enmárcase dentro do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago-IDIS, emprazado no andar -2 cunha superficie de 3.500 m² (Aproximadamente 2000 mtrs en laboratorios de investigación e o resto do Instituto Genómica), no que participa a Universidade de Santiago de Compostela e o propio Complexo Hospitalario Universitario, estando acreditado polo Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía e Competitividad.

- 6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Toda a información sobre as actividades de formación que se realizan no Complexo son difundidas a través da rede interna intranet e enderezo electrónico aos servizos e nos tablóns de anuncios existentes nas distintas áreas dos centros. Tamén se utiliza para informar a revista da área de xestión integrada e os recursos do propio IDIS.

- 6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A información científica-técnica facilitase a través da revista da Área de Xestión Integrada. Existe a posibilidade de acceso a aquela información que os profesionais pretendan obter, a través das publicacións e fondos bibliográficos que dispón o centro na Biblioteca ea biblioteca virtual bibliosaíde.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O Complexo conta cunha biblioteca con capacidade e posibilidades de obter información biosanitaria. Conta con fondos bibliográficos en soporte papel e outro electrónico, acceso a internet nos vinte equipos informáticos que disponen e acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saúde(Bibliosaíde), cun fondo notable, revistas e libros electrónicos. O acceso electrónico é a través de clave de usuario dende calquera posta informática do hospital e o propio domicilio do usuario.

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca conta cunha profesional bibliotecaria responsable da mesma. O cadre de persoal complétase cunha persoa, auxiliar administrativo, que cubre a xornada de tarde. O horario de funcionamento é continuado de 8:00H a 21:00H. de luns a venres.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e máis los resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Unha vez finalizadas as actividades de formación desenvolvidas, realizase unha enquisa protocolizada aos alumnos e avaliase o nivel de asistencia e satisfacción con realización dun informe final que se remite a Comisión de docencia.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Para as actividades de formación continuada conta cos recursos da propia área de xestión integrada de Santiago, FEGAS e a Universidade de Santiago de Compostela.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

As actividades de docencia realizase cos recursos propios do Complexo coa participación da Fundación Ramón Domínguez

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A área de investigación, coordinada polo Instituto de Investigación de Santiago (IDIS) conta con recursos estruturais suficientes na que intervienen o Complexo hospitalario de Santiago, Instituto Carlos III, Xunta de Galicia, Ministerio de Educación e colaboracións de orixe privado e fundacións.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O complexo conta cunha soa biblioteca para todos os centros hospitalarios emprazada no Hospital Clínico Universitario, dotada de 50 postos de lectura e 9 ordenadores, con acceso a internet, un deles para traballos de xestión da propia unidad e os restantes para usuarios da mesma. Ademais, dispón dunha impresora, unha fotocopiadora e, un scanner.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Área de Formación Continuada, Docencia e Investigación

Conta cun fondo bibliográfico notable, a través da biblioteca virtual bibliosaíde, que inclúe entre outros unha serie de servizos: buscador de recursos electrónicos, buscas bibliográficas, localización e obtención de documentos, solicitude de artigos, publicacións da organización, formación de usuarios, recursos de información (bases de datos, libros, revistas electrónicas, banco de imaxes e vídeos, guías de práctica clínica, etc). O acceso a toda esta información pode realizarse dende calquera punto do hospital e dende o propio domicilio do usuario a través da súa clave de acceso persoal.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- *O Complexo Hospitalario, conta cunha estrutura organizada para o desenvolvemento das súas actividades de formación continuada, de docencia e investigación.*
- *Polo que respecta, á formación continuada conta con diferentes programas entre os que destaca aquelas actividades de formación dependentes da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS programadas polos diferentes servizos e Unidades do Complexo, e todas aquelas ligadas á Universidade de Santiago de Compostela-USC, actividades favorecidas pola vinculación de profesionais entre o Complexo Hospitalario e a propia USC.*
- *En materia de docencia desenvolve a formación sanitaria correspondente ao sistema de formación sanitaria especializada, dependente do Ministerio de Sanidade e Política Social, con desenvolvemento dos programas formativos das distintas especialidades acreditadas.*
- *En materia de investigación conta cun plan de formación de investigación para profesionais do complexo hospitalario de Santiago, así como, dun plan de formación de investigación específico para os profesionais residentes. Consta que no ano 2012 se xestionaron 47 tesis doctorais de residentes.*
- *A área de investigación enmárcase dentro do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago-IDIS, emprazado no andar -2 cunha superficie de 3.500 m². Aproximadamente 2000 mtrs en laboratorios de investigación e o restoante o Instituto Genómica, no que participa a Universidade de Santiago de Compostela e o propio Complexo Hospitalario Universitario, estando acreditado polo Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía e Competitividad.*
- *O Complexo conta cunha biblioteca con capacidade e posibilidades de obter información biosanitaria. Conta con fondos bibliográficos en soporte papel e outro electrónico, acceso a internet nos vinte equipos informáticos que disponen e acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saúde(BiblioSaúde), cun fondo notable, revistas e libros electrónicos. O acceso electrónico é a través da clave de usuario donde calquera posta informática do hospital e o propio domicilio do usuario.*
- *A biblioteca conta cunha profesional bibliotecaria responsable da mesma. O cadre de persoal completaese cunha persoa, auxiliar administrativo, que cubre a xornada de tarde. O horario de funcionamento é continuado de 8:00H a 21:00H. de luns a venres.*
- *O Complexo conta cunha soa biblioteca para todos os centros hospitalarios emprazada no Hospital Clínico Universitario, dotada de 50 postos de lectura e 9 ordenadores, con acceso a internet, un deles para traballos de xestión da propia unidade e os restantes para usuarios da mesma. Ademais, dispón dunha impresora, unha fotocopiadora e un scanner.*

CONCLUSIÓN XERAIS ÁREA 6: SATISFACTORIO

RECOMENDACIONES ÁREA 6

- *Mantener os programas formativos anuais dirixido a todos os traballadores sanitarios e non sanitarios do centro, baseado na información obtida dos resultados do plan de necesidades, optimizando a planificación dos RRHH e a valoración da competencia profesional.*
- *Con carácter anual, sería conveniente, a realización dun informe da calidade formativa, que permita detectar puntos de mellora e correcta adquisición de coñecementos.*
- *Impulsar la realización de la planificación docente a medio/largo prazo, contemplando os distintos aspectos que influyen na mesma e recollendo este traballo nun documento que aglutine a totalidade de reflexións o plans.*
- *Ampliar y/o desenvolver ferramentas e métodos obxectivos e documentados, para garantir a supervisión do desenvolvemento correcto e efectivo dos distintos programas de formación dos profesionais.*

CHUVI 2003 (H. MEIXOEIRO)



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

CENTRO:

HOSPITAL DO MEIXOEIRO

Data: FEBREIRO 2003

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: DONA GUILLERMINA GÓMEZ FANDIÑO
Cargo: TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Do programa anual de formación continuada do persoal das Institucións Sanitarias do Servicio Galego de Saude, da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), extráese un Plano de formación do hospital, cun tope de horas, as cales se reparten entre os distintos estamentos segundo as necesidades.

No ano 2001 impartíronse 12 cursos, cun total de 254 horas, delas, 144 corresponderon ó persoal sanitario e 110 ó persoal non sanitario. Os cursos impartidos foron os seguintes: acceso á información nun centro sanitario, fundamentos de asistencia sanitaria para celadores, principios e práctica clínica en oncología, prevención de riscos laborais en lavandería, psicoxertería, radioloxía de urxencias, responsabilidades legais en enfermería, a xestión da dor, atención ó usuario, superior da lingua xe administrativo galego, perspectivas actuais en inmunidade e elaboración de guías de práctica clínica.

No ano 2002 impartíronse 11 cursos, cun total de 238 horas, delas ó persoal sanitario correspondéronlle 120 horas, ó persoal non sanitario e de enfermería 73, ó persoal non sanitario 25 horas e comuns para as distintas categorías do persoal 20 horas. Os cursos impartidos foron os seguintes: control e tratamento de residuos hospitalarios, taller sobre xestión da xornada laboral, avanzado de actualización de coñecementos e orientación do roll profesional para auxiliares de enfermería, cronoloxía de planificación de coñecementos e a súa relación cos GRDs, coñecementos de enfermería nas úlceras por decubito, immunohistoquímica, ergonomía, mobilización e traslado de pacientes, a xestión de coñecementos nas organizacións hospitalarias, aspectos psicolóxicos no trato cos maiores, habilidades de comunicación para traballadores de atención directa ó público, bioética asistencial.

Tamén realizan algúin curso por iniciativa do propio hospital, dirixidos ó persoal sanitario e financiados por laboratorios ou casas comerciais.

A documentación correspondente ó programa e o material docente de cada curso se arquiwa no departamento de formación, de igual xeito arquiwase o rexistro de asistencia. Disponen dun programa informático para o rexistro e a explotación da información correspondente. Por cada curso impartido realizaase a entrega dun certificado de asistencia.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Participan en programas docentes de pregrado para alumnos de Formación Profesional, de ATS, de Técnicos e de Auxiliares de Enfermería; e no verán para alumnos de Medicina (entre 10-15 cada verán).

Participan en programas docentes de postgrado para médicos residentes. No 2001 tiveron 52 residentes, dos cales 22 corresponderon a medicina de familia e no 2002 contaron con 57 residentes, dos que 21 correspondieron tamén a medicina de familia. O resto de especialidades para as que tiveron residentes foron anatomía patolóxica, análises clínicas, anestesiología, cardioloxía, cirurxia, farmacia, xeriatría, medicina interna, medicina nuclear, oftalmoloxía, otorrinolaringoloxía, oncoloxía radioterapética, radiofísica, rehabilitación e traumatóloxía.

Está constituida e funcionante a Comisión de Docencia, no ano 2002 reunironse tres veces, levantándose as suas correspondentes actas. Non hai plan xeral de docencia, pero si están establecidos os circuitos e a organización da Comisión de Docencia.

6.1.1.3.- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Non hai plano xeral ou normas por escrito. Teñen en marcha proxectos de investigación financiados polo FIS, participan nun amplio número de ensaios clínicos así coma en estudos de investigación financiados polo Ministerio de Ciencia e Tecnología, laboratorios comerciais ou asociacións españolas da especialidade en cuestión. No 2002, tiñan víxentes proxectos de investigación nas seguintes especialidades: anatomía patolóxica (4), anestesiología (1), cardioloxía (2), dermatoloxía (2), digestivo (5), endocrinoloxía (5), xeriatría (3), hematoloxía (1), inmunoloxía (1), medicina interna (4), medicina nuclear (2), microbioloxía (1), pneumoloxía (3), neuroloxía (6), psiquiatría (1), reumatoloxía (3), UCI (1) e uroloxía (1).

O hospital é centro de referencia para Galicia, en Neuropatoloxía, concretamente para a Encefalopatía Espónxiforme; e tamén é centro de referencia para a Rexión Sanitaria Sur en Cardioloxía Intervenciónista.

Contan con Comisión de Investigación funcionante.

Participan e organizan tanto congresos nacionais como internacionais, o último congreso internacional realizado no hospital foi sobre a Enfermedade Inflamatoria Intestinal. Tódolos anos mandan un escrito por servicio para que declaren todos os cursos ou congresos ós que asistiron, información que se publica posteriormente na Memoria anual.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Dan actividades de formación continuada programada se da a información precisa, e coa antelación suficiente, a tódolos mando de persoal directos ou indirectos, para que estes realicen a súa difusión, existindo ademais información pública no taboleiro de anuncios de formación, situado no corredor da área de persoal. Por correo electrónico distribúese a outros centros.

6.1.3.- Difúndense internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Para a difusión da información científico-técnica utilizan o taboleiro de anuncios da Comisión de Docencia colocado no vestíbulo principal, a entrada da cafetería e a través do taboleiro de anuncios para residentes localizado no vestíbulo das habitacións de garda.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O horario de funcionamento da biblioteca é de 08:00 a 15:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas, de luns a xoves e de 08:00 a 15:00 horas os venres. Hai un manual de funcionamiento que contén

normas e información sobre organización, orzamento, usuarios, servicios, recursos humanos e horario.

Como servicios que ofrece están o préstamo de libros, revistas, vídeos e diapositivas, préstamo interbibliotecario, catálogos de fondos da biblioteca, reprografía e busca bibliográfica en CD-ROM, conexión a Internet, facilita listados de libros por títulos, por materias e por autores, ó igual que o listado de publicacións periódicas e clases de iniciación ó uso das bases de datos.

Os préstamos quedan reseñados no libro de rexistro da biblioteca. Para solicita-lo préstamo interbibliotecario débese cubrir un impreso específico para elo, así coma os específicos para libros, e tamén os de artigos de revistas, e o específico de servicio de biblioteca de pacientes. Para solicitar unha busca bibliográfica igualmente débese cubri-lo impreso destinado a tal fin.

Hai comisión de biblioteca.

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Dispoñen dunha bibliotecaria á fronte da organización e do funcionamiento da Biblioteca e como persoal de apoio contan cun auxiliar administrativo.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Respecto dos cursos de formación realizados baixo a dirección da FEGAS, esta entidade realiza as encuestas de avaliación ós asistentes de cada curso e posteriormente remiten un informe sobre resultados ó hospital correspondente. Hai dous tipos de encuestas, unha que valora ó ponente e outra xeral que valora ó curso.

En Docencia realizaase a avaliación anual dos residentes a través dun comité de avaliação da Comisión de Docencia, específico para cada especialidade. Os resultados elevanse á Dirección Médica e ó Ministerio de Sanidade.

En investigación non hai plano de avaliación, nin de actividades nin de resultados.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINHAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

Contan coa Fundación Meixono, que ten como fin o organizar, promover e realizar las actividades relacionadas coa formación, docencia e investigación en Ciencias da Saude no Hospital Meixoeiro e a súa área de influencia, con interese preferente en areas biomédicas; proponen proxectos de investigación propios e realizan un seguimento que garante o cumprimento e a calidade, promoven actividades docentes e alentan a celebración de conferencias, seminarios, congresos e cursos, a concesión de becas e a convocatoria de subvencións e premios coa finalidade de obter e difundir novos avances na área.

- 6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Como recursos humanos contan con dependencia directa da Xerencia, cun coordinador administrativo de cursos, que é á vez o enlace coa FEGAS, e un auxiliar como persoal de apoio. O coordinador non é a tempo completo, sendo ademais o responsable de Comunicación.

Como recursos materiais disponen do salón de actos do hospital, sala de xuntas, sala de seminarios e aula docente. O orzamento corre a cargo da FEGAS, así coma súa xestión. O horario dos cursos é principalmente pola maná, cando se realizan fóra da xornada laboral non existe remuneración algúnhia.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Dispoñen como responsable dun Xefe de Estudios, que é un adxunto do Servicio de Cirurxia, con dedicación completa ás actividades de Xefe de Estudios. Tamén contan cun secretario, que é un administrativo da Dirección de Enfermería.

Consideran que están ben dotados de recursos materiais; dispoñen de locais onde desenvolver as súas actividades, como son a biblioteca, aula de seminarios, aula docente e salón de actos; ademais disponen do material de reprografía e vídeos xeral do hospital.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Non disponen de coordinador asignado, ainda que de forma oficiosa asume dita función o Xefe de Estudios. Disponen dun local propio na segunda planta, que é a súa vez onde se localiza o lugar de traballo do Xefe de Estudios, dispoñendo segundo mesmo dun bo soporte informático (sete ordenadores de mesa, un ordenador portátil), scanner de diapositivas e cámara digital. Non disponen de quirófano de cirurxia experimental, nin laboratorios de investigación.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispoñen dun local dentro do cal está diferenciada unha zona administrativa, unha zona de biblioteca de pacientes e unha destinada á biblioteca biosanitaria, contando con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades, entre as cales detallamos unha fotocopiadora que funciona con tarxeta, cinco ordenadores instalados en rede para as procura bibliográficas, catro son para os usuarios e un é para o persoal da biblioteca.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Dispón dun catálogo de libros para o persoal do hospital e outro catálogo de libros para adultos-pacientes, así coma guías amplias de recursos de Internet referentes a Medicina e/ou Enfermería, clasificadas por especialidades. No caso de publicacións periódicas ten unha base de datos de Xestión de Bibliotecas (Data TreK) cos fondos de publicacións periódicas actualizados, disponen ademais dun listado de publicacións periódicas. Contan cun catálogo de subscrípcións anuais e un catálogo de publicacións periódicas a través de Internet, integrado no C17 "Catálogo colectivo de publicacións periódicas de las Bibliotecas de Ciencias de la Salud Españolas".

Dispoñen da colección Vídeo Revista de Cirurxia, a que están subscritos desde 1990.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA - 6

- ☞ O hospital desenrola anualmente un plan de formación continuada, que é aprobado dentro do plan de formación continuada do persoal das institucións sanitarias do SERGAS, organizado pola Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS). Este plan está dirixido a tódolos estamentos, con reparto entre eles das horas de formación segundo as necesidades. Consérvase un rexistro dos cursos realizados, a documentación correspondente ó programa e o material docente de cada curso, de igual xeito se arquiva o rexistro de asistentes. Por cada curso impartido realizaase a entrega da súa correspondente certificación de asistencia. Realizase avaliación sistemática de tódolos cursos impartidos mediante o modelo tipo de enquisas da FEGAS, o cal é cuberto polos asistentes. Como responsable á fronte, pero sen dedicación exclusiva, está un coordinador administrativo de cursos, que é responsable a súa vez da área de Comunicación.
- ☞ En docencia contan como responsable cun Xefe de Estudios (facultativo adxunto de cirurxia) con dedicación completa, e desenrolan actividades de participación, tanto en programas de pregrado como postgrado, e dirixidas a profesions sanitarias como a parasanitarias. Os programas docentes de pregrado impártenlos en período lectivo ás distintas categorías dentro da Formación Profesional e en período de vacacións a estudiantes becados de Medicina. Os programas docentes postgrado impártenlos a médicos residentes das especialidades de: medicina de familia, anatomía patolóxica, análises clínicos, anestesia, cardioloxia, cirurxia, farmacia, xeriatría, medicina interna, medicina nuclear, oftalmoloxía, otorrinolaringoloxía, oncoloxía radioterápica, radiofísica, rehabilitación e traumatoloxía.
- ☞ Para a difusión da información científico-técnica, así coma a de cursos de formación e docencia, utilizan os distintos taboleiros de anuncios existentes no hospital.
- ☞ Teñen constituída a comisión de investigación e participaron en proxectos de investigación financiados polo FIS, participan nun amplo número de ensaios clínicos así coma en estudios de investigación financiados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, laboratorios comerciais ou asociacións españolas da especialidade en cuestión.

- ☞ A biblioteca do hospital ofrece como servicios o préstamo de libros, revistas, vídeos e diapositivas, préstamo interbibliotecario, catálogos de fondos da biblioteca, reprografía e pescada bibliográfica en CD-ROM, conexións a Internet, facilita listados de libros por títulos, por materias e por autores, ó igual que o listado de publicacións periódicas e clases de iniciación ó uso das bases de datos; dispón dun bo fondo bibliográfico actualizado, cun catálogo de libros para o persoal do hospital e outro catálogo de libros para adultos-pacientes, así coma guías amplas de recursos de Internet referentes a Medicina e/ou Enfermería, clasificadas por especialidades. No caso de publicacións periódicas ten unha base de datos de Xestión de Bibliotecas (Data TreK) cos fondos de publicacións periódicas actualizados, dispoñen ademais dun listado de ditas publicacións. Contan cun catálogo de subscricións anuais e un catálogo de publicacións periódicas a través de Internet, integrado no C17 “Catálogo colectivo de publicacións periódicas de las Bibliotecas de Ciencias de la Salud Españolas”.
- ☞ Consideran que están ben dotados para o desenrollo das actividades de formación e docencia e para elo utilizan o salón de actos, sala de xuntas, sala de seminarios, aula docente e a biblioteca. Para a actividade de investigación teñen unha aula de investigación que é a súa vez centro de traballo do Xefe de Estudios, dispoñendo dun bo soporte informático, sen embargo non dispoñen nin de quirófano experimental nin de laboratorios de investigación.

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-

SATISFACTORIO

RECOMENDACIÓN ÁREA - 6

- ⇒ Deberíase elaborar un programa que garantira a difusión da información científico-técnica formativa máis alá da simple exposición no taboleiro de anuncios, de forma que os responsables das áreas de maior actividade asistencial, elaboraran algún tipo de información científico-técnica sobre aspectos concretos da actividade, para coñecemento xeral dos traballadores do centro e específico da área en cuestión, así coma da Dirección que corresponda.
- ⇒ Debería avaliarse periódicamente a actividade desenvolvida e os resultados que se obtiveron en canto a investigación e docencia e, no seu caso, deberíanse realizar encuestas periódicas ó persoal que recibe docencia no hospital como ferramenta para medir se se están alcanzando correctamente os obxectivos do programa.
- ⇒ Debería haber un responsable común das actividades de formación continuada, docencia e investigación, así coma un plan xeral que integrara as directrices ou obxectivos de ditas actividades.

CHUVI 2002 (H. Nicolás Peña)



Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

“NICOLÁS PEÑA” VIGO

Data: Outubro 2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: Don Bibiano Fernández-Arrutu López
Dª María Amelia Cibeira Badía
Cargo: Director-Gerente
Bibliotecario

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

*Non existe un plan específico para a formación continuada. Evaluase a demanda mediante unha enquisa anual. Colaboran na docencia: Caixanova, FEGAS e Organizacións Sindicals.
 Non existe un responsable específico para a docencia.*

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Realizanse actividades docentes para alumnos de enfermería e de formación profesional (auxiliar de enfermería, técnico en documentación e auxiliar administrativo).

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Non aplicable.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Existe información xenérica no taboleiro de anuncios do centro.

- 6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Distribúese aquela información que se recibe na Dirección do Centro, segundo o criterio do Director-Xerente.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca do centro posibilita a obtención de información asistencial.

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Hai unha responsable (bibliotecaria) con dependencia orgánica do Complexo Hospitalario "Xeral-Cies".

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Non existe proceso de avaliación periódica. Recóllense datos "a posterior" sobre o seu desenvolvemento.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO Regular

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACION.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Non hai recursos humanos e materiais específicos para estas actividades, salvo colaboracións puntuais da secretaría da Dirección-Xerencia.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Estas actividades impártese compatibilizándose co traballo asistencial.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Non aplicable.

- 6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das suas actividades.

Existe unha biblioteca que está comezando o seu funcionamento, con recursos aceptables, ainda que mellorabeis.

- 6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Actualmente, o fondo bibliográfico está en proceso de formación. Existen publicaciones periódicas diversas, pero non existe videoteca.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO *Satisfactorio*

CONCLUSIÓNS ÁREA - 6

O Centro realiza actividades docentes e de formación continuada dun xeito periódico e razonablemente adecuado a súa estrutura, ainda que non existe un plan xeral sobre tales actividades.

Dispón dunha biblioteca de recente creación, axeita ós seus fins, ainda que con carencias nalguns aspectos (consulta informática para usuarios, videoteca...).

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-

*Media de criterios:
Satisfactorio*

RECOMENDACIÓN ÁREA - 6

Recomendase avaliación:

1. *A asignación dun responsable para actividades docentes (pódese ver o tempo parcial) que asumirá tamén a avaliación dos procesos formativos.*
 2. *A mellora de aspectos estruturais e tecnolóxicos na biblioteca: accesos informáticos personalizados, videoteca, listado de obras disponibles.*
-

CHUVI 2002 (H Xeral-Cíes)



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

XERAL CIES

Data: NOVEMBRO 2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Dr. de la Fuente Aguado; Dña. Encarna Font; Dña. Luisa Torres Colomer
Cargo:Pte. Comisión Docencia MIR; Supervisora de Área de Docencia Y.F.C. de enfermería*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O Plan de Formación Continuada no seu conxunto atopase dividido en varias áreas cos seus diferentes responsables: "Comisión de docentiatóldos MIR" que desenvolve moitas das súas actividades de xeito aberto para todos os facultativos, a "área de enfermería para a docencia e a formación continuada"; A "unidade de formación continuada de facultativos" e a "Comisión de Formación Continuada". Non se puido comprobar a existencia de normas ou sistemas unificadores ou coordinadores destas organizacións internas, nin actualización das actas das respectivas comisións.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

*No hospital desenvolven as súas prácticas alumnos das escolas de enfermería, Técnicos de laboratorio, de radiodiagnóstico e outros, coordinados pola área de enfermería de formación e docencia continuada.
Así mesmo está prevista a rotación de alumnos da facultade de medicina.*

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O Hospital participa de xeito programado e baixo o control da comisión de investigación en ensaios clínicos e proxectos de investigación.A dita Comisión presta apoio consultivo e está a crear líneas novas de investigación en coordinación co Instituto Carlos III.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As comisións con implicación na docencia e formación difunden nos taboleiros de anuncios as súas programacións e convocatorias e maíz publican folletos coa programación periódica.

6.1.3.- Difúndese internamente información puidos formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Non puido constatarse a difusión interna de información de xeito programado ou organizado.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación dispón.

A biblioteca dispón de sistemas de procura auditórias, EBSCO, subscrípcións a revistas ON LINE e nove terminais con acceso á internet, cós que facilita e permite consultas e procura da información.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca é dirixida por unha bibliotecaria titulada que conta coa colaboración de dous auxiliares. A comisión de biblioteca coordina e programa as súas necesidades, obxectivos e xestión xeral.

6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A avaliación efectúase mediante as auditorías docentes periódicas do Ministerio,(fixéronse unha específica de dous servicios e outra xeral do hospital nos anos 2001 e 2002), e as avaliacións periódicas dos residentes pola Comisión de Docencia. O Hospital ten solicitada a acreditación polo sistema autonómico da formación continuada a cargo da FEGAS. Non ten establecidos sistemas específicos de avaliação interna das actividades.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE REGULARMENTE

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINHAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

O hospital establece os recursos humanos e materiais para as distintas comisións de formación dos profesionais do centro e para as actividades docentes que éstas organizan. Os proxectos son elaborados polas diferentes comisión que presentan separadamente os mesmos á Dirección que de dar a súa conformidade aproba o presupuesto.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O hospital establece os recursos humanos e materiais para as distintas comisións de formación dos profesionais do centro e para as actividades docentes que éstas organizan. Os proxectos son elaborados polas diferentes comisión que presentan separadamente os mesmos á Dirección que de dar a súa conformidade aproba o presupuesto.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades e proxectos de investigación dos profesionais do centro son coordinadas pola Comisión de Ensayos Clínicos sendo as actividades específicas promovidas polo hospital financiada polos seus presupostos e as promovidas por outras entidades finanziadas conforme ó acordo ou a súa norma específica.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

A biblioteca, situada no propio edificio principal do hospital dispón de espacios ,recursos humanos, informáticos e bibliográficos suficientes para garantir a busca e actualización da información fundamentalmente. O seu horario e de mañá e tarde.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Ademáis dos sistemas de busca informática ten subscrición a 280 revistas e catalogados 2891 libros.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE SATISFACTORIAMENTE

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

1º.- O hospital ten una ampla estrutura dedicada á formación e docencia, constituída en varias comisións, algunas delas teñen os mesmos obxectivos xerais mais sen existir mecanismos ou sistemas de coordinación destas. Non existe un Plan Xeral docente ou de investigación.

2º.- Non existen normas organizativas ni coordinadoras da actividade interna ou das diferentes comisións.

3º.- As actividades docentes do hospital abarcan o propio persoal en todas as súas áreas funcionais, e a profesionais en formación pre o posgrau mantendo os seus diferentes programas de formación de conformidade as súas necesidades e sistemas de avaliación e xestión.

4º.- O hospital mantén liñas de promoción o fomento de la investigación establecendo convenios con organismos externos.

5º.- As diferentes estruturas que participan na organización e práctica das novidades, difunden adequadamente os seus programas e actividades mais ningunha delas fomenta ou establece sistemas de información das novidades na súa área de actuación.

6º.- Dispon dunha biblioteca con persoal, espacios e dotacións de material informático, subscricións e bibliografía que posibilita a busca da información forma ampla e con horario de mañá y tarde.

CONCLUSIÓN XERAIS ÁREA 6

*Media de criterios
CUMPRE SATISFACTORIAMENTE*

RECOMENDACIÓN ÁREA - 6

1º.- Establecer un plan de formación continuada, docencia e investigación, que de xeito unificado estableza por escrito os seus recursos, normas funcionais e de coordinación, os seus obxectivos e o seu sistema de avaliación.

2º.- Fomentar en todo caso la comunicación y coordinación entre las distintas unidades o comisiones con funciones en la docencia ou formación.

3º.- Valorar establecer una única oficina o entidade interna dedicada a la xestión de la formación de todo el persoal.



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

Fecha: xuno 09.

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: Don Eduardo Murias Taboada (Vicepresidente da Comisión de Docencia)
Dona Carmen Navarro Fernández-Balbuena (Presidenta do Comité de Investigación)
Dona Begoña Domínguez Arias (Subdirectora de Enfermería e responsable de Formación Continuada, Calidade e Investigación en Enfermería)

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Os plans formativos ademais dos que xenera especificamente o CHUVI para o persoal propio – que se financian a cargo do capítulo I de persoal- tamén están os que proceden do AFCAP-FEGAS para o persoal do Sergas de toda a Comunidade Autónoma. Estes cursos complementase cos cursos finanziados por laboratorios e por CaixaNova.

O Complexo ten elaborado un plan de formación continuada (Unidade de formación continuada do CHUVI), no que se especifican entre outros aspectos, o obxecto do plan, a metodoloxía, o diagnóstico de necesidades, a inclusión das accións formativas e a súa presentación ao Comité de Formación Continuada, o financiamento, a difusión das accións formativas. A aprobación definitiva do plan formativo anual corresponde ao Comité de Dirección.

Verifícase a existencia do plan formativo do CHUVI para o ano 2008 que contén un variado número de cursos formativos dirixidos a persoal de enfermería, persoal administrativo, técnicos e persoal non sanitario pero non inclúe cursos específicos dirixidos a persoal facultativo especialista ainda que si se comproba que a Unidade de Docencia programa cursos formativos para estes profesionais.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Participa na formación sanitaria especializada –via MIR-, polo que conta con acreditación docente do Ministerio de Sanidade e Consumo e deben cumplir os plans de docencia específicos de cada especialidade. No ano 2008 estanse a formar no CHUVI 145 residentes

nos servizos de Endocrinoloxía, Hematoloxía e Hemoterapia, Medicina Intensiva, Medicina Interna, Nefroloxía, Neumoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Anxioloxía e Cirurxia Vascular, Cirurxia Xeral, Traumatoloxía, Cirurxia Torácica, Neurocirurxia, Oftalmoloxía, Otorrinolaringoloxía, Uroloxía, Análises Clínicos, Anatomía Patolóxica, Anestesioloxía, Farmacia Hospitalaria, Neurofisioloxía Clínica, Radiodiagnóstico, Obstetricia e Xinecoloxía, Pediatría, Psicoloxía Clínica e Psiquiatría

Participa en programas de formación pregrado para alumnos de formación profesional, enfermería, técnicos e auxiliares de enfermería

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

No ano 2006 constitúese a “Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo” que ten como función a promoción da actividad de investigación, desenvolvemento e innovación que se realiza no Complexo e nos centros de atención primaria da área sur de Pontevedra.

A Fundación establece acordos con outras organizacións e con empresas para o desenvolvemento de proxectos de investigación, así por exemplo durante o ano 2007 asínáronse convenios coa Universidade de Vigo, coa Asociación Española de Enfermos de glucogenose, con Medtec, Pescanova... .

Esta Fundación xestiona os contratos de persoal investigador e os convenios de colaboración .

Os proxectos de investigación son financiados polo FIS, pola Consellería de Innovación e Industria, pola Consellería de Sanidade... A Fundación difunde todas as convocatorias de interese para realizar proxectos de investigación e dá asesoramento para tramitar ditas solicitudes polo persoal interesado.

A Fundación xestiona todos os estudos e ensaios clínicos que se realizan no CHUVI e nos centros de saúde da área de Vigo. Ocupase tamén da Secretaría Técnica de Viabilidade de Estudios e ensaios clínicos. Durante o ano 2007 o Comité aprobou 69 estudios .

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal

Facítase información precisa sobre os plan formativo anual e coa antelación suficiente. A información difídese a través dos mandos intermedios, nos taboleiros de anuncios e, en casos concretos, por correo electrónico.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Para o profesional en período de formación MIR existe un procedemento regra do de difusión científico técnica a través do taboleiro de anuncios da Comisión de Docencia e a través da páxina Web. Nos demais casos non se constatau ningún procedemento de difusión estandarizado, salvo no tocante as Sesións Clínicas que se publican nos distintos taboleiros de anuncios existentes no Complexo.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O Complexo dispón de tres bibliotecas ubicadas no Hospital Xeral, no Hospital Meixoeiro e no Hospital Nicolás Peña, que funcionan de forma coordinada.

A biblioteca é para uso de todos los profesionais de saúde tendo acceso ao contido on line desde o domicilio a través da páxina Web do CHUVI. Actualmente o CHUVI está suscrito a 250 publicacións periódicas e a revistas on line. Teñen establecido un sistema de préstamos de libros, revistas, videos, préstamo interbibliotecario...

Actualmente a Consellería de Sanidade puxo en marcha unha porta de acceso á biblioteca do Sistema Sanitario Público de Galicia (Biblosaude), que reúne nun único sitio diferentes fondos de información, permitindo a través de internet acceso a información científico-técnico a todos os profesionais da saúde, desde o posto de traballo e desde fora de organización -para os recursos gratuitos -.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Existe un bibliotecario en cada unha das bibliotecas que se responsabilizan do funcionamento diario das mesmas.

Está constituida a Comisión de Bibliotecas da que forman parte as tres bibliotecarias

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maíos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Os cursos de formación continuada realizados pola FEGAS son avaliados por esta fundación a través do método de encuestas de avaliação dos ponentes e do contido e adecuación dos cursos realizadas aos alumnos.

A avaliação dos profesionais en formación vía MIR realiza-se segundo o procedemento establecido polo Ministerio de Sanidade e Consumo e cuxo cumprimento valora periodicamente o Ministerio mediante a realización das auditorias docentes.

A avaliação dos ensaios clínicos e o cumprimento de requisitos e garantías dos participantes teñen que reverse pola lexislación específica que os regula. No procedemento de avaliação dos proxectos de ensaios clínicos de medicamentos intervén o Comité Ético de Investigacións Clínicas de Galicia (CEIC), que depende da Consellería de Sanidade. A avaliação dos proxectos realiza-a entidade financiadora con carácter anual, con independencia da duración do proxecto

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimientos:

25

*Área de Formación Continuada
Docencia e Investigación*

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

No plan de formación continuada do CHUVI contémplanse a estrutura física, os recursos materiais, o organigrama da unidade de formación continuada así como os recursos humanos dos que dispón. Todos estos recursos son suficientes e adecuados para xestionar as actividades de formación continuada do Complexo.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A unidade de Docencia conta con estrutura física e recursos humanos e materiais suficientes para o desenvolvemento das súas funcións.

Está constituida a Comisión de Docencia do CHUVI con dúas subcomisiones para o hospital Xeral e Meixoeiro. O presidente da Comisión é tamén o Xefe de estudos. Na comisión están incluídos os titulares e os representantes dos residentes..

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A xestión de proxectos de investigación corresponde a fundación biomédica do CHUVI que conta con recursos físicos, materiais e humanos suficientes.

O Complexo ten constituida a Comisión de Investigación, na que se integran os Comités dos tres hospitais.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

A Biblioteca do Xeral conta cunha bibliotecaria e dous administrativos, a biblioteca do Meixoeiro cunha bibliotecaria e a biblioteca do Méixoeiro conta con bibliotecaria e un administrativo.

A estrutura física e os recursos materiais das tres bibliotecas é suficiente e adecuado para o desenvolvemento das súas funcións

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Si.

Os recursos propios do CHUVI complementáñanse actualmente co portal sanitario de acceso á biblioteca do Sistema Sanitario Público de Galicia (Bibliosaiide).

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO SATISFACTORIO

CONCLUSIONES ÁREA - 6

- Complexo Hospitalario Universitario de Vigo dispón dunha importante estrutura dedicada a formación continuada, docencia e investigación que conta cos recursos humanos e materiais que, con carácter xeral, son suficientes para o desenvolvemento de estas actividades e que sobradamente dan cumprimento aos requisitos deste protocolo de acreditación.
- As ditas actividades realizanse de forma planificada e áinda que se fai unha avaliación de actividades desenvolvidas non se desenvolve de forma pormenorizada e os resultados non sempre son tidos en conta para avaliar as necesidades futuras.

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.-

CUMPRE SATISFACTORIAMENTE

RECOMENDACIONES ÁREA - 6

- Valorar a conveniencia de establecer un procedemento normalizado de difusión de información científico- técnica a todos os profesionais do Complexo, en especial cando se trate de información xerada polos propios profesionais do centro.
- Valorar a conveniencia de establecer un procedemento normalizado de avaliación de resultados en formación continuada, docencia e investigación e que sirva de base para a elaboración de novos planes de formación e para a toma de decisións.
- Valorar a conveniencia de difundir ditos resultados aos traballadores do Complexo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos
Sanitarios

Auditoría de acreditación
de hospitais

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

Data: maio/xuño 2012

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Auditor: D. Juan Carlos Filgueira Pena

CRITERIO 6.1:

O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- Docentes para alumnos e titulados en profesions sanitarias e parasanitarias.
- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O CHUVI conta cun plan de formación continuada no que establecen os obxectivos e métodos do mesmo, así como as necesidades en formación, coa inclusión das mesmas a través do Comité de Formación Continuada.

Ten establecido un programa de formación continuada que contempla o obxectivo xeral, os obxectivos específicos así como as áreas temáticas : de asistencia sanitaria, de riscos laborais, de investigación, de informatiza, de calidade, de comunicación e desenvolvemento persoal e área de administración.

Detallase de forma anual, no programa de formación, as distintas actividades formativas clasificadas por áreas temáticas.

Dito programa financiase a través de recursos do propio hospital e por recursos alleos (laboratorios,...)

O complexo hospitalario participa na formación postgrao.

Conta coa acreditación docente do Ministerio de Sanidade para participar na formación sanitaria especializada.

Actualmente hai 279 residentes (H. Xeral:178; H. Meixoeiro: 101) distribuidos da seguinte forma:

Análises clínicas 4; Anatomía Patolóxica 4; Anestesiología e reanimación 16; Anxiología e ciruxia vascular 5; Cardioloxía 9; Ciruxia cardiovascular 1; Ciruxia ortopédica e traumatoloxía 14; Ciruxia torácica 3; Ciruxia Xeral e Aparato Digestivo 9; Endocrinoloxía e nutrición 4; Farmacia hospitalaria 8; Xeniatría 3; Hematoloxía e hemoterapia 3; Medicina física e rehabilitación 3; Medicina Intensiva 4; Medicina Interna 13; Medicina nuclear 4; Nefroloxía 4; Pneumoloxía 4; Neurociruxia 2; Neurofisiología clínica 2; Neuroloxía 5; Obstetricia e Xinecoloxía 12; Oftalmoloxía 14; Oncoloxía médica 4; Oncoloxía radioterapíca 4; ORL 7; Pediatría 13; Psicoloxía clínica 4; Psiquiatría 11; Radiodiagnóstico 10; Radiofísica hospitalaria 3; Uroloxía 5; Enfermaría en Saúde Mental 2; Enfermaría obstétrica e xinecoloxística 10.

Ademais de Medicina do Traballo e Medicina Familiar e Comunitaria, que rotan no CHUVI, pero dependen de outras unidades docentes ou de Atención Primaria.

O CHUVI participa en programas de formación de pregrao de enfermaría, colaborando coas Escolas Universitarias de Enfermería de POVISA, do Meixoeiro e de forma puntual coa Universidade Europea de Madrid.

Participa tamén na formación de técnicos de grao medio (auxiliares de enfermaría) e grao superior (toda a rama sanitaria), alumnos de grao en Física, Bioloxía e Psicoloxía. E coa UNED en traballadores sociais.

O complexo hospitalario a través da Fundación Biomédica do CHUVI, constituída no ano 2006, promove a actividade de investigación.

- Xestiona os proxectos de I+D+i que se realizan e se solicitan no complexo hospitalario e de Atención Primaria de Vigo, contando con un servizo de difusión de convocatorias, servizo de asesoría na preparación, tramitación e seguimento de proxectos de investigación, xestión de compras e pedidos de material e servizo de xestión economiza.
- Xestiona ensaios clínicos que se realizan no complexo hospitalario e na área de Atención Primaria.
- Establece convenios de colaboración con entidades públicas e privadas a nivel nacional e internacional.
- Xestiona os contratos do persoal investigador e de apoio a investigación, financiados con cargo ás axudas públicas ou privadas.
- Contribúe asesorando aos investigadores na identificación e protección de resultados da súa actividade investigadora, promovendo a transferencia e difusión destes resultados á industria farmacéutica, biomédica ou biotecnolóxica.
- Protección de resultados a través da patente dos mesmos.

Existe un Comité de Investigación que se reúne periodicamente

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Remítense a través do correo electrónico o programa de formación anual coa antelación suficiente, ademais pódese realizar a preinscrición de forma informática.

Remítense por vía informática os listados dos admitidos. Pódese remitir suxestións por correo electrónico.

Ademais informase a través dos taboleiros de anuncios.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Existe un procedemento de difusión para residentes a través do taboleiro de anuncios da Comisión de Docencia e pola paxina web do hospital.

As sesións clínicas publicanse nos distintos taboleiros de anuncios existentes nos centros.

Non se constata ningún procedemento de difusión estandarizado aos profesionais do centro

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Existen tres bibliotecas no CHUVI (H.Xeral, H. Meixoeiro e H. Nicolás Peña). As tres bibliotecas actúan de forma coordinada.

A parte do amplio material bibliográfico que as bibliotecas teñen nas súas estanterías, o CHUVI conta con acceso ao portal BiblioSaude (Biblioteca do Sistema Sanitario Público de Galicia), a través do cal dende o posto de traballo ou do enderezo profesional tense acceso a máis de 300 publicacións periódicas, así como libros electrónicos e bases de datos médicos.

Solicitanse a través de BiblioSaude, dende a biblioteca, préstamos interbibliotecarios (enviados 1.332 peticionais a outras bibliotecas da rede de BiblioSaude, solicitados 1.754 préstamos).

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Existen dous bibliotecarios, un responsable da biblioteca do H. Xeral e outro responsable das bibliotecas do H. Meixoeiro e do H. Nicolás Peña, nomeados por escrito.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maílos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Realizase unha avaliación global do programa de formación, analizándose indicadores de calidad con respecto a estándares marcados como óptimos.

Os indicadores :

- 1.- Acreditación de acciones formativas (obxectivos, contidos, currículos profesionais, control asistencial, sistemas de avaliación de calidad).
- 2.- Cumprimento do programa formativo. Avaliación e desenvolvemento do programa.
- 3.- Avaliación de cada acción formativa.
 - . Enquisa de satisfacción (aulas, docentes, tempo e organización xeral).
 - . Valoración de coñecementos adquiridos polo asistente.
- 4.- Número de certificados emitidos.Cumprimento de previsións asistenciais.
- 5.- Avaliación do impacto:
 - . Parámetros de mellora, medición dos mesmos aos 6 meses - 1 año
 - . Parámetros de mellora, impacto da acción na actividade diaria.

Existe una Comisión de Formación Continuada que se reúne periodicamente.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:	Satisfactorio.
--	----------------

CRITERIO 6.2:

A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:**
- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
 - As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 - As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Tanto a Unidade de Formación Continuada como a de Docencia contan con estrutura física e recursos materiais e humanos suficientes para a súa xestión.

Están formadas as comisións:

- Comisión de Formación Continuada.
- Comisión de Docencia.

A Fundación Biomédica do CHUVI xestiona os proxectos de investigación e está dotada de recursos humanos e materiais suficientes.

Existe una Comisión de Investigación, na que se integran os Comités dos tres centros.

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O complexo hospitalario dispón de 3 bibliotecas : Hospital Xeral, Hospital Meixoeiro e Hospital Nicolás Peña, dotadas de recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Recursos humanos: Existen dúas bibliotecarias responsables (unha no H. Xeral e outra no H. Nicolás Peña), ademais de 2 auxiliares no H. Xeral, 1 auxiliar no H. Nicolás Peña e 1 auxiliar no H. Meixoeiro. As bibliotecas están coordinadas entre si.

Existe unha Comisión de Biblioteca que se reúne periodicamente (ano 2012: 2 veces)

Horario de funcionamento das bibliotecas :

H. Xeral: L-V 8:00 a 21:00 ; S:9:00 a 14:00
As outras: L-V: 08:00 a 15:00

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca dispón dun importante fondo bibliográfico desde o ano 1975, que se completa co acceso ao portal Bibliosáude, a través do cal o profesional ten acceso a máis de 300 publicacións periódicas, así como libros electrónicos e bases de datos médicos.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Satisfactorio.

CONCLUCIÓNS ÁREA 6

- O CHUVI conta cun plan de formación continuada no que se establecen os obxectivos e métodos así como as necesidades en formación e un Comisión de Formación Continuada.
- Participa na formación postgrao e conta coa acreditación docente para participar na formación sanitaria especializada. Actualmente hai 279 residentes.
- Participa en programas de pregrao na formación de enfermaría, colaborando coas Escolas Universitarias de Enfermería de POVISA, do Meixoeiro e de forma puntual coa Universidade Europea de Madrid.
- A través da Fundación Biomédica do CHUVI, constituída no ano 2006, promóvese a actividade de investigación no complexo hospitalario.
- Difúndese por correo electrónico o programa de formación anual con antelación suficiente, ademais pódese realizar a preinscrición de forma informática.
- Realizan avaliaciós globais do programa de formación, analizándose indicadores de calidade con respecto a estándares marcados como óptimos.
- O complexo hospitalario dispón de 3 bibliotecas: Hospital Xeral, Hospital Meixoeiro e Hospital Nicolás Peña, dotadas de recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades. Hai dous bibliotecarios como responsables das mesmas.
- A área de biblioteca do CHUVI conta cun importante fondo bibliográfico desde o ano 1975, que se completa co acceso ao portal BiblioSaude.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA:

Satisfactorio.

RECOMENDACIÓNS ÁREA 6

- Establecer un procedemento normalizado de difusión da información científico-técnica biosanitaria a todos os profesionais do complexo hospitalario.



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

Auditoría de Acreditación
de Hospitais

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO:

Visita de auditoría realizada entre o 16/10/2016 e o 25/10/2016.

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO**6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN***Entrevista con:*

Dª. Laura Moure Fernández, supervisora da Unidade de Docencia e Formación Continuada do CHUVI;
 D. José Ramón Fernández Lorenzo, coordinador de Docencia de Grao do CHUVI e Director Científico do Instituto de Investigación Sanitaria de Galicia Sur;
 Dª. Yolanda Sanmartín Reinoso e M.ª Amelia Cibeira Badía, Bibliotecarias.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó ejercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

A Xerencia da Xestión Integrada de Vigo ten aprobado o Programa de Formación Continuada 2016, no que figuran as distintas actividades formativas, clasificadas por áreas temáticas, a desenrolar no transcurso do ano 2016. O Plan inclúe tamén o ámbito de Atención Primaria. A formación abrangue as áreas temáticas de:

- Asistencia sanitaria (73 actividades formativas: 65 presenciais, algunas delas con varias ediciones, 7 on-line e 1 presencial+on-line)
- Riscos laborais (8 actividades formativas, algunas con varias ediciones)
- Investigación e formación (4 actividades formativas)
- Comunicación e desenvolvo persoal (9 actividades formativas)
- Calidade (6 actividades formativas)
- Administración (6 actividades formativas, algunas con varias ediciones)

O Programa de Formación Continuada planifícase con carácter anual e responde ás necesidades formativas dos distintos colectivos profesionais, detectadas e transmitidas a través dos membros do Comité de Formación Continuada e polos mandos intermedios da EOXI. Xestionanse cursos formativos a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O CHUVI participa na formación pre-grao de enfermaría (colabora na formación de prácticas do alumnado das Escolas Universitarias de Enfermaría do Meixoeiro e de POVISA), de fisioterapia (colabora coa Universidade de Vigo), de alumnado de ciclos de Formación Profesional en rama sanitaria como técnicos de grao medio auxiliares de enfermaría e técnicos en farmacia (colabora con diversos centros de ensinanza: Vivas, IES Chapela...), e na formación específica de persoal de enfermaría para listas especiais de contratación (UCI, Reanimación...).

No presente ano 2016, ata o 24/10/16, tiñan participado nestas categorías de prácticas formativas un total de 492 alumnos. A avaliación do alumnado é continua.

Tamén participa na formación práctica de alumnos de 6º curso de grao de Medicina. No período non lectivo estival do 2016 recibiu a 32 alumnos da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela e no actual período lectivo ten 102 alumnos de Medicina da Universidade compostelá, acollendo 9 alumnos de Medicina procedentes doutras Universidades españolas e portuguesas.

No desenvolvemento das prácticas e sesións clínicas programadas e na posterior avaliación do alumnado colaboran o coordinador de docencia de grao, xefes de Servizo, profesores asociados (14 + 9 vacantes) e colaboradores docentes (327).

Constátase a existencia dunha "Guía de acollida do alumno en prácticas" correspondente ao curso 2016-17 e do documento "Gestión y Organización Práctica Clínica Alumnos 6º Medicina Curso 2016-17", no que figura o cronograma-programa de rotacións do alumnado, e a metodoloxía, accións de mellora e obxectivos da Unidade de Docencia de Grao.

O CHUVI tamén colabora na formación de grao doutras titulacións: Farmacia (4 alumnos da Universidade de Santiago), Psicoloxía, Óptica e Optometría, Nutrición...

O CHUVI dispón da acreditación docente do Ministerio de Sanidade para participar na formación sanitaria especializada. No curso 2015-16 tiveron 218 residentes. Para o ano 2017, sobre un total de 59 prazas acreditadas (distribuídas entre 33 especialidades), ofertan 41 prazas.

Está a funcionar a Comisión de Docencia.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

No andar 2 do Hospital Álvaro Cunqueiro (bloque técnico), atópase o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS): espazo de investigación multidisciplinar en biomedicina que ten como obxectivo a promoción da investigación e da innovación, garantindo a aplicación efectiva dos resultados da investigación na mellora da saúde dos cidadáns.

As liñas de investigación que están a desenvolver estrutúranse en 8 áreas:

- Neurociencias e enfermedades psiquiátricas.
- Enfermedades inflamatorias e infecciosas e trastornos inmunitarios.
- Metabolismo, nutrición e enfermedades raras e de base xenética.
- Novas tecnoloxías, biomaterias e enxeñería de tecidos.
- Enfermedades de grandes sistemas, envellecemento e medicina rexenerativa.

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

- Cancro.
- Eficiencia e calidade en sistemas de saúde, seguridade do paciente e economía da saúde.
- Diagnóstico clínico avanzado con RM, diagnóstico por imaxe.

O IISGS reúne aos grupos de investigación clínicos das áreas sanitarias do sur de Galicia (Vigo, Ourense e Pontevedra), e os grupos biotecnolóxicos da Universidade de Vigo. O seu director científico é o coordinador de docencia de grao do CHUVI, Dr. D. José Ramón Fernández Lorenzo.

Anualmente elaboran unha Memoria que recopila os proxectos desenvolvidos, artigos científicos publicados, guías de práctica clínica elaboradas ...

- 6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

O medio de divulgación usado pola Unidade de Formación Continuada da EOXI é a canle de Docencia e Formación Continuada na Intranet, onde se publica toda a información disponible.

Ademais, semestralmente, a Unidade de Formación Continuada envía correos electrónicos achegando a programación de cursos formativos.

Para eventos de relevancia (por exemplo congresos) a difusión da información realizase coa participación da Unidade de Comunicación e Relacións Institucionais.

- 6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Non se obxectivou ningún procedemento protocolizado para difundir internamente este tipo de información entre os profesionais do centro.

As sesións clínicas que programan e realizan os diferentes Servizos do CHUVI continúan a ser un mecanismo de difusión interna de información científico-sanitaria con carácter formativo.

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Sí. Os centros Hospitalarios: Hospital Álvaro Cunqueiro e Hospital Meixoeiro, dispónen de cadansúa biblioteca.

As bibliotecas xestionan a obtención de información directamente a través dos seus fondos físicos (libros, revistas en formato papel) e electrónicos (en Bibliosáude están dispoñibles permanentemente formularios de solicitude). Se non dispónen nos seus fondos da información requerida, cursan tamén solicitudes de préstamos interbibliotecarios .

Nos 9 primeiros meses do 2016, a biblioteca do CHUVI xestionou 2.511 peticións internas de artigos/documentos a outras bibliotecas e 1.651 peticións procedentes doutras bibliotecas, resolveu 1.867 solicitudes internas e 227 buscas bibliográficas e colaborou na realización de 32 cursos de formación a través da Unidade de Docencia.

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

As bibliotecas dos hospitais: Hospital Álvaro Cunqueiro e Hospital Meixoeiro, teñen á súa
fronte cadansúa bibliotecaria.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a
formación continuada, docencia e investigación.

A área de Formación Continuada realiza Memoria anual (documentase a do ano 2015).

O Programa de Formación Continuada ten un apartado adicado á avaliación no que
reflicte os indicadores de calidade a analizar con respecto aos estándares marcados como
óptimos. No Programa formativo do ano 2016 constan os seguintes indicadores
(establecidos e avaliados desde hai anos):

- Acreditación de accións formativas (avalía a calidade das accións formativas,
contemplando os obxectivos, contidos, currículo do profesorado, control da
asistencia).
- Cumprimento do programa formativo (avalía o desenrolo do programa)
- Avaliación de cada acción formativa mediante:
- Enquisa de satisfacción ao alumnado participante
- Valoración do incremento dos coñecementos adquiridos polos asistentes en cada
acción formativo (diferenza de coñecementos pre e post-acción formativa).
- Avaliación do impacto (seis meses despois do remate da acción formativa,
medición dos parámetros de mellora que se querían modificar coa acción;
valoración do impacto da acción na actividade diaria no posto de traballo
percibido polo alumnado).

A área de Docencia ten protocolizado o seguimento e avaliación dos alumnos, residentes
e docentes.

O Instituto de Investigación Sanitaria de Galicia Sur publica Memoria anual.

A área de biblioteca do CHUVI ten pactados obxectivos anuais (ADX específico) coa
Xerencia de Xestión Integrada de Vigo cuxo cumprimento é avaliado a través da
medición dos indicadores establecidos para cada un deles. Documentanse os obxectivos
para a biblioteca do CHUVI asinados para o ano 2016.

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Os recursos asignados ás actividades de formación continuada semellan adecuados.

No Hospital Álvaro Cunqueiro hai 8 aulas de formación (unha delas de simulación de innova) e salón de actos.

No Hospital Meixoeiro hai 1 sala de seminarios, 1 aula docente e 1 sala de xuntas.

No Hospital Nicolás Peña hai 1 aula de formación.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Os recursos asignados ás actividades de docencia semellan adecuados, contando coa participación e implicación dos profesionais sanitarios nas actividades docentes pregraou e posgraoo.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A Fundación Biomédica Galicia Sur xestiona proxectos de investigación e estudos clínicos. Capta fondos de diferentes fontes de financiación: pública a través de subvencións nacionais / internacionais para o desenvolvemento de proxectos, ensaios clínicos comerciais coa industria farmacéutica realizados por facultativos da área, e finanzación a través da colaboración con empresas privadas mediante convenios, colaboracións e doacións.

Na súa páxina web publica o "Plan de actuación e presupuesto da Fundación Biomédica Galicia Sur para o exercicio 2016" (abrange as áreas sanitarias das Xerencias de Xestión Integrada de Pontevedra, Vigo e Ourense).

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Constátese a crecente utilización da biblioteca virtual electrónica por parte dos profesionais do complexo hospitalario, dotados dos axeitados medios informáticos.

Os hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro, dispoñen de cadansúa sala de biblioteca.

- A sala de biblioteca do Hospital Álvaro Cunqueiro abre de 8 a 21 h. de luns a venres, e de 9 a 14 h. os sábados. A súa dotación de persoal é: 1 bibliotecaria (en horario de mañá) + 2 auxiliares de biblioteca (1 pola mañá e outra pola tarde).

COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO

- A sala de biblioteca do Hospital Meixoeiro abre de 8 a 15 h. de luns a venres. A súa dotación de persoal é: 1 bibliotecaria + 1 auxiliar de biblioteca.

A biblioteca que había no Hospital Nicolás Peña non está operativa, pero informan que polo de agora conserva o seu fondo bibliográfico en formato papel, e aproveitando o peche do antigo Hospital Xeral e a apertura do centro Hospital Álvaro Cunqueiro, trasladáronse fondos bibliográficos antigos en formato papel da biblioteca do Hospital Xeral á do Hospital Nicolás Peña.

- 6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, dispoñibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O fondo bibliográfico en edición electrónica está actualizado (Bibliosaúde) e dispoñen de publicacións periódicas. Informan que os principais libros de consulta médica-sanitaria en formato papel dispoñibles nas salas das bibliotecas non se actualizaron nos derradeiros anos.

*COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO***6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN****CONCLUSIÓN:**

- Programa de Formación Continuada planifícase con carácter anual. Está aprobado e en fase de desenvolvemento o Programa de Formación Continuada 2016.
- CHUVI participa na formación pregrao de enfermaría, de fisioterapia, de técnicos de grao medio auxiliares de enfermaría, técnicos en farmacia e na formación específica de persoal de enfermaría para listas especiais de contratación (UCI, Reanimación...). Tamén participa na formación práctica de alumnos de 6º curso de grao de Medicina e na formación de grao doutras titulacións: Farmacia, Psicoloxía, Óptica e Optometría, Nutrición...
- O CHUVI dispón da acreditación docente do Ministerio de Sanidade para participar na formación sanitaria especializada, e ten constituida a Comisión de Docencia.
- No andar 2 do Hospital Álvaro Cunqueiro (bloque técnico) atópanse instalacións do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur. O IISGS reúne aos grupos de investigación clínicos das áreas sanitarias de Vigo, Ourense e Pontevedra e aos grupos biotecnolóxicos da Universidade de Vigo. O seu director científico é o coordinador de docencia de grao do CHUVI.
- A Fundación Biomédica Galicia Sur xestiona proxectos de investigación e estudos clínicos, captando fondos de diferentes fontes de financiación.
- As bibliotecas dos hospitais Álvaro Cunqueiro e Meixoeiro teñen á súa fronte cadansúa bibliotecaria. Constatase a crecente utilización da biblioteca virtual electrónica por parte dos profesionais do complexo hospitalario, dotados dos axeitados medios informáticos.
- Realizase seguimento anual das actividades desenvolvidas na área de Formación Continuada, Docencia e Investigación.

RECOMENDACIÓN:

- Protocolizar o procedemento para difundir internamente información científico-técnica sanitaria de relevancia aos profesionais do CHUVI.
- Fomentar o uso das salas de biblioteca por parte dos profesionais sanitarios e do alumnado (formación pregrao e especialización posgrao), actualizando os principais Manuais e libros de consulta en formato papel do seu fondo bibliográfico.
- Continuar fomentando a implicación e participación dos profesionais sanitarios do CHUVI na formación continuada, nos programas de docencia e nas liñas e proxectos de investigación desenvolvidos no CHUVI.

H. Barbanza. 2004



Protocolo Técnico. Acreditación Hospitalaria –Hospital da Barbanza-2004

Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN

HOSPITAL DA BARBANZA

Data: 2004

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevistada a: Dona Laura Recacho Rivas
Cargo: Responsable de RRHH
:responsable de Calidade.
Director Administrativo

- É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O Hospital do Barbanza non conta cun Plan Xeral de Formación Continuada, onde veña definido a identificación das necesidades de formación do persoal, a planificación e o establecemento de criterios e normas de accións formativas e a súa avaliación.

Existe una comisión de docencia, presidida polo director da Fundación na que está representada todo o persoal sanitario e non sanitario, onde se aprueba con carácter anual as actividades de formación continuada que constan de actividades formativas propias da Fundación, con asignación orzamentaria propia e actividades desenvolvidas a través dun acordo de valoración co FEGAS, obxecto da convocatoria de axudas da Fundación tripartita para a formación no emprego.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O Hospital non dispón acreditación docente para a formación de residentes.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

No tocante a área de investigación sinalar que non conta cun Plan Xeral de Investigación, pero pode constatar a constitución o pasado día 17 de novembro de 2003, dunha comisión de investigación co obxecto de impulsar e promover proxectos e actividades nesta área, como por exemplo, a convocatoria

dun premio de investigación, dotado con tres mil euros (3000 €) para o mellor proxecto elaborado polo persoal do Hospital.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Para facilitar a información sobre os distintos programas, actividades e convocatorias nas áreas de formación e investigación, o procedemento que siguen é o través do correo electrónico cos distintos traballadores e dos tablóns de anuncios que dispón o Hospital na pranta baixa do edificio.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Non existe evidencia de que se disponía dun sistema reglado para difundir internamente a información científico-técnica formativa. O persoal ten acceso á información o través dos fondos bibliográficos a disposición na biblioteca do centro.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca do Hospital facilita a obtención da información e documentación biosanitaria o través de préstamos bibliotecarios e interbibliotecarios, busca bibliográfica, etc.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca conta cun responsable de organización e funcionamento da mesma, con categoría de persoal de servizos xerais (PSX), con adicación parcial, en función da demanda e necesidades de persoal. Non dispón de nomeamento formal do posto nin un documento interno específico que acredeite esta responsabilidade.

A biblioteca non conta cun horario regulado. O persoal do centro ten coñecemento disto e si require os servizos da biblioteca, acude ao responsable para facilitarlle o acceso.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

As actividades desenvolvidas a través do convenio con FEGAS avalianse cos formularios que dispón este organismo e que son distribuídas polo coordinador do curso ao termo do mesmo.

Non hai sistemática na avaliación das actividades formativas organizadas polo propio Hospital.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVIMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Está establecida a dotación de recursos para a coordinación das actividades de formación continuada.

O responsable da área de formación continuada e o responsable da área de recursos humanos (licenciada en derecho), que depende orgánicamente do director administrativo.

Ten constituido a comisión de docencia, que preside o director da Fundación, onde están representados todos los estamentos do Hospital.

Dispón de dúas aulas de formación.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Non dispón de acreditación docente

6.2.1.3.-As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Ten constituida a Comisión de Investigación. O propio Hospital convoca un premio anual de investigación dotado con 3000 euros o mellor proxecto.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O Hospital conta con espacio adicado a biblioteca con suficiente espacio e luz e dotación de estanterías, postos de lectura, e ordenador con base de datos das publicacións e acceso a internet, acorde coas necesidades do centro.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca conta con fondos bibliográficos actualizados (libros, monografías, publicacións periódicas). Ademáis ten a disposición vídeo, monitores de televisión, retrorrefactores, etc.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO	SATISFACTORIO
------------------------------------	---------------

CONCLUSIÓN ÁREA 6

- *A Fundación Pública Hospital do Barbanza, ven desenvolvendo diversas actividades de formación continuada e investigación que son aprobadas anualmente polas comisións respectivas que o centro ten constituidas, entendendo que esta actividade é fundamental dentro da política de xestión do Hospital.*
- *Difunden información xeral sobre a programación de actividades de formación continuada.*
- *Conta cunha biblioteca e diáns aulas de formación cos recursos humanos e materiais adaptados ás necesidades propias do centro.*

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6: CUMPLE SATISFACTORIAMENTE)

RECOMENDACIÓN ÁREA 6

- *Elaboración e implantación dun plan xeral de formación e investigación onde se recolla unha análise profunda das necesidades de formación, a planificación, plan de obxectivos e establecemento de criterios e normas das actividades formativas e a súa avaliación.*
- *Un plan destas características debería contar co apoio, seguimento e avaliación das respectivas comisións e da propia dirección do Hospital. Os programas, actividades e accións contempladas en dito plan, contaría cos seus correspondentes responsables, calendario, recursos, procedemento de rexistro de actividades e sistemática de avaliación.*
- *Regulación con normas escritas, a carteira de servizos e a organización e funcionamento da biblioteca.*



Consellería de Sanidade e Servicios Sociais

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

HOSPITAL DA BARBANZA

Fecha: 15 e 16 de xullo de 2009

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Dna. Raquel Gómez Pérez
Cargo:Directora de xestión (recursos humanos)*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

A formación do persoal establecése por medio dos curso da FEGAS ós que os traballadores teñen acceso. O centro non realiza actividade formativa nin investigadora

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Establécense anualmente os cursos programados pola FEGAS que son de xeral coñecemento por parte do persoal.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Tense creada a comisión de docencia (última reunión no 2008 o 16 de decembro) que ten asignadas as seguintes funcións:

- Decisión sobre as posibles subvencións para asistencia a curso por parte do persoal
- Proxecto de codificación de libro para a biblioteca
- Difusión dos cursos anuais programados pola FEGAS

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Existe espazo físico para o emplazamento da biblioteca ainda que non funciona como tal. Cada servizo posúe o material documental e os libros de consultas necesarios. Existe a posibilidade de acceso a BIBLIOSAÚDE (biblioteca virtual do SERGAS) ainda que a súa implantación está pendente de documentación multimedia para todo o persoal do Hospital. A comisión de docencia destina as subvencions para a compra de libros. Realizouse inventario de material que se atopan nos servizos. O Hospital está suscrito a 4 revistas biomédicas.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Non existe constancia documental de asignación de responsable. Existe a Comisión de docencia.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maíos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Non se fai avaliación de ninguna actividade xa que a área non está formalmente constituida nin se lle aplican obxectivos no inexistente plan de xestión.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO DEFICIENTE

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de formación e a autorización para realización das mesmas así como as subvencións correspondentes son acordadas na Comisión de docencia.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Existe o espazo físico. Sin embargo o acceso a Internet de todo o persoal e a implantación de novas tecnologías (BIBLIOSAÚDE) fan o espazo inoperativo.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O fondo bibliográfico está pendente de completar o inventario proposta na última reunión da comisión de docencia do 2008. O fondo documental está espallado entre os distintos servizos.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO DEFICIENTE

CONCLUSIONES ÁREA - 6

- 1.- O hospital ten constituida a comisión de docencia donde se dirimen as posibles autorizacións e subvencións para asistencia a cursos do persoal do centro.
- 2.- Os cursos son programados pola FEGAS para o persoal. Ténense establecidos os procedementos para a implantación da biblioteca BIBLIOSAÚDE do sergas para o acceso do persoal
- 3.- Tense conexión aínternet para o persoal e o centro está suscrito a 4 revistas médicas especializadas
- 4.- O fondo documental está espallado polos distintos servicios e está pendente de inventario
- 5.- Existe espazo físico para a biblioteca aínda que súa utilización está limitado polos avances tecnolóxicos.

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.- Media de criterios
En letraDEFICIENTE

RECOMENDACIONES ÁREA – 6

- 1.- Designación de responsable formal de formación con constitución da área correspondente e asignación de obxectivos avaliables**
- 2.- Promover actividades de investigación biomédica no Hospital Axiliza-la implantación da biblioteca Bibliosaude do sergas e definir criterios axeitado dentro da comisión de docencia para a autorización da asistencia a cursos mais aló dos criterios económicos.**

H. Barbanza 2012



Consellería de Sanidade

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de
Servizos Sanitarios

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL DA BARBANZA

Xuño 2012

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: Dna. Mónica Rodríguez Castaño, Supervisora de calidad.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Neste apartado o hospital conta coas actividades seguintes: programa de cursos impartidos pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria-FEGAS no propio Centro; programa de formación desarrollado polo propio Centro, e aprobado pola Comisión de Docencia (apórtase programas do ano 2011 e 2012); programación de actividades de formación dende a área de calidad (ex.: formación para procesos que se queren implantar no Centro).

Facíllítase a actividade da Comisión de Docencia no ano 2009 (5 reunións con acta) e ano 2010 (4 reunións con acta).

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

O Centro desarrolla tamén actividades formativas básicamente de carácter práctico para alumnos de auxiliar de enfermaría, técnicos de Radioloxía, técnicos de Laboratorio, etc. a través de convenios coas respectivas escolas.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

No momento actual non consta unha actividade investigadora formalmente reglada polo propio hospital. A actividade investigadora que se desarrolla é a realizada por algún profesional de forma individual.

Actualmente e con motivo da implantación da Área de xestión integrada de Santiago, está en fase de estudio a posibilidade de participar/colaborar o hospital na investigación a través da Fundación de Investigación do CHUS- Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

A información ao persoal sobre as actividades de formación da FEGAS realizaase a través de correo electrónico. Esta información xestiónase mediante a delegada da FEGAS que hai no hospital.

Os cursos de programa do propio hospital difúndense a través da intranet do Centro, tablon de anuncios.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

En xeral facilitase información destas actividades a través dun boletín do hospital “Boletín informativo Hospital da Barbanza”, que actualmente publicase cada dous meses.

Esta publicación inclue información sobre cursos, congresos, e diversas actividades nas que participan os profesionais do Centro.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O Centro conta cunha biblioteca na segunda planta do edificio. Dispón duns 12 postos de ordenador con conexión a internet, posibilidade que teñen tamén os profesionais desde os ordenadores do Servizo correspondente.

A este respecto, os profesionais contan cun fondo bibliográfico electrónico, acceso a internet, acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saúde (Bibliosáude) na que están incorporados os Centros do Servizo Galego de Saúde, cun destacado fondo en bases de datos, revistas e libros electrónicos.

Na área de biblioteca realizanse tamén cursos de manexo en informática.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Non consta formalmente un responsable da biblioteca. A Biblioteca depende da Comisión de Docencia e conta cunha auxiliar administrativa para xestionar o correo da biblioteca.

A área de biblioteca como norma está pechada, e se algén precisa utilizala debe de pedir a chave ao servizo de seguridade do Centro.

Actualmente a biblioteca utilizase mais como aula de informática.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maíos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.
En xeral ao final de cada curso realizaase unha enquisa protocolizada aos alumnos, e avaliaase cada curso de forma individual.
Os cursos dependentes da FEGAS teñen o seu propio procedemento evaluativo.
Os cursos desarrollados polo Centro avalíanse de acordo cuns cuestionarios avaliativos protocolizados polo propio hospital. En cursos nos que procede, o Centro tamén realiza avaliações prácticas no posto de traballo por un tutor.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DO CRITERIO: <i>SATISFACTORIO</i>
--

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
En termos xerais para estas actividades apórtanse recursos por parte do Hospital da Barbanza e da FEGAS.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
Fundamentalmente estas actividades realizanse con recursos do Centro.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

No momento actual non consta unha actividade formalmente reglada polo Centro. A actividade investigadora que se desarrolla é a realizada por algúm profesional de forma individual. Está pendente da posibilidade de participar neste campo a través da Fundación de Investigación do CHUS.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvimento das súas actividades.

O Centro conta cunha biblioteca dotada cunha serie de recursos: 12 postos de lectura con ordenador , acceso a internet, un fondo bibliográfico electrónico, con acceso a biblioteca virtual do Servizo Galego de Saíde (BiblioSaíde), cun fondo en bases de datos, revistas e libros electrónicos. Posibilidade de utilización de fotocopiadora e impresoras.

A área de biblioteca como norma está pechada, para a súa utilización o persoal debe de pedir a chave ao servizo de seguridade do Centro.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Como se indicou anteriormente, o Centro dispón dun fondo bibliográfico electrónico destacado, a través da biblioteca virtual BiblioSaíde, na que se inclue entre outros unha serie de servizos: buscador de recursos electrónicos, buscas bibliográficas, localización e obtención de documentos, solicitude de artigos, publicacións da organización, formación de usuarios, recursos de información (bases de datos, libros, revistas electrónicas, banco de imaxes e vídeos, guías de práctica clínica/protocolos, etc.). Contando tamén coa posibilidade de acceso dende a biblioteca e dende o Servizo correspondente do hospital.

NIVEL DE CUMPLIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

- *O hospital conta cunha estrutura organizada para o desenvolvemento das súas actividades de formación continuada, de docencia e investigación.*
- *O hospital con respecto a estas actividades de docencia e formación, realiza actividades coa finalidade de avaliación das diferentes actuacións desarrolladas.*
- *O hospital conta cun espazo destinado a biblioteca propiamente dito, e posibilidade de acceso a fondos bibliográficos electrónicos adecuada. No consta formalmente responsábel de biblioteca.*
- *O Centro, aporta e recada recursos humanos e materiais para o adecuado desenvolvemento das súas actividades de docencia e formación continuada.*

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-**SATISFACTORIO**

RECOMENDACIÓN ÁREA – 6

- *Manter a adecuada estrutura organizativa para o desarrollo e posta en práctica das actividades que en materia de formación continuada, docencia e investigación realiza o hospital, así como a difusión das mesmas.*
- *Seguir potenciando a área de biblioteca do Centro. Nomear a un reponsábel formal da área. Implantar un horario formal de apertura da biblioteca.*
- *Manter e actualizar os procedementos de avaliação das actividades desenvolvidas no Centro, respecto a formación continuada, docencia e investigación.*
- *Seguir potenciando a dedicación e recursos para o desarrollo das actividades de docencia, formación continuada e investigación do Centro.*

H. Barbanza 2016.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Servicio de Inspección de Servicios Sanitarios

Protocolo Técnico. Acreditación Hospitalaria –Hospital da Barbanza-2016

Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios

**AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN
HOSPITAL DA BARBANZA**

DATA: xuño 2016

6. ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

ENTREVISTA REALIZADA A: JOSÉ CASTILLO SÁNCHEZ

CARGO: COORDINADOR DE INVESTIGACIÓN E DOCENCIA EOXI SANTIAGO

NON APLICA

A formación continuada, docencia e investigación e coordinada e impartida polo IDIS, (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela), centro de investigación, innovación e formación compartindo recursos coa Universidade de Santiago.

Con respecto aos fondos bibliográficos de que dispón o hospital, son os compartidos con todos os hospitais do Sergas a través de Bibliosaude.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e para - sanitario vinculado e con actuación no centro.

6. ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

ENTREVISTA REALIZADA A: JOSÉ CASTILLO SÁNCHEZ

CARGO: COORDINADOR DE INVESTIGACIÓN E DOCENCIA EOXI SANTIAGO

NON APlica

A formación continuada, docencia e investigación e coordinada e impartida polo IDIS, (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela), centro de investigación, innovación e formación compartindo recursos coa Universidade de Santiago.

Con respecto aos fondos bibliográficos de que dispón o hospital, son os compartidos con todos os hospitais do Sergas a través de Bibliosaude.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e para - sanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimientos:

- 6.1.1. O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:
 - 6.1.1.1. De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
 - 6.1.1.2. Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 - 6.1.1.3. De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.
- 6.1.2. Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.
- 6.1.3. Difúndese internamente información científico -técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.
- 6.1.4. A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.
- 6.1.5. Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.
- 6.1.6. Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

- 6.2.1. A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:
- 6.2.1.1. As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
 - 6.2.1.2. As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e para-sanitarias.
 - 6.2.1.3. As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.
- 6.2.2. O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.
- 6.2.3. A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

CONCLUSIÓNS ÁREA 6:

RECOMENDACIÓNS ÁREA 6:

H. do Salnés 2002.



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DO SALNÉS

Data: Novembro 2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: D Javier Fernández Couto
Cargo: Director de Xestión*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

6.1.1.2.- Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.1.1.3.- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Non se ten establecido plan específico de formación para o persoal do centro. Continúa a Comisión de Docencia e investigación o 23 de xaneiro de 2002, na que participan tódolos colectivos profesionais do centro. As reunions son periódicas e nelas debítese sobre os temas de formación, investigación e docencia. Existe programa de formación segundo proposta Forcem 2002-2003.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Das actividades formativas desenvolvidas dase cumprida información ós traballadores do hospital.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Tense establecido normativa sobre a realización de sesiones clínicas docentes xerais na que se pretende que participe o maior número de traballadores posible.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Existe local físico destinado para o cometido da biblioteca. Nas sesións da comisión de docencia estase a establecer a posibilidade de contar con biblioteca vía internet. A dotación da biblioteca non é moi extensa debido ó recente da súa creación.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro. Na comisión de Docencia celebrada en maio do 2002 estableceuse a composición de varias subcomisións, entre elas a de biblioteca, na que se nominalizan claramente os responsables directos.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Dende o momento da posta en funcionamento do hospital e das súas comisións, entre elas a de docencia, non se tivo tempo para realiza-la avaliación das actividades formativas. As distintas subcomisións formadas teñen a misión da avaliación das actividades cando se produzcan.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO...SATISFACTORIO.....

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINHAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACION.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades formativas e de investigación son coordinadas pola comisión de docencia, con asignación dos distintos responsables. A actividade de docencia no centro centrarse en sesións

clínicas xerais de participación amplia. Existe coordinación con distintos organismos (educación, centros de primaria) de colaboración en actividades formativas.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O espacio é suficiente e axeitadamente sinalizado; do mesmo xeito serve como aula de formación.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Estase neste momento na fase de dotación de material física e informático, e ademais de a posibilidade de biblioteca a través de internet.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO...SATISFACTORIO.....

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

- O centro conta co espazo físico suficiente para a creación da biblioteca biosanitaria.
- A creación da comisión de docencia, e dentro de ela, das distintas subcomisións, garante un tratamento axeitado e planificación das actividades de docencia, formación e investigación.
- Estas actividades son coordinadas a través da comisión, con asignación de distintos responsables.
- Téñense aprobado distintos planes de formación así como se teñen establecido axeitados medios de colaboración con distintas institucións.
- A actividade formativa fundamental consiste na convocatoria de sesións clínicas xerais debidamente aprobadas e publicitadas.

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6.-

Media de criterios
SATISFACTORIO

RECOMENDACIONES ÁREA -6

- Débese seguir coa actividade inicialmente desenvolvida e coordinada pola comisión de docencia.
 - Cómpre a paulatina dotación material da biblioteca biosanitaria incluíndo a proposta feita da creación da biblioteca a través de internet.
-

H. do Salnés 2010

Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría y Acreditación

**AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN
DE HOSPITALES**

HOSPITAL DO SALNES

Fecha: 20-03-2010

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Nombre Apellidos Pilar Castro Ruiz
Cargo : Presidenta de la Comisión de Docencia*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Está establecido un plan de Sesións clínicas xenerais, cada dous meses, nas que participa todo o persoal do hospital e as que normalmente se invitan a docentes doutros centros.

Ademais, cada servizo ten programadas as suas sesións específicas.

Por parte da xerencia, fomentase e apoiase a asistencia a cursos de formación de todos os profesionais.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

En maio de 2009, foi acreditado para formación de residentes de Medicina de Familia (tres residentes).

Impártense docencia pregado os alumnos da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela de 4º e 5º curso.

Tamén se imparte docencia a alumnos de enfermería e de Formación Profesional.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Recentemente foron incluidos no Plan de investigación da Consellería de Sanidade

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Envíase información a todo o persoal por correo electrónico.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

O ser un hospital pequeno, a difusión da información entre profesionais é fluida.

Tamén se utiliza habitualmente o correo electrónico

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

*Utilízase fundamentalmente o sistema de Bibliosaude.
Calquera información que se precise solicítase a la bibliotecaria por correo electrónico.*

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

O frente da biblioteca está unha bibliotecaria

6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Realízase un informe anual

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXETIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Todas as actividades formativas son coordinadas pola comisión de docencia, que foi establecido como tal o 8-05-2008 e das que se constataron actas con periodicidade de 2-3 meses.

Anteriormente estas actividades coordinabanse dende a Comisión Técnica de Asesoramento, as Direccións (Acta de constitución de 24-06-2005) que reunianse cada dous meses.

A xerencia do hospital, na medida do posible, fomenta e apoia as actividades de formación.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispón dun local que tamén se utiliza para reunións da Comisión de docencia.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Dende datas recentes dispón de fondos bibliográficos cedidos por o CHOP e de fondos procedentes de donacións. Non obstante utilizase fundamentalmente a biblioteca on line (bibliosaúde).

Está prevista a instalación dun sistema Wi fi em todo o hospital para facilitar os accesos bibliográficos.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO:SATISFACTORIO

CONCLUSIONES ÁREA - 6

- O centro conta cunha comisión de docencia que se reúne regularmente e de cuxas reunións constatanse actas e informe anual.
- A comisión de docencia coordina todas as actividades formativas tanto docencia pre como postgrado.
- A comisión de docencia encargase da difusión das actividades científicas en todos os niveis..
- Existe unha biblioteca de reciente creación que, xunto co sistema on line, resulta adecuada para as actividades formativas do centro

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.-

SATISFACTORIO

RECOMENDACIONES ÁREA - 6

- Continuar a actividade desarrollada pola comisión de docencia, fomentando a participación de todo o persoal do hospital en todas as actividades formativas e investigadoras

H. do Salnes 2012

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria



Secretaría de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

**AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN
DE HOSPITALES**

HOSPITAL DO SALNES

Fecha: NOVEMBRO 2012

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Dna Pilar Castro Ruiz
Cargo: Presidenta da Comisión de docencia. Facultativo especialista ORL*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro
- 6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O hospital do Salnés ten constituído formalmente unha Comisión de Formación Continuada que anualmente elabora e coordina un Plan Anual de formación continuada na que ven reflextidos os obxectivos e relación de actividades formativas que son propostas o FEGAS.

Ten establecido un programa de sesións clínicas xerais con carácter mensual onde participan profesionais dos distintos servizos do centro e que en ocasións interveñen profesionais de outros centros sanitarios.

En materia de docencia ten constituída a Comisión de docencia que coordina e evalúa o programa MIR acreditado, dende o ano 2009 para a especialidade de medicina de familia e comunitaria.

O mesmo tempo, ten asinado convenios coa USC e Consellería de Educación para o desenvolvemento das prácticas de alumnos da facultade de medicina, E.U. de enfermería e de formación profesional.

En materia de investigación, a través, da Fundación para a investigación, desenvolvemento e innovación do área integrada, o Hospital do Salnés participa en proxectos de investigación, existindo evidencia dos seguintes:

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria

TITULO	INVESTIGADOR
<i>Efectividad de la estimulación del punto de acupuntura V67 para la versión fetal en presentación podáica.</i>	<i>Dña Susana Iglesias Casás. Matrona</i>
<i>Valoración de consumo de sustancias en pacientes accidentados.</i>	<i>Jose. M. Vázquez Lima. Xefe de servizo de Urgencias.</i>
<i>Evaluación de intoxicaciones por monóxido de carbono en el área del Salnés.</i>	<i>Jose M. Vázquez Lima. Xefe de servizo de urgencias.</i>
<i>Estudio observacional, transversal para evaluar la experiencia de los cuidados en pacientes con enfermedad de alzheimer tratados con monoterapia oral transdérmica.</i>	<i>Manuel Seijo Martínez. Facultativo especialista medicina interna.</i>

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As actividades de formación continuada que se realizan no centro son difundidas a través do correo electrónico e nos tablóns de anuncios existentes nas distintas área do hospital.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Existe a posibilidade de acceso a aquela información que os profesionais pretendan obter a través das publicacións e fondos bibliográficos que dispone o centro na Biblioteca.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A organización e funcionamento da biblioteca non están definidas de xeito formal, non obstante, os profesionais do centro coñecen o procedemento de utilización dos recursos da biblioteca.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A presidenta da comisión de formación continuada é a responsable da organización e funcionamiento da biblioteca.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Non existe constancia que se realiza a avaliación de resultados das actividades de formación onde se determina, entre outras, a valoración media da calidade e eficacia das actividades formativas. Pola súa contra, a Fegas avalia os resultados incluídos no programa de formación do centro.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVIMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesions sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Para a coordinación das actividades de formación continuada, o hospital conta cunha responsable da área de formación sen nomeamento formal. Para os cursos dependentes da Fegas dispónen dun coordinador.

O Hospital conta cun salón de actos e unha biblioteca con material de apoio e informático con acceso a internet. As actividades de investigación que se realizan se levan a título persoal, si ben todos los proxectos son elevados a Comisión de docencia e na actualidade se coordinan a través da Fundación para a investigación existente na Área de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispón dunha sala destinada a biblioteca e que en caso de necesidade é utilizada tamén para reunións das distintas comisións.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

A biblioteca conta con fondos bibliográficos propios, moitos deles procedentes de donacións dos propios profesionais. O hospital ten instalado o sistema Wi Fi. Os profesionais utilizan para o acceso a información científico-técnica a biblioteca virtual Bibliosaude.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- *O hospital do Salnés ten constituído formalmente unha Comisión de Formación Continuada que anualmente elabora e coordina un Plan Anual de formación continuada na que ven reflectidos os obxectivos e relación das actividades formativas que son propostas o FEGAS.*
- *A organización e funcionamento da biblioteca non están definidas de xeito formal, non obstante, os profesionais do centro coñecen o procedemento de utilización dos recursos da biblioteca.*
- *Non existe constancia que se realiza a avaliación de resultados das actividades de formación onde se determina, entre outras, a valoración media da calidade e eficacia das actividades formativas. Pola súa contra, a Fegas avalia os resultados incluídos no programa de formación do centro.*
- *Para a coordinación das actividades de formación continuada, o hospital conta cunha responsable da área de formación sen nomeamento formal. Para os cursos dependentes da Fegas dispónen dun coordinador.*

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6:**SATISFACTORIO**

RECOMENDACIÓN ÁREA 6

- *Debe establecerse formalmente un programa formativo anual dirixido a todos os traballadores sanitarios e non sanitarios do centro, baseado na información obtida dos resultados do plan de necesidades, optimizando a planificación dos RRHH e a valoración da competencia profesional. Con carácter anual, sería conveniente, a realización dun informe da calidade formativa, que permita detectar puntos de mellora e correcta adquisición de coñecementos.*
- *Potenciar a Comisións de docencia e formación continuada e establecer un sistema regrado sobre o seu funcionamento interno.*
- *Establecer os mecanismos necesarios para levar a cabo unha mellora da información a todos os traballadores do hospital sobre o acceso os recurso existentes na área de información científica, conexión a internet, fondos bibliográficos, plataforma bibliosaúde...).*
- *Establecer o nomeamento formal do responsable da área e o seu sustituto en caso de ausencia.*

H. do Salnés 2015

Protocolo Técnico de Acreditación Hospitalaria

XUNTA DE
GALICIA

ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPIITAIS

HOSPITAL DO SALNES

Data: MARZO 2015

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: Dona Natalia Lafuente Acuña.

Cargo: Presidenta da Comisión de Docencia de Medicina Familiar e Comunitaria. Titula de residentes de Medicina Familiar. Facultativo especialista en Medicina Familiar e Comunitaria

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

Pendente de formalización do nomeamento polo Xerente da EOXI de Pontevedra e Salnés

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACION CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACION, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da sua realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesions sanitarias e parasanitarias.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

A Unidade de Docencia, Formación Continuada e Investigación do Hospital do Salnés depende da Area corresponde da EOXI de Pontevedra.

A elaboración e coordinación do Plan Anual de formación continuada, no que veñen reflectidos os obxectivos e relación de actividades formativas que son propostas pola FEGAS, é realizada pola Comisión de Formación Continuada da EOXI.

Ten establecido un programa de sesións clínicas xerais con carácter mensual onde participan profesionais dos distintos servizos do centro e que en ocasións intervénen profesionais de outros centros sanitarios.

En materia de docencia ten constituída a Comisión de Docencia que coordina e avalia o programa MIR acreditado, dende o ano 2009 para a especialidade de medicina de familia e comunitaria.

A unidade de Docencia programa os cursos para residentes a impartir no H. do Salnés, actividade que é comunicada ao responsable de Docencia da EOXI.

A presidenta da Comisión de Docencia do Hospital do Salnés reúñese periodicamente co responsable da Comisión de Docencia da EOXI de Pontevedra e Salnés.

Ao mesmo tempo, ten asinado convenios coa USC e Consellería de Educación para o desenvolvemento das prácticas de alumnos da Facultade de Medicina de Santiago (formación pregrafo), E.U. de enfermería e de formación profesional.

En materia de investigación, desenvolvemento e innovación da área integrada, o Hospital do Salnés participa en proxectos de investigación.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As actividades de formación continuada que se realizan no centro son coordinadas pola Unidade de Formación Continuada e Investigación da EOXI, e difundidas a través do correo electrónico e nos taboleiros de anuncios existentes no centro hospitalario.

6.1.3.- Difundese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A actividades son difundidas a través do correo electrónico.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Utilízase o sistema de biblioteca virtual BiblioSaúde. Calquera petición de activos val a través da biblioteca electrónica (Intranet SERGAS), cun bo funcionamento. Non hai persoal administrativo. De feito a biblioteca permanece pechada, os profesionais deberán solicitar a chave ao servizo de seguridade do centro (rexistros da solicitude asinados polos profesionais)

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Non hai responsable. A organización e funcionamiento da biblioteca non están definidas de xeito formal, non obstante, os profesionais do centro coñecen o procedemento de utilización dos recursos da biblioteca.

No Manual de Acollida de MIR infórmase aos residentes sobre a utilización da biblioteca, das publicacións científicas e libros e material de apoio dos que dispón.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A unidade de Docencia realiza un informe anual que é remitido á EOXI de Pontevedra e Sainés.

A Formación Continuada é valorada pola EOXI.

NIVEL DE CUMPRIMENTO CRITERIO 6.1: REGULAR

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINHAS DE ACTUACION EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades formativas en materia de docencia son coordinadas pola Comisión de Docencia.

A responsable da área está á espera do nomeamento formal, de feito constátase que na acta da reunión da comisión de 28 de outubro de 2014 foi elixida presidenta da mesma.

A Comisión de Docencia elabora con carácter anual un Manual de Acolida de MIR con información sobre os recursos materiais e técnicos dos que dispón o centro e as actividades formativas que van ser desenvolvidas pola Unidade Docente (sesións clínicas, cursos obligatorios ...)

As actividade de Formación Continuada, e cursos da FEGAS son coordinados dende a EOXI.

Os estudos e proxectos de investigación son coordinados pola EOXI, e autorizados pola Comisión de Ética da EOXI.

O Hospital conta cun salón de actos e unha biblioteca con material de apoio e informático con acceso a internet.

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das suas actividades.

Dispón dunha sala destinada a biblioteca e que en caso de necesidade é utilizada tamén para reunións das distintas comisións.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Utilízase fundamentalmente a biblioteca on line. O hospital ten instalado o sistema wifi

Dende a biblioteca do CHOP remiten vía correo electrónico a información actualizada das publicacións científicas e información relevante de BiblioSaúde. Tamén dispón de fondos bibliográficos propios.

NIVEL DE CUMPRIMENTO CRITERIO 6.2: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

- *Para a coordinación das actividades de docencia, o hospital conta cunha responsable da área de docencia sen nomeamento formal, que ostenta os cargos de presidenta da Comisión de Docencia e titora de residentes de medicina de familia.*
- *A formación continuada e os cursos da FEGAS son coordinados dende a EOXI de Pontevedra e Salmés.*
- *O hospital do Salmés ten constituído formalmente unha Comisión de Docencia que coordina tódalas actividades formativas tanto docencia pre e postgrao. A Unidade de Docencia realiza un informe anual que é remitido á EOXI de Pontevedra e Salmés.*
- *Nas actas da Comisión de Docencia constatouse que dende o ano 2011 non se reuniu ata o 28/10/2014.*
- *Na actualidade a información científico-técnica pone a disposición dos profesionais a través da biblioteca virtual Bibliosalme. Dende a biblioteca da EOXI remítense aos profesionais información sobre publicacións e artigos científicos.*
- *A organización e funcionamento da biblioteca non están definidas de xeito formal, no entanto, os profesionais do centro coñecen o procedemento de utilización dos recursos da biblioteca.*

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6.-

REGULAR

RECOMENDACIÓNS ÁREA -6

2. *Potenciar a Comisión de docencia e establecer un sistema pregrao sobre o seu funcionamento interno.*
3. *Establecer o nomeamento formal do responsable da área e o seu substituto en caso de ausencia.*
4. *Fomentar a participación do todo o persoal do hospital nas actividades formativas e investigadoras.*



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

CENTRO:

HOSPITAL DA COSTA

Data: XANEIRO 2003

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: DON ENRIQUE ROUCO REY
DONA BLANCA REIMUNDE NOREÑA
Cargo: RESPONSABLE DE FORMACIÓN CONTINUADA E RESPONSABLE DE DOCENCIA E INVESTIGACIÓN*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da sua realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

Do programa anual de formación continuada do persoal das Institucións Sanitarias do Servicio Galego de Saúde, da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), extráese un Plan de formación do hospital, cun tope de horas, as cales repártense entre os distintos estamentos segundo as necesidades.

No ano 2001 impartíronse 6 cursos: terapéutica antibiótica hospitalaria, planificación de coñecidos na área xerárquica, actualización de coñecementos e orientación do rol profesional para auxiliares de enfermería, fundamentos de asistencia sanitaria para celadores, superior de linguaxe administrativo galego e acceso á información nun centro sanitario.

No ano 2002 impartíronse 8 cursos, cun total de 164 horas e 275 prazas. Delas, o persoal sanitario corresponderonlle 80 horas e 125 prazas, o persoal non sanitario 58 horas e 80 prazas, e comuns para as distintas categorías do persoal, 26 horas e 70 prazas. Os cursos impartidos foron os seguintes: preventión de riscos laborais, taller sobre a xestión da xornada laboral, avanzado de actualización de coñecementos e orientación do rol profesional para auxiliares de enfermería, deseño e implantación dos programas de calidade de coñecidos, centrais térmicas hospitalarias, facturación a terceiros obrigados ó pago e xestión de cobros e ergonomía, mobilización e traslado de pacientes.

A documentación correspondente ó programa e o material docente de cada curso arquivase no departamento de persoal que é onde está localizado o posto de traballo do Coordinador da formación continuada e representante do hospital para estes temas na FEGAS, de igual forma arquivase o rexistro de asistentes. Por cada curso impartido realizaase a entrega da súa correspondente certificación de asistencia.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Participan en programas docentes de pregrado para alumnos de Formación Profesional nas seguintes categorías: auxiliares de clínica, celadores, documentación médica, informáticos; e para alumnos de Medicina no verán (45 estudiantes cada verán -15 por mes -).

Participan en programas docentes de postgrado para residentes de Medicina de Familia. No 2001 tiveron cinco residentes no 2002 dous residentes, ainda que a media é que teñan sobre cinco residentes ó ano.

Está designado un Titor de docencia, que é un facultativo adxunto de Medicina Interna; impártese dúas sesións semanais entre titor e residente. Os dous primeiros anos de residencia realizaña no hospital e o terceiro ano en centros de saúde de Lugo, xa que en Burela non existe ningún centro de saúde acreditado. Está designada unha Coordinadora da Unidade Docente centros de saúde de Lugo.

Esta constituída e funcionante a Comisión de Docencia, no ano 2002 reunironse cinco veces, levantándose a súas correspondentes actas.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Non participan en proxectos de investigación financiados polo FIS; teñen en marcha un ensaio clínico de Dermatoxia multicéntrico, dobre cego, paralelo e aleatorio de flumazol ó 10% (solución unxeal) fronte a mororfina ó 5% (solución unxeal) en pacientes afectados de onicomicose, sendo o primeiro ensaio nos dous últimos anos. Non teñen constituida a comisión de investigación.

A comisión de docencia elabora un informe anual cos artigos publicados en revistas de carácter científico.

Durante o ano 2002 tiveron lugar cento vinte e seis permisos a persoal facultativo dos distintos servicios do hospital para participar en cursos, congresos e outras actividades formativas.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Das actividades de formación continuada programada dáse a información precisa e coa antelación suficiente para que o persoal poida elixir, existindo información pública no taboleiro xeral de anuncios.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A información científico-técnica formativa que chega ó hospital difúndese desde a Xerencia ás distintas Direccións para que desde ali se fagan chegar ós profesionais implicados; cando a información é de interese xeral remítense á Biblioteca do hospital.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O horario de funcionamento da biblioteca é de 08:00 a 15:00 horas, de luns a venres e un sábado de cada tres. Hai un documento dos servizios e normas que está no taboleiro de anuncios da biblioteca. Como servizios que ofrece están o préstamo de libros, revistas, vídeos e diapositives, préstamo interbibliotecario, catálogos de fondos da biblioteca, reprografía e busca bibliográfica, disponendo da base de datos de MEDLINE (1989).

Os préstamos quedan reseñados no libro de rexistro da biblioteca. Para solicita-lo préstamo interbibliotecario débese cubrir un impreso específico e para os artigos urgentes existe a posibilidade de solicita-los por FAX. Para solicitar unha busca bibliográfica igualmente se debe cubrir o impreso destinado a tal fin.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Ó fronte da organización e funcionamento da biblioteca está unha administrativa que, a súa vez é Licenciada en Dereito e diplomada en Criminoloxía. É o único persoal con que conta a biblioteca.

- 6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Respecto dos cursos de formación realizados baixo a dirección da FEGAS, esta entidade realiza as enquisas de avaliación ós asistentes de cada curso e posteriormente remiten un informe sobre os resultados ó hospital correspondente.

Respecto dos cursos de formación realizado baixo a dirección do propio hospital, é o propio hospital o encargado de realiza-la avaliación ós asistentes a través das mesmas enquisas que se utilizan na FEGAS. No 2002, o único curso realizado a iniciativa do hospital foi sobre a capacitación en lactación materna.

En Docencia, ós residentes realizáelles unha avaliación formal ó ano, con nota media de cada rotación.

Non existe un plan de avaliación periódica dos ensaios clínicos, se ben hai que ter en conta que a actividade en este punto é moi pequena.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Como recursos humanos contan cun coordinador administrativo de cursos, que é a súa vez o enlace coa FEGAS, e un celador como persoal de apoio, para o reparto de material, control de firmas, diapositivas, etc.

Como recursos materiais dispónen do salón de actos do hospital, para a realización dos cursos e se é necesario tamén da biblioteca. O orzamento corre a cargo da FEGAS, así coma súa xestión.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Como personal exclusivo para docencia non existe ningún, se ben coa participación directa nestas actividades están todos os membros da Comisión de Docencia e a bibliotecaria.

Dentro dos recursos materiais, disponen de locais onde desenvólvelas súas actividades, como son a biblioteca e o salón de actos; están en vías de implantación dunha aula informática na Casa do Mar, calculando que a terán funcionante nun par de meses. Contan con vídeos e material de proxección de diapositivas, así coma de material informático na biblioteca (dous ordenadores na sala de consulta ou lectura).

6.2.1.3 - As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Non disponen de persoal nin de recursos materiais específicos dedicados a estas actividades.

- 6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispoñen dun local destinado á biblioteca biosanitaria, dentro do cal está diferenciada unha zona de reprografía e un arquivo documental, ademais das zonas administrativas e a zona de consulta ou estudio, moi luminosa e con 36 postos de lectura; así mesmo disponen dos recursos humanos e materiais xa especificados e que se consideran suficientes para o desenvolvemento das súas actividades, constatándose a alta preparación da responsable da biblioteca no desenvolvemento das súas actividades.

- 6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Dispón dun catálogo de subscricións anuais e dun catálogo de publicacións periódicas a través de Internet, integrado no C17 "Catálogo colectivo de publicacións periódicas de las Bibliotecas de Ciencias de la Salud Españolas". Así mesmo, disponen dun catálogo de libros para o persoal do hospital e outro catálogo de libros para adultos-pacientes, así como guías amplias de recursos de Internet referentes a Medicina e/ou Enfermería, clasificadas por especialidades. Realizan unha actualización exhaustiva dos catálogos anualmente e cada 15 días actualizase o catálogo do C17.

Dispoñen de material de videoteca e de proxección de diapositives.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA - 6

- ♂ O hospital desenrola anualmente un plan de formación continuada, que é aprobado dentro do plan de formación continuada do persoal das institucións sanitarias do SERGAS, organizado pola Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS). Este plan está dirixido a tódolos estamentos, con reparto das horas de formación segundo as necesidades. Consérvase un rexistro dos cursos realizados, a documentación correspondente ó programa e o material docente de cada curso arquívase no departamento de persoal, de igual xeito se arquiva o rexistro de asistentes. Por cada curso impartido entrégase a súa correspondente certificación de asistencia. Realizase avaliación sistemática de tódolos cursos impartidos mediante un modelo tipo de enquisas da FEGAS, que é cuberto polos asistentes. Como responsable ó fronte, pero sen dedicación exclusiva, está un coordinador administrativo de cursos.
- ♂ Así mesmo desenrolan actividades de docencia, participando tanto en programas de pregrado como de postgrado, e dirixidas a profesións sanitarias e parasanitarias. Os programas docentes de pregrado impártenos en período lectivo ás distintas categorías dentro da Formación Profesional e en período de vacacionáns a estudiantes becados de Medicina. Os programas docentes postgrado impártenos a médicos residentes de Medicina de Familia, cunha media de 5 residentes por ano; os dous primeiros anos impártenos no hospital e o terceiro en centros de saúde acreditados de Lugo. Non hai un responsable exclusivo para as actividades de docencia, se ben participan os compoñentes da comisión de docencia. Os residentes son sometidos a unha avaliación formal ó ano, con nota media de cada rotación.
- ♂ A información sobre as actividades de formación colócase no taboleiro de anuncios xeral do hospital, a información científico-técnica formativa que chega ó hospital difúndese dende a Xerencia ás distintas Direccións para que dende ali se fagan chegar ós profesionais implicados; cando a información é de interese xeral remítense á Biblioteca do hospital.
- ♂ Non participan en proxectos de investigación, se ben teñen en marcha un ensaio clínico de Dermatoxia, multicéntrico, dobre cego, paralelo e aleatorio de fluimazol ó 10% (solución unxeal)

fronte amorolfina ó 5% (solución unxeal) en pacientes afectos de onicomicose, sendo o primeiro ensaio nos dous últimos anos. Non teñen constituída a comisión de investigación.

- ☞ A comisión de docencia elabora un informe anual cos artigos publicados en revistas de carácter científico e danse todo tipo de facilidades para a asistencia do persoal a cursos e/ou congresos relacionados coa súa actividade laboral.
- ☞ A biblioteca do hospital ofrece como servicios o préstamo de libros, revistas, vídeos, diapositivas, préstamo interbibliotecario, catálogos de fondos da biblioteca, reprografía e busca bibliográfica, disponendo da base de datos de MEDLINE (1989); dispón dun bo fondo bibliográfico actualizado, cun catálogo de subscricións anuais e un catálogo de publicacións periódicas a través de Internet, integrado no C17 “Catálogo colectivo de publicaciones periódicas de las Bibliotecas de Ciencias de la Salud Españolas”. Así mesmo, disponen dun catálogo de libros para o persoal do hospital e outro catálogo de libros para adultos-pacientes, así coma amplias guías de recursos de Internet referentes a Medicina e/ou Enfermería, clasificadas por especialidades; dispón de material de videoteca e de proxección de diapositivas. Como responsable da organización e funcionamento da biblioteca, contan cunha licenciada en Dereito e diplomada en Criminoloxía.
- ☞ Para o desenrollo das actividades de formación e docencia utilizan o salón de actos e a biblioteca, estando en vías de funcionamiento unha sala de informática na Casa do Mar.
- ☞ A formación continuada é financiada a través do orzamento da FEGAS.

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-

SATISFACTORIO

RECOMENDACIÓN ÁREA - 6

- ⇒ A información xeral sobre as actividades docentes e de formación continuada debería plasmarse nun taboleiro de anuncios específico da biblioteca, actualmente só aparecen no taboleiro de anuncios xeral do hospital.
- ⇒ Deberían asignarse aulas específicas de docencia.
- ⇒ Deberían realizarse enquisas periódicas ó persoal que recibe docencia no hospital como ferramenta para medir si se están acadando correctamente os obxectivos do programa.
- ⇒ Debería constituirse o Comité de Formación Continuada, coa fin de potenciar este programa, dado que é un instrumento imprescindible no proceso de progreso científico-técnico e a súa vez vai estreitamente ligado ó logro do obxectivo dunha mellora continuada dos niveis de calidade asistencial.
- ⇒ Debería haber un responsable común das actividades de formación continuada, docencia e investigación.



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

Hospital da Costa (BURELA)

Fecha: 27 e 28 SETEMBRO 2010

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

**Entrevista efectuada a: M^a Jesús Lage Casas
Cargo: Directora de Xestión e Servicios Xerais**

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACION, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

6.1.1.2.- Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.1.1.3.- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O Hospital conta cun plan integrado de formación do persoal a dous niveis: plan de formación xestionado pola Fegas (dependente do Sergas con actividade formativa programada anualmente e con sede no hospital; por outra parte existe plan de formación de seguridade e saúde no traballo promovido e desenvolvido polo departamento de saúde laboral do centro. Do mesmo xeito existe comisión de investigación que avalia e da autorización a diversos proxectos de investigación que se desenvolven no centro.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

A información sobre a programación dos cursos e acceso a eles é puntualmente difundida entre o persoal do centro.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A posibilidade de acceso as distintas actividades formativas están axeitadamente publicitadas e o acceso a estas actividades está correctamente desenvolvido.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca conta cun espazo físico diferenciado cunha dotación documental acorde coas actividades desenvolvidas polo centro. Todo o persoal ten acceso a mesma. Existen tres postos informáticos desde os que se accede a Internet.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Existe responsable encargado do préstamo e accesos especiais da área.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maílos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A avaliação faise no contexto xeral da Fegas e a programación en anos posteriores depende da propia aceptación da actividade por parte do persoal e das enquisas que se desenvolven de xeito sistemático

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO Cumple satisfactoriamente

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVIMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A convocatoria dos cursos se fai pola propia proposta dos profesionais do centro. O acceso as actividades formativas conta cun baremo axeitado común dentro do ámbito da Fegas. As actividades de investigación avalianse en autorizanse no contexto da comisión de investigación do centro.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispón de espazo diferenciado e con acceso a Internet.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O fondo documental é axeitado e actualizase periódicamente mediante publicacións científicas.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO Cumple satisfactoriamente

CONCLUSIONES ÁREA - 6

- O centro conta cunha programación de actividades formativas coordinadas pola Fegas de xeito anual na que participan todotas categorías dos traballadores e que son anualmente avaliadas para a programación de anos posteriores. As actividades desenvólvense no centro.
- Do mesmo xeito realizanse actividades de formación promovidas polo servicio de prevención de riscos.
- Cóntase cunha comisión de investigación que avalia e autoriza as posibles actividades de investigación polos profesionais do centro.
- Conta unha biblioteca correctamente actualizada e con acceso a Internet.

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.-

*Media de criterios
En letra Cumple
satisfactoriamente.*

RECOMENDACIONES ÁREA - 6

H.P. da Mariña 2016



Consellería de Sanidade e Servicios Sociais

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL DA COSTA. BURELA

29 e 30 de setembro de 2016

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: M.^a José Cortes Canay
Cargo: Subdirectora Médico*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

A formación continuada dos profesionais realizase a traves de ACIS, no plan de xestión do centro 2016 aparecen previstos 6 cursos

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

*Ten acreditación docente para formación MIR de médico de familia.
Convenio coa USC para prácticas de estudiantes de medicinais.
Convenio cos institutos da área para practicas das auxiliares de clínica*

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

En xullo de 2016 estaban en marcha 6 ensaios clínicos e tres estudios obsevacionais

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

*A información difúndese habitualmente a traves do responsable de cada grupo.
O programa de formación continuada difúndese a traves de correo electrónico e tablóns de anuncios.*

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Si, a través dos recursos da intranet do Servizo Galego de Saúde.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Sí, con acceso á documentación e revistas científicas tanto en formato papel como a través de internet, solicitándose a documentación non disponible a petición dos interesados.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Hai unha persoa que dedica integralmente o seu tempo á biblioteca.

6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Non.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO Cumple regularmente

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

*Non hai un plan de formación polo que non hai asignación xeral de recursos.
Buscanse recursos económicos e humáns cando é necesario.
A investigación clínica depende da Fundación Ramón Domínguez*

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

A biblioteca conta co espazo físico diferenciado cunha dotación documental acorde ás actividades desenvolvidas no centro. Ten acceso á internet.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O fondo documental é adecuado.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO *Cumple satisfactoriamente*

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

O centro conta cunha programación de actividades formativas anual coordinadas pola ACIS na que participan todotas categorías dos traballadores.

Conta unha biblioteca que dispón do espazo físico, medios materiais e personais adecuados ao centro, ten acceso á Internet.

No centro leváñase a cabo actividades de investigación que se xestionan a través da Fundación Ramón Domínguez e hai unha persoa nomeada responsable da investigación.

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6.-

2.9

Cumpre satisfactoriamente

RECOMENDACIÓN ÁREA – 6

Elaboración de plan xeral de formación para o centro que inclúa obxectivos e avaliación das actividades desenvolvidas anualmente en canto a formación continuada, docencia e investigación.

H.P. Monforte 2003



ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE

Enero 2003

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: D José María Garrido Pedraz
Cargo: Presidente da Comisión de Docencia, Investigación, Formación Continuada e Biblioteca.*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

- 6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:
- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
 - 6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesions sanitarias e parasanitarias.
 - 6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

No Hospital Comarcal de Monforte (HCM) existe unha Comisión denominada de Docencia, Investigación, Formación Continuada e Biblioteca. Está integrada, ademais de polo presidente e o secretario, por dez vocais, entre os que hai un representante dos Médicos Internos Residentes e outro do estamento de enfermería.

Esta comisión constitúise en xuño de 2002, en substitución da que viña funcionando ata entón que estaba dedicada unicamente a docencia e investigación. Desde a súa constitución ata o momento da visita constan outras dousas reunions, das que se recollerón as correspondentes actas.

En materia de docencia séguese o programa de formación M.I.R. para a especialidade de medicina familiar y comunitaria.

En materia de investigación desenvólvense aquelas actividades que tras ser sometidas ó debate da comisión obténen a súa aceptación.

En materia de formación continuada vénse traballando de xeito un pouco mais organizado desde a constitución da Comisión, pero non existe ainda un plan escrito e tampouco un responsable designado pola dirección. Non obstante pódese mencionar a realización algúminhas actividades, fundamentalmente en relación coa programación da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, constando na memoria do ano 2001 a realización de sete cursos. Tamén se constatou, entre as actividades da Comisión, a elevación á dirección do hospital de propostas en materia de formación continuada, como a de potenciar o acceso dos distintos servicios a internet.

- 6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As actividades de formación continuada que se realizan no centro son difundidas principalmente pola dirección do centro e, en ocasións, tamén pola Comisión. Esta tarefa faiuse do xeito que en cada caso se pensa que pode ser máis eficaz para a maior difusión entre os posibles interesados, pero sen que exista un procedemento regrado nin un responsable de facelo

- 6.1.3.- Difúndense internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Ainda que non existe unha política activa de difusión interna da información científico-técnica nin procedementos que incentiven dita difusión, existe a posibilidade de acceso a

aquela información que os profesionais pretendan obter, por unha parte a través das publicacións periódicas ás que o centro está suscrito e os fondos bibliográficos da biblioteca, e por outra parte mediante o acceso a internet.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Dada a dimensión do HCM, a súa biblioteca non conta con persoal propio, polo que non lle é posible facilitá-la información e documentación biosanitaria ós profesionais do mesmo que puideran solicitala.

Non obstante, a biblioteca posibilita, utilizando os seus recursos, o acceso á dita información e documentación, mediante a búsqueda da mesma polo profesional.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

A biblioteca ten como responsable a un facultativo do centro, que ademais é vocal da Comisión antes mencionada.

A organización e funcionamiento da biblioteca, así como as responsabilidades deste facultativo non están definidas de xeito formal, pero os profesionais do centro usuarios conocen quén é o responsable e cal é o procedemento de utilización dos recursos da biblioteca.

6.1.6.- Avaliasne periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A Comisión pretende establecer uns obxectivos de carácter anual, e proceder á avaliación do seu cumprimento, así como a avaliar as actividades realizadas ó longo do ano, todo elo de xeito formalizado por escrito.

Ata o de agora vénse facendo unha avaliación non formalizada e un resumo anual das actividades, en forma de memoria, sendo a última disponible no momento da visita a correspondente ó ano 2001, por estar á confeccionarse a do ano 2002, por motivo das datas na que esta se realizaron.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO Regular

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVIMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACION CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

- 6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
- 6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: DEFICIENTE-REGULARMENTE

CONCLUSIÓNS ÁREA

- Un marte ó mes está dedicado a sesións clínicas, o contido dos temas a tratar é de intres común para todos os servizos hospitalarios, as sesións fanse extensivas a todo os facultativos do centro, coa excepción do servizo de urxencias que ten as súas propias,estas forman parte dos seus obxectivos , dedicando un dia ó mes de 7 a 21h . Hai sesións para enfermería e persoal administrativo.

- O ano pasado celebraron cursos de RCP. Reciben alumnos de pregrado de 2º,3º e 4º de medicina. Este ano van recibir o primeiro MIR, para realizar prácticas. Ata agora celebraban cursos da FEGAS que previamente propuña o centro hospitalario; desde xaneiro centralizouse na EOXI que é onde está agora a Comisión de Docencia.

-Dirixen teses a título persoal, por iniciativa particular, non é a dirección hospitalaria quen o propón.

-Anuncian por servizos e estamentos as actividades de formación mediante as sesións clínicas que se desenvolvén no hospital. A información científico-técnica difúndese internamente mediante as sesións clínicas.

-Non se utiliza a biblioteca, pese a tener un local moi bo para este fin, non hai nomeado ningún responsable. A Comisión de Docencia xa non é intrahospitalaria,agora se centraliza en Ourense.

-Pódese resumir en que a formación e docencia coa que conta o centro depende exclusivamente da voluntariedade dos traballadores do hospital. Observase unha falta de organización no centro, non se percibe a posible existencia dunha representación da Comisión de Docencia da EOXI.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA:

CUMPRE REGULARMENTE

RECOMENDACIÓN S ÁREA

- *En liñas xerais precisa dunha organización e funcionamento nas duas facetas de docencia e investigación.*
- *Designación de responsables encargados de organizala área según as instruccions da Xerencia Integrada e conforme ós obxectivos.*
- *Aproveitamento dos espazos disponibles e axeitados para biblioteca, así como nomeamento da responsable de organización e funcionamento.*



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

HOSPITAL DE VERÍN

Data: FEBREIRO 2017

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a M.^a Luisa Martínez
Cargo: Subdirectora de enfermería*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

A actividade docente está centralizada na Unidade de Docencia do CHUO para toda a EOXI. A intermediaria para a coordinación e organización de estes temas para o Hospital de Verín é a Subdirectora de Enfermería.

Hai cursos de ACIS e outros organizados pola Unidade docente dirixidos aos profesionais do centro. A maioría dos cursos van dirixidos ao persoal de enfermería.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Hai docencia para os seguinte tipo de alumnado:

- alumnos de enfermería
- alumnos de auxiliar de enfermería
- alumnos de documentación

Non hai alumnos de medicina. A acreditación docente solo a ten o CHUO

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

*Non existe ningunha actividade de este tipo organizada polo centro a nivel oficial.
Existen actividades científicas e de investigación, publicacións...etc a título persoal.*

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

A actividade publicase:

- nos taboleiros de anuncios
- vía e-mail
- nas diferentes unidades con carteis

- 6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A través de INTRANET, o cal non e específico do centro

- 6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

*Non existe biblioteca no centro que funcione como tal.
Existe unha zona no 2º andar que era anteriormente a biblioteca, pero a documentación non está actualizada. Este espazo físico utilizase como sala de conferencias en ocasións.*

- 6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

*Non hai responsable.
A biblioteca do CHUO envía, vía e-mail, a información de publicacións. Si algún profesional necesita información solicítasela ao CHUO*

- 6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Toda a actividade que se desenvolla no Hospital a este nivel, recollese e remítense á UNIDADE DOCENTE do CHUO

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: REGULAR-SUFICIENTE

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACION.

Requerimentos:

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.-As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.-As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Actualmente hai 4 alumnos de enfermería.

O espazo físico para actividades de formación e docencia é o seguinte:

- *Un salón de actos.*
- *Dos aulas, unha delas dotada con ordenadores.*
- *A biblioteca utilizase como sala de reunións.*

As actividades docentes realizaas o persoal asistencial habitual.

Complexo Hospitalario Xeral - Calde (Lugo)



Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

**Auditoria de Acreditación
de Hospitais**

**COMPLEXO HOSPITALARIO
XERAL - CALDE**

(Lugo)

Data: 22-29/11/2002

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SUAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O programa de formación continuada está establecido para os profesionais do Centro, a través da Comisión de Formación e Investigación, que planificou para o ano 2001 as seguintes accións formativas: Actuación de Urxencias e Emerxencias; Prevención de Riscos Laborais no ámbito hospitalario; INTERNET, búsqueda bibliográfica en bases de datos, buscadores, correo electrónico, Foros e Listas de noticias. Tamen se realizan accións formativas externas para os colectivos de Fisioterapeutas, TEL, TER y TEAP por tratarse dun reducido número de componentes.

O plan anual de Formación do ano 2000 desenvolveu os seguintes cursos:

- Xestión dunha Unidade de Cirurxia Maior Ambulatoria
- Hemoterapia, actividade nun banco de sangre
- Citoxoxia Hematolóxica e Hematimetria.
- Citoxoxia Clínica.
- IXornada Galega de Enfermería de fundacións Galegas Hospitalarias.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Estas actividades docentes consistiron en prácticas dun titulado en administración e en prácticas estivais de estudiantes de medicina, derivadas do concurso suscrito entre a Fundación e a Universidade Santiago.

Non hai alumnos de formación especializada por non disponer da acreditación docente correspondente

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de investigación iniciáronse nos anos 1999 e 2000 e desde a creación da Comisión realizouse o inventario dos resultados das investigacións desenvolvidas e dos proxectos en curso co acordo da publicación dos resultados na páxina WEB da Fundación.

Estableceríonse así mesmo pola Comisión as funcións da Unidade de Investigación metodolóxicas, informativas e administrativas.

Hasta a data non se desenvolveron ensaios clínicos ni houbo proxectos de investigación financiados por F.I.S. Hai beca para formación de grupo estable de investigación da Xunta de Galicia.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Esta información faise pública no taboleiro de anuncios específico para formación existente no hospital, así como a través da INTRANET.

6.1.3.- Difundiñese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Sí, en publicacións

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Sí, de acordo co Regulamento de Funcionamento da Biblioteca establecido, polo que presta os seguintes servicios:

- Información bibliográfica de temas relacionados coa sanidade e a saúde.
- Acceso electrónico a bases de datos de contido sanitario.
- Xestión da totalidade dos fondos documentais propiedade do hospital.
- *Facilitar a reproducción dos fondos da biblioteca hospitalaria, consulta en sala e préstamo persoal.*

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Hai unha responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro, nomeada pola Dirección, que é Licenciada en Empresariais e ten dedicación a tempo parcial.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Sí, a través da Comisión de Formación e Investigación, que contempla nas súas funcións o control, vixilancia e valoración das accións formativas.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO : CUMPRE REGULARMENTE

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESARROLLO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINHAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

A cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para as actividades de formación continuada están establecidas pola Dirección do Hospital. En todo curso ou acción formativa designase un responsable ou coordinador, que pode ser membro da Comisión de formación e Investigación o non pertencer a mesma, así como o profesorado. Dispónse de aula para docencia, con 55 asentos, con amplitude e dotación de medios visuais axeitados.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Tamén as actividades docentes para prácticas de alumnos utilizan as instalacións referidas e están coordinadas por responsables nomeados a tales efectos.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de investigación disponen así mesmo de persoal especificamente designado para o seu desenvolvemento e dos mesmos recursos materiais, sen existir medios especiais como laboratorios de investigación nin quirófanos de cirurxia experimental.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das suas actividades.

Sí, con soporte informático e convenio de colaboración coa biblioteca do Hospital Juan Canalejo. Os recursos humanos son ademais da responsable, unha administrativa a tempo parcial.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O horario de funcionamento é o de 24 horas ó dia, teñen normas de utilización e non dispón de Comisión propia, simón que corresponde á de Formación e Investigación. Conta con listado de libros e catálogo de publicacións periódicas, así como boletins periódicos internos de información bibliográfica de carácter mensual, así como os que se reciben de Juan Canalejo.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE REGULARMENTE
--

CONCLUSIÓNS ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA.
DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

O Complexo Hospitalario dispón dun plan de formación continuada amplio e variado con cursos para persoal facultativo, sanitario non facultativo, non sanitario e para toda clase de persoal a través da FEGAS.

Fanse cursos de Doutorado por acordo coa Universidade de A Coruña. Hai alumnos en prácticas desde 2º ano de Medicina por convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, no verán, e tanén nesta época, e de pregrado, admitense estudiantes da UE e países adheridos, dos dous últimos cursos.

Tamén hai docencia para médicos hispanoamericanos e de MIR.

Ten ademais alumnos de Enfermería.

As actividades de investigación fánse o márxen do hospital. Non hai Comisión de Investigación.

A Biblioteca do hospital facilita información bibliográfica, ten acceso electrónico e reproducción dos fondos e prestamo persoal. Conta cun responsable a tempo completo. Hai Comisión.

Existe unha Secretaría permanente de Comisións Clínicas e Docencia. Hai axudas económicas a través de orzamento da Comisión de Docencia para rotacións externas e asistenciais a reunións e congresos dos MIR e cursos de Doctorado. Tamén se premian os traballos feitos polos residentes nun acto científico anual.

CONCLUSIÓNS XERAIS : Cumpre Regulamente.

RECOMENDACIÓNOS

Recoñecendo a imposibilidade de levar a cabo na súa totalidade as medidas que se propoíen pola falta de capacidade do recinto hospitalario para albergar unha nova área con ocupación de espacio físico para o seu equipamento, pero tendo en conta así mesmo que as carencias do centro hai que sulinalas de calquer xeito:

- Debe preverse a reconstitución da Comisión de Investigación, organizala actividade investigadora no propio Complexo con participación en proxecto de investigación e ensaios clínicos, e dotación de laboratorios e de quirófanos de cirurxia experimental.
- Publica-lo Regulamento de Funcionamento da Biblioteca e ter presente a necesidade de máis espacio para mellora das súas condicións.
- Facilitar bolentins periódicos internos de información bibliográfica.
- Habilitar aulas de docencia.
- Disponer de paneis con información xeral sobre as actividades docentes e de formación continuada.

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Auditor: D. Juan Carlos Filgueira Pena

CRITERIO 6.1:

O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da sua realización, as seguintes actividades:
 De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
 Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

A Unidade de Docencia e Investigación, a través dos responsables da mesma (supervisora da área, coordinadora de formación de Técnicos e coordinadora de formación de TCAE), en colaboración coa Subdirección de Recursos Humanos, establece de forma anual un plan de formación.

Neste plan anual se recollen as necesidades de formación dos diferentes colectivos profesionais para contribuir o manteñemento e mellora da súa competencia.

Durante o ano 2010 fixáronse 37 actuacións formativas dirixidas a persoal sanitario e non sanitario.

No referente a alumnos de profesións sanitarias e parasanitarias, no plan contemplase tamén as actuación docentes con:

- A Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo (2º e 3º Curso).
- IES Manuel Antonio de Pontevedra (especialidade Anatomía Patolóxica e Citoloxía)
- IES Politécnico de Lugo (laboratorio de diagnóstico clínico e técnico en coidados auxiliares de enfermaría).
- A Escola Universitaria de Ciencias da Saúde de León (diplomatura en fisioterapia).
- A Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago.

Respecto á docencia de formación especializada posgrauada (MIR, FIR...) o HLA está acreditado e conta con Comisión de Docencia encargada de:

- Tramitar as unidades docentes e supervisar, elaborar e coordinar os programas de docencia.
- Coordinar e controlar os cursos de formación común obligatoria posgrauada.
- Estimular e organizar as distintas actividades docentes.
- Regular a carga docente dos distintos servizos.
- Realizar funcións de arbitaxe entre os residentes, servizos e dirección.
- Efectuar a valoración continuada dos residentes a través dos comités de avaliación correspondentes.

No HLA hai 63 residentes en formación especializada posgrauada (MIR, FIR...) repartidos en 14 especialidades:

- | | |
|-----------------------|-----------------------|
| - Traumatoloxía: 10 | - Ciruxia Xeral: 5 |
| - Oftalmoloxía: 4 | - Anestesioloxía: 7 |
| - Neuroloxía: 1 | - Pediatría: 7 |
| - Medicina Interna: 5 | - Radiodiagnóstico: 2 |
| - Hematoloxía: 4 | - Psicoloxía: 4 |

- Farmacia : 4
- Psiquiatría: 4
- Ciruxia Vascular : 4
- Xeriatría: 4

A Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación (FIDI), a través da Unidade de Investigación Clínica Observacional, promove no hospital a realización de estudos clínicos de calidade, proporcionando os medios para o cumprimento dos fins e a organización de estruturas propias.

Actualmente están rexistrados un total de 33 ensaios clínicos activos.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Ademais da información que se expón nos taboleiros informativos e a información directa aos xefes de servizo, o HLA difunde as actividades de formación a través do correo electrónico do propio centro.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Cada tres meses informase aos responsables do persoal médico e de enfermaría das actividades científicas de interese.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

De forma directa, a través dos recursos informáticos se pode obter de información documental de interese formativo.

O responsable da biblioteca, a solicitude dos posibles usuarios, tramita a obtención da información no disponible nese momento na biblioteca.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Existe un responsable (no titulado) da biblioteca que actúa en colaboración coa Comisión de Docencia.

Actualmente non está en funcionamiento a Comisión de Biblioteca. Á súa última reunión acreditada con acta foi no ano 2003.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maílos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Os cursos impartidos no centro deben estar acreditados pola Consellería de Sanidade.

A finalización dos mesmos realizanse unha avaliación individualizada.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Regular/satisfactorio.

CRITERIO 6.2:

A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

- 6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:
 As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
 As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A dirección do centro establece os recursos materiais e humanos destinados á formación continuada. Facilitando tamén a infraestrutura.

Non ten establecido un orzamento anual para formación continuada.

Hai inicialmente algunas especialidades nas que se podería posiblemente intentar a acreditación MIR como unidade docentes, como xa é o caso noutrous hospitais da rede propia do SERGAS de características similares ou incluso de menor dimensión (por ex.: Xinecoloxía e Obstetricia)

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O HLA ten unha área destinada á biblioteca cun espazo físico máis que suficiente, pero só están disponíveis 2 postos de ordenador.

O hospital está suscrito a revistas electrónicas (en torno a 700).

Non conta con dotación bibliográfica neste momento. Indican que se encontra no antigo Hospital Xeral pendente de traslado.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O HLA dispón dunha ampla subscrición a revistas electrónicas.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Regular.

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- A Unidade de Docencia e Investigación establece de forma anual un plan de formación para os diferentes colectivos profesionais.
- Durante o ano 2010 estableceronse 37 actuacións formativas dirixidas a persoal sanitario e non sanitario.
- No plan de formación tamén se contemplan as actuación docentes para alumnos de profesións sanitarias.
- O HLA conta con acreditación para a docencia formación especializada posgrauada (MIR, FIR...) en catroce especialidades. Hai potencial para acreditar máis especialidades.
- A Fundación para la Investigación, Desenvolvemento e Innovación (FIDI) a través da Unidade de Investigación Clínica Observacional promove e presta apoio á realización de estudos clínicos. Actualmente hai 33 ensaios clínicos activos.
- A dirección do HLA establece os recursos materiais e humanos destinados á formación. Non hai un orzamento anual para formación continuada.
- O centro difunde internamente as actividades de formación programadas.
- O HLA ten unha área destinada á biblioteca cun espazo físico amplio, pero só dispón de dous postos de ordenador.
- O hospital está suscrito a revistas electrónicas e a súa dotación bibliográfica neste momento está no antigo Hospital Xeral pendente de traslado.
- Existe un responsable á fronte da biblioteca que actúa en colaboración coa Comisión de Docencia. Actualmente non está en funcionamiento a Comisión de Biblioteca.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA:

Regular/satisfactorio.

RECOMENDACIÓN ÁREA 6

- Valorar a posibilidade de dotar á biblioteca de máis terminais informáticos, tendo en conta o elevado numero de subscricions a revistas electrónicas.
- Sería de interese recuperar para a nova biblioteca a dotación bibliográfica existente no antigo Hospital Xeral.
- De ser posible o HLA debería delimitar mellor a asignación dun orzamento anual en materia de formación continuada e investigación
- Sería más adecuado que o posto de bibliotecario fose cuberto por persoal coa titulación correspondente.
- Debería solicitarse acreditacion para a docencia en formación especializada posgraduada (MIR, FIR...) en maior numero de especialidades.

6.2.2.- O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das suas actividades.
N/A

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

As publicacións científicas están na Intranet. N/A

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SUFFICIENTEMENTE

CONCLUSIÓNS ÁREA

A actividade docente do HCV está centralizada na unidade de docencia do CHUO. A intermediaria no centro é a Subdirectora de enfermería. Realízanse cursos organizados pola ACIS e pola unidade docente dirixidos maioritariamente á persoal de enfermería. Non hai programa por escrito. A nivel docente existen alumnos de enfermería , de auxiliar de enfermería e de documentación. Non hai actividades de investigación organizadas polo centro. As actividades de formación continuada publicanse nos taboleiros de anuncios, via e-mail e con carteis nas diferentes areas. A información científica difúndese a través de INTRANET. Ainda que figura un espacio na segunda planta denominado como "biblioteca", realmente non funciona como tal, non habendo responsable da mesma. Os profesionais do hospital de Vérin solicitan á biblioteca do CHUO a información que precisen. As actividades docentes e formativas disponen dun salón de actos, dous aulas, unha delas con ordenadores e a biblioteca que se usa como sala de reunións. O persoal asistencial realiza as labores de docencia. Actualmente hai 4 alumnos de enfermería

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA: CUMPRE REGULAR-SUFICIENTE

RECOMENDACIÓN ÁREA

- ◆ *Aínda que a unidade de docencia está centralizada no CHUO, sería conveniente levar un control das actividades e da programación a nivel do centro con unha persoa responsable que se encargue da coordinación e organización das actividades.*
- ◆ *O espazo dedicado a biblioteca debería dárselle maior aproveitamento ou ben como biblioteca para desenvolver as actividades propias da mesma ou ben para outro fin, senón se vai utilizar como tal.*



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

LUCUS AUGUSTI

Fecha: 16, 17, 18 e 19 de febreiro de 2016

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista realizada: PILAR RODRÍGUEZ LEDO. Subdirectora médica.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- 6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Hai un plan anual de docencia que recolle as necesidades de formación dos traballadores do centro, desenvolvéndose ao longo do ano actividades formativas para os distintos estamentos.

Hai unha unidade de docencia e investigación. Tamén hai unha comisión de docencia que depende directamente da Xerencia.

Ademáis das actividades programadas pola unidade de docencia hai tamén actividades docentes coa escola universitaria de enfermería de Lugo e co IES politécnico de Lugo.

O HULA ten acreditación docente, neste intre pendente de renovación para a formación especializada de postgrado de MIR, PIR e FIR en 19 especialidades.

No intre da auditoría están en marcha 117 ensaios clínicos.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Si, a través da intranet, correo electrónico e expoñéndose nos taboleiros de anuncios.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Si, a través dos xefes e coordinadores de servizos e das supervisoras de enfermería aos que se lles informa puntualmente.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A información e documentación que non está accesible fisicamente na biblioteca o a través da intranet do centro pode ser solicitada ao responsable da biblioteca que a obtén e facita ao solicitante.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Si, hai un responsable, non titulado.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A Comisión de Docencia ten elaborado un plan de Xestión da Calidade Docente do ano 2011.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO *Satisfactoriamente*

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A dirección do centro ten suficientes recursos materiais e humanos destinados á formación continuada.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O hospital ten un área destinada a biblioteca con Pcs.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O centro está suscrito a un número importante de revistas electrónicas ademais de portais bibliográficos.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO *Satisfactoriamente*

CONCLUSIONS ÁREA – 6

O hospital conta cun Plan de Docencia no que se recollen as necesidades de formación das distintas categorías profesionais do centro.

Está creada e en funcionamento unha Unidade de Investigación e Docencia.

O centro conta cunha Comisión de Docencia.

Existe un Plan de xestión de Calidade Docente do ano 2011.

Os traballadores infórmanse das actividades docentes a traves da intranet do centro e dos taboleiros de anuncios. As actividades docentes que se pon en marcha

O HULA ten acreditación para formación MIR en 19 especialidades.

No momento actual hai en marcha 117 ensaios clínicos.

O centro conta cunha biblioteca ao frente da cal hai un responsable, non titulado.

No hospital hai acceso a información e documentación biosanitaria tanto fisicamente como electronicamente.

CONCLUSIÓNS XERAIS ÁREA 6.-

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA	Satisfactoria

RECOMENDACIÓN ÁREA – 6

Revisar e actualizar o Plan de xestión de Calidade Docente

Seguer a desenvolver a mellora na xestión de calidade da formación para os distintos estamentos laborais do centro

Definir o Plan de Investigación para o HULA.

Continuar mantendo e desenvolvendo a actividade da biblioteca, revisando e actualizando os recursos de que dispón.

H. Valdeorras 2002



Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

**Auditoria de Acreditación
de Hospitais**

**HOSPITAL COMARCAL
O Barco de Valdeorras**

(Ourense)

Data: 29/10/2002

**6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E
INVESTIGACIÓN**

Hospital Comarcal de Valdeorras

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Entrevista efectuada a: *Dra. Martínez*
Cargo: *Presidenta da Comisión de Docencia.*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó ejercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- 6.1.1.2.- Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.1.1.3.- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

0	1X	2	3	4	NA
---	----	---	---	---	----

O Plan de Xestión e Calidade do HCV, reflexa no seu organigrama un Área de Docencia dependente da Dirección Gerencia, figurando a docencia dentro das liñas estratéxicas recollidas no Plan, tendo como obxetivos:

- Incrementar a formación do persoal sanitario e non sanitario do Centro, mantendo unha estrutura estable que aporte docencia continuada.
- Incentivar a formación continuada recolléndose para elo o seguinte plan de actividades:

- 1.- Formación continuada persoal facultativo:
 - Sesións, Cursos e Congresos. Rotacións noutros centros. Coordinación con Atención Primaria.

Hospital Comarcal de Valdeorras

- 2.- Formación continuada para personal sanitario y no sanitario:**
- Programación de cursos anuales sobre prevención de riesgos laborales e movilización de pacientes
 - Cursos sobre cuidados.
- 3.- Asistencia a cursos e xornadas.**

Dentro da Xestión e Planificación de recursos humanos, enmarcada como liña estratégica dentro do plan, se recolle a orientación, formación e educación do persoal como aspecto fundamental nas liñas de actuación, establecéndose nos plans de acción:

- Incentivar e apoiar o desenvolvemento propio e a formación continuada de todo o persoal.

As actividades a desenvolver, recollen a necesidade dunha serie de programas de formación continuadas distintas divisións médica, de enfermería e xestión e servicios xerais, así como a implantación dun sistema de avaliación da Formación Continuada.

O HCV ten unha Comisión de Docencia, composta por OITO membros representando a tódolos estamentos de profesionais do centro. No momento da visita de acreditación, a entrevistada, Presidenta da Comisión de Docencia, manifesta descoñecer a existencia de Plans concretos de formación continuada para os profesionais do centro, así como plans de investigación.

O centro participa no programa de formación de pre-grado de estudiantes de medicina.

O Xerente informa que na actualidade non existen plans de investigación, nin se realizan ensaios clínicos.

A Presidenta da Comisión de Docencia, manifesta que existen algunas actividades de formación do persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario, que non se canalizan a través da Comisión de Docencia, incluso nestes momentos os cursos da FEGAS, que son coordinados pola Dirección de Xestión.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

0	1X	2	3	4	NA
---	----	---	---	---	----

A través da Comisión recóllese información dos distintos estamentos sobre o interese en formación, difundindo diversos cursos institucionais, pero sen unha coordinación integrada entre tódolos implicados na docencia e formación,

Hospital Comarcal de Valdeorras

Está previsto a elaboración de plans xerais con distintos servicios.

Progresivamente se están instalando paneles informativos sobre formación e docencia.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

0	1X	2	3	4	NA
---	----	---	---	---	----

Non existe un protocolo de difusión interna coordinado sobre a información científico-técnica. Estase levando a cabo unha relación das distintas publicacións que os servicios solicitan, algúns deles agora reciben as publicacións directamente.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

0X	1	2	3	4	NA
----	---	---	---	---	----

No local habilitado como biblioteca do centro, non existe un rexistro de publicacións, e por observación directa, constatase que a documentación e moi escasa, non posibilitando a obtención de información e documentación biosanitaria.

A través de 2 ordenadores, poden acceder "on line" a fondos bibliográficos do CHOU, así como solicitar por correo electrónico, artículos de interese.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

0X	1	2	3	4	NA
----	---	---	---	---	----

Non existe unha persoa responsable da organización e funcionamiento da biblioteca, algo que se sinte como unha necesidade na Acta 4/2002 da Comisión de Docencia, e que ata o momento non ten sido nomeada pola Dirección do Centro.

6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

0	1X	2	3	4	NA
---	----	---	---	---	----

A entrevistada manifesta que sobre as actividades que poñen en marcha a Comisión de Docencia, realizase unha avaliación da mesma, si ben non se aportan datos e resultados da mesma.

Hospital Comarcal de Valdeorras

As actividade programadas en relación co programa de pre-grado, contan con enquisa de avaliación por parte dos alumnos e dos formadores.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO 6.1.....(NON CUMPRE)(0,67)
--

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

- 6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
- 6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

0	1X	2	3	4	NA
---	----	---	---	---	----

A entrevistada manifesta que a Xerencia e a que define finalmente os recursos humanos e materiais que se dedican a docencia e formación.

O Xerente manifesta que na actualidade están plantexando que a Comisión de Docencia asuma a organización de cursos da FEGAS, e o proxecto de buscar representantes de formación continuada en cada área do centro.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

0	1X	2	3	4	NA
---	----	---	---	---	----

Existe un espacio destinado a biblioteca, no que coexisten escasas publicaciones con dous ordenadores, que permiten o acceso a base de datos de

Hospital Comarcal de Valdeorras

publicacións do CHOU, ou si os solicitan por correo electrónico, acceso a artigos de interese.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, dispoñibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

0X	1	2	3	4	NA
----	---	---	---	---	----

O local destinado a biblioteca non dispón de fondo bibliográfico actualizado. Estase a traballar na elaboración dun rexistro de publicacións periódicas solicitadas polos servicios con periodicidade mensual.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO 6.2.....(NON CUMPRE)(0,67)

*Hospital Comarcal de Valdeorras***6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN****CONCLUSIÓNS:**

O HCV conta chuna Comisión de Docencia formalmente constituída con representantes dos distintos estamentos profesionais do centro, pero ata o momento actual non se teñen elaborado un plan integrado e coordinado de formación continuada e docencia do centro.

Levanse a cabo distintas actividades formativas e docentes, coordinadas desde distintos estamentos do centro: Servicios, Facultativos Clínicos, Dirección de Xestión, etc.

Teníase en proxecto a elaboración de plans xerais de formación continuada, consolidación do plan de docencia pre grado para alumnos de Medicina, acreditación docente e avaliación das actividades desenvolvidas.

O local destinado a biblioteca no Centro, non dispoña de medios para facilitar a obtención de información, sin responsable da organización e funcionamento deste local.

O Centro non teñe actividade de investigación.

CONCLUSIÓNS XERAIS:

<i>Media de criterios (0,67)</i>
<i>NON CUMPRE</i>

RECOMENDACIÓNS:

Débese valorar a conveniencia de canalizar tódalas actividades de Formación Continuada, Docencia e Investigación, a través de Plans de actualizados, revisados e aprobados pola Comisión de Docencia do centro.

O espacio destinado a biblioteca debería dotarse cos recursos suficientes para posibilitar a obtención de información e documentación biosanitaria, nomeando pola Dirección do Centro un responsable da súa organización e funcionamento.

A Comisión de Docencia deberá difundir axeitadamente, tódalas actividades formativas e docentes entre o persoal do Hospital.



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

COMARCAL DE VALDEORRAS

Fecha: 11 y 12 marzo de 2010

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Margarita Rodríguez Blanco
Cargo: Directora de Xestión*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACION CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACION, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da sua realización, as seguintes actividades:

- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
 A formación establecése por medio da FEGAS. Esta fundación, previa proposta do centro, elabora un plan anual de formación para desenvolver no Hospital. Para o ano 2010:
 - Electrocardiografía para enfermaría
 - Prevención de riscos laborais
 - Régime xurídico do persoal estatutario
 - Obradoiro de nutrición e cocina dietética
 - Soporte vital básico
 - Mobilización do paciente traumatológico
 - A imaxe radiológica dixital
 - Riscos laborais en hospitalización
 - Elaboración e publicación de artigos científicos
 - Actualizacións VIH/sida, tuberculose. A importancia da prevención precoz

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
 Nos cursos os docentes e alumnos pertenecen ó propio centro.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Non se ten establecida nestes momento ningunha liña de investigación

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.
 A información sobre os cursos a desenvolver son de xeral coñecemento do persoal do centro nas súas distintas categorías

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A difusión da información é correcta e con debida antelación

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.
Existe biblioteca con fondo documental que non está actualizado. Debido ós avances nas consultas por internet, este servizo encontraise en desuso.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Non existe responsable como tal

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maíos resultados en canto a formacion continuada, docencia e investigación.

As actividades son avaliadas no momento do desenvolvemento do curso segundo as liñas pautadas pola FEGAS.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO REGULAR

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACION EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades desenvolvidas no ámbito da Fegas abordan a tódalas categoría profesionais e teñen distribución ó longo de todo o ano. Non existe liñas de investigación oficiais abertas.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.
Existe biblioteca con fondo documental non actualizado. Os avances da informática fan que todo o persoal teña acceso ás bases de datos biosanitarias.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Manéxanse datos biomédicos a través de Internet.

NIVEL DE CUMPLIMIENTO DEL CRITERIO SATISFACTORIO

CONCLUSIONES ÁREA – 6

- O hospital ten concertada a formación dos seus traballadores, en tódalas categorías, coa FEGAS
- Establécense anualmente as necesidades de formación que son elevadas a FEGAS que a aproba definitivamente. A selección do persoal para a realización dos cursos de formación faise co consenso de tódolos representantes dos traballadores
- Conta cunha biblioteca biosanitarias e acceso a Internet para a consulta de fondos documentais biomédicos
- Tense constituída a comisión de Docencia con reunións periódicas con elaboración das correspondientes actas.

CONCLUSIONES GENERALES ÁREA 6.-

<i>Media de criterios En letraSATISFACTORIO</i>

RECOMENDACIONES ÁREA – 6

- **Actualización do fondo documental da biblioteca e nomeamento formal dun responsable**

H. Valdeorras 2013



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica
Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

ConSELLERÍA DE SANIDADE

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación
de Servizos Sanitarios

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

HOSPITAL COMARCAL VALDEORRAS

Data: FEBREIRO 2013

H. Comarcal Valdeorras

I

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: Margarita Rodríguez Blanco e Isabel González Yáñez.
Cargo: Responsable da FEGAS e Responsable de Docencia, respectivamente.*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O persoal facultativo celebra sesións clínicas, unha o mes ás 14.00 horas. Ó inicio do ano, os responsables da formación, recollen de cada servizo aqueles temas que resultan de maior interese para estes, así como a persoa que será a encarga da exposición do tema. Os cursos da FEGAS dependen dos acordos da Xerencia de Xestión Integrada.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Ata o momento, en base a acordos establecidos ca Subdirección de Docencia e Formación do Servizo Galego de Saúde, reciben alumnos de postgrado de fisioterapia e matronas.

Tamén teñen un acordo coa Facultade de Medicina para que os seus alumnos poídan realizar prácticas pregrado a partir do segundo ano de carreira. Ó principio do ano a facultade solicita o número de alumnos que pode acoller o hospital para este fin.

Unha especialista en Medicina Interna con adscrición no Servizo de Oncoloxía, é a responsable de docencia.

Todas estas actividades venen praticamente regradas polos acordos que ten establecido o hospital.

Todas estas actividades venen praticamente regradas polos acordos que ten establecido o hospital.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

No momento non está a realizarse ningún estudo, a perda de gran parte da autonomía do centro hospitalario, debido os cambios organizativos, obriga estar a espera das decisións que se adopten pola Xerencia de Xestión Integrada. Ata a data os traballos de estudio e investigación propúñanse a través da Comisión de Docencia e Investigación.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Dábase nos taboleiros de anuncios e mais os xefes dos servizos e dirección de enfermaría, informaban ó seu persoal. Como se dixo no apartado anterior estase á espera da programación de Xestión integrada.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Non consta, alomenos non o manifestou a entrevistada. De todos os xeitos, na visita de auditoría constatouse a existencia dunha Intranet na que se divulgan protocolos diversos e outras informacións de interés para o persoal.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Existe escasa dotación literaria a nivel de librería e revistas científicas, máis hai dispositivo informático suficiente para conexión con enlaces de interés.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Non se constatou ningún responsable.

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Realizan encuestas moi básicas ad hoc, no caso da FEGAS utilizando os modelos estandar para todos os cursos e centros onde imparte docencia. Non consta que se evalúen as sesións clínicas.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE REGULARMENTE

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.-As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

Dende a creación da XIntegrada, o centro non establece os recursos, todo é establecido dende a Xerencia de Xestión Integrada en Ourense.

Antes da creación da Xerencia de Xestión integrada, a presidenta da Comisión de Docencia recollía as inquietudes relativas a necesidade de formación, tanto do persoal sanitario como non sanitario, información que era recadada dos distintos responsables non sanitarios. Os responsables da FEGAS dentro do hospital, pedíanlle ós servizos que lle facilitaran información neste mesmo sentido, tendo ata integración, aproximadamente con 110 horas/ano de FEGAS. Segundo manifesta a responsable este número de horas quedou reducido xa que a proposta agora é conxunta de todos los hospitais que se integran na xerencia.

En resumen, dende a creación da xerencia integrada é esta quen asume responsabilidade formación.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Ven establecida polos acordos subscritos, como xa se explicou.

6.2.1.3.-As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Establecida pola Xerencia de Xestión Integrada non se realizan neste momento, á espera das expectativas da nova xerencia. Únicamente se observa, no Acordo de Xestión e dentro da Estratexia Galega contra o cancro a súa abordaxe durante o ano 2012.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Hai espazo que parece suficiente para uso como biblioteca. Os recursos informáticos son suficientes, con 8 ordeadores para conexión a internet e intranet.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Como xa se dixo existe escasa dotación literaria a nivel de librería e revistas científicas, más hai dispositivo informático suficiente para conexión con entaces de interés.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE SATISFACTORIAMENTE
--

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- O persoal facultativo celebra sesión clínicas mensualmente.
- Ó principiar o ano faixe unha programación de temas de interés pola responsable que é unha internista do centro.
- Co modelo de Xestión Integrada os cursos son acordados coa FEGAS.
- Reciben alumnado de fisioterapia e matronas, así como da Facultade de Medicina a partires do 2º ano.
- Na actualidade unicamente se observa que no Acordo Xeral de Xestión se contempla dentro da Estratexia Galega contra o Cancro como obxectivo a desenvolver durante o ano 2012, sin que se constaten outros obxectivos.
- Difúndense protocolos e información diversa de diferentes temas sanitarios a través da Intranet do centro.
- A dotación de librería e revistas é escasa pero hai conexión con Internet para enlaces de interés.
- Non se constatou unha referencia identificable como responsable da biblioteca.
- As enquisas realizadas pola FEGAS sobre do grao de satisfacción son as estandarizadas despois de cada curso e de carácter básico. Non consta evaluación das sesión clínicas.
- A Dirección non está a tomar parte na cantidade e adicación de recursos, quedando supeditado ó que se decida na Xerencia de Xestión Integrada.

CONCLUSIÓN XERAIS ÁREA 6

*Media de criterios:
CUMPRE
REGULARMENTE*

RECOMENDACIÓNÁREA 6

- Mellora dos aspectos organizativos e de dotación de medios.
- En xeral, débese dotar pola Xerencia de Xestión Integrada os dispositivos necesarios para implementar e consolidar os obxectivos que de cara á docencia e investigación se determinen, coa designación de responsables formalmente nomeados para estas funcións, dentro do HCV.

RECOMENDACIONES ÁREA – 6

- **Actualización do fondo documental da biblioteca e nomeamento formal dun responsable**

H. Valdeorras 2016



ConSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZIOS SOCIAIS

SECRETARÍA XERAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE INSPECCIÓN SANITARIA

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

HOSPITAL COMARCAL VALDEORRAS

Fecha: decembro 2016

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

*Entrevista efectuada a: María José Menor Rodríguez
Cargo: Dirección de enfermería*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, (EOXI), solicita información ó hospital en relación coas necesidades formativas; os responsables de formación do Hospital , neste caso a Dirección de enfermería, realiza unha reunión coas supervisoras de cada área, onde se lles informa e recaba información sobre os cursos que desexan realizar, información que se remite ó Secretario de formación da EOXI, que o tramitan conjuntamente co ACTS. Tamén se recolle de cada servizo os temas que resultan de maior interese, e a persoa que se encargara da exposición, tódolos programas formativos teñen que ter o visto bo de programación da EOXI. O persoal facultativo celebra sesións clínicas, sendo os propios servizos os que deciden a periodicidade das mesmas, o horario é das 13.30-14.00 horas, celebrándose todos os meses.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

A EOXI mantén convenios coa Facultade de Medicina para que os alumnos poidan realizar prácticas pregrado.

Tamén teñen convenios específicos de formación, como no caso de auxiliares clínicos, que van rotando polos servizos, a cargo da supervisora do servizo e co visto bo previo da ACTS.

Manteñen o convenio establecido de formación entre a EOXI e a escola de enfermería de Chaves, para alumnos de 3º e 4º curso.

O Colexio Oficial de Enfermería pacta co Instituto de Ciencias da Saúde de Madrid, para realizar cursos no Hospital, realizando no ano 2016 curso de suturas, cirurxia maior ambulatoria.

Independentemente da EOXI, este ano realizaron cursos como RCP básico e avanzando, que está acreditado pola Consellería de Sanidade.

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Neste momento non está a realizarse ningún estudio de investigación.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Sí, mediante carteira que se distribúe polo hospital. Por parte da dirección de enfermería, no Comité de Dirección de Enfermería comunicaselle ós supervisores de enfermería o título, datas, ademais envíase un correo electrónico a todo o persoal ó que vaía dirixido o curso.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

A través da Intranet difúndense Protocolos, guías..., así como información sobre Mesas científicas, Xornadas ,Congresos, para que os interesados poidan participar.
Tamén mediante carteira exposta en diferentes puntos do hospital.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

A biblioteca ocupa unha sala cunha mesa de reunións e dous ordeadores, con conexión á intranet, internet. Existe moi pouca dotación a nivel de librería e revistas científicas.

Ademais disponen dunha sala con 8 ordeadores para actividade formativa.
Celebrándose no ano 2016 curso sobre TAO dirixido a enfermería, e SILICOM impartido por farmacia dirixido a facultativo medico e enfermería.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Non

6.1.6.- Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e maíos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Realizanse encuestas dos cursos realizados no Centro hospitalario. No caso dos cursos realizados na ACIS, utilizan os modelos estándar desta.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: REGULARMENTE
--

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.-As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.1.2.-As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

6.2.1.3.-As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

*É a EOXI quien establece os cursos, como xa se expuxo anteriormente, contando cos recursos humanos e materiais do hospital, para as actividades de formación e docencia, non existindo no momento actual actividade de investigación.
Mantenén acordos coa Facultade de medicina, coa escola de enfermería de Chaves, co ACIS.*

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Dispón dun espazo destinado a biblioteca, con dous ordeadores, e unha sala con 8 ordeadores para actividade formativa, realización de cursos...

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Non dispón de fondo bibliográfico actualizado, nin publicacións actualizadas, pero dispón de dotación de ordeadores con conexión a Intranet, Internet

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: SATISFACTORIO

CONCLUSIÓNS ÁREA

O Plan de formación, docencia e investigación é establecido pola EOXI. O persoal facultativo celebra sesións clínicas mensualmente. A través da EOXI acordan cursos coa ACIS. Reciben alumnado de fisioterapia e matronas, así como da Facultade de Medicina e prácticas de enfermería da escola de enfermería de Chaves. Difúndense protocolos e información diversa de diferentes temas sanitarios a través da Intranet do centro. A dotación de librería e revistas é escasa pero hai conexión con Internet e Intranet para enlaces de interese. Non hai responsable da biblioteca. As enquisas realizadas pola ACIS sobre do grao de satisfacción son as estandarizadas despois de cada curso e de carácter básico. As enquisas dos cursos realizanse no propio hospital. A información sobre cursos, congresos e xornadas difúndense mediante carteira e Intranet.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA AREA:

CUMPRE SATISFACTORIO

RECOMENDACIÓNS ÁREA

Consolidar e incrementar as actividades de formación e docencia dos profesionais do HCV. Establecer pola EOXI un plan que posibilite realizar actividades de investigación no HCV.

H. Virxe da Xunqueira 2001



Consellería de Sanidade e Servicios Sociais

Secretaría Xeral

Subdirección Xeral de Inspección Sanitaria

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN DE HOSPITALES

HOSPITAL:

FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA

Fecha: Setembro 2001

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O programa de formación continuada está establecido para os profesionais do Centro, a través da Comisión de Formación e Investigación, que planificou para o ano 2001 as seguintes accións formativas: Actuación de Urgencias e Emerxencias; Prevención de Riscos Laborais no ámbito hospitalario; INTERNET, búsqueda bibliográfica en bases de datos, buscadores, correo electrónico, Foros e Listas de noticias. Tamén se realizan acción formativas externas para os colectivos de Fisioterapeutas, TEL, TER y TEAP por tratarse dun reducido número de componentes.

O plan anual de Formación do ano 2000 desenvolveu os seguintes cursos:

- Xestión dunha Unidade de Cirurxía Maior Ambulatoria
- Hemoterapia, actividade nun banco de sangre
- Citoloxía Hematolóxica e Hematometría.
- Citoloxía Clínica.
- I Xornada Galega de Enfermería de fundacións Galegas Hospitalarias.

6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Estas actividades docentes consistiron en prácticas dun titulado en administración e en prácticas estivais de estudiantes de medicina, derivadas do concurso suscrito entre a Fundación e a Universidade Santiago.
Non hai alumnos de formación especializada por non dispor da acreditación docente correspondente

6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de investigación iniciáronse nos anos 1999 e 2000 e desde a creación da Comisión realizarouse o inventario dos resultados das investigacións desenvolvidas e dos proxectos en curso co acordo da publicación dos resultados na páxina WEB da Fundación.

Estableceríose así mesmo pola Comisión as funcións da Unidade de Investigación metodolóxicas, informativas e administrativas.

Hasta a data non se desenvolveron ensaios clínicos ni houbo proxectos de investigación financiados por F.I.S. Hai beca para formación de grupo estable de investigación da Xunta de Galicia.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Esta información fai-se pública no taboleiro de anuncios específico para formación existente no hospital, así como a través da INTRANET.

6.1.3.- Difundese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Sí, en publicacións

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Sí, de acordo co Regulamento de Funcionamento da Biblioteca establecido, polo que presta os seguintes servicios:

- *Información bibliográfica de temas relacionados coa sanidade e a saúde.*
- *Acceso electrónico a bases de datos de contido sanitario.*
- *Xestión da totalidade dos fondos documentais propiedade do hospital.*
- *Facilitar a reproducción dos fondos da biblioteca hospitalaria, consulta en sala e préstamo persoal.*

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro.

Hai unha responsable da organización e funcionamiento da biblioteca do centro, nomeada pola Dirección, que é Licenciada en Empresariais e ten dedicación a tempo parcial.

6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Sí, a través da Comisión de Formación e Investigación, que contempla nas súas funcións o control, vixilancia e valoración das accións formativas.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO.....REGULAR (2,27)

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

A cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para as actividades de formación continuada están establecidas pola Dirección do Hospital. En todo curso ou acción formativa designase un responsable ou coordinador, que pode ser membro da Comisión de Formación e Investigación o non pertencer a mesma así como o profesorado. Dispone de aula para docencia, con 55 asentos, con amplitud e dotación de medios visuais axeitados.

6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Tamén as actividades docentes para prácticas de alumnos utilizan as instalacións referidas e están coordinadas por responsables nomeados a tales efectos.

6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de investigación disponen así mesmo de persoal especificamente designado para o seu desenvolvemento e dos mesmos recursos materiais, sen existir medios especiais como laboratorios de investigación nin quirófanos de cirurxa experimental.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

Sí, con soporte informático e convenio de colaboración coa biblioteca do Hospital Juan Canalejo. Os recursos humanos son ademais da responsable, unha administrativa a tempo parcial.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O horario de funcionamento é o de 24 horas ó día, teñen normas de utilización e non dispón de Comisión propia, simón que corresponde á de Formación e Investigación. Conta con listado de libros e catálogo de publicacións periódicas, así como boletins periódicos internos de información bibliográfica de carácter mensual, así como os que se reciben de Juan Canalejo.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIODEFICIENTE (1,88)

CONCLUSIÓNS ÁREA – 6

O hospital dispón dun programa de formacion continuada establecidopara os profesionais a través da comisión de Formación e Investigación que planificou para o ano 2001 unha serie de accións formativas entre as que destacan: actuacóns de urxencias e emerxencias, prevención de riscos laborais no ámbito hospitalario, búsqueda bibliográfica en bases de datos. Tamén realizarónse accións formativas externas para fisioterapeutas, TEL, TER e TEAP.

No centro existe un grupo estable de investigación formado por 5 persoas baixo a tutela dun investigador principal que desenvolve liñas de investigación en saúde mental, este grupo estable d investigación ten unha beca de formación da Xunta de Galicia.

A información sobre a programacion de actividades difíndese no taboleiro de anuncios e vía INTRANET.

A biblioteca do hospital facilita e posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria, existindo un responsable da mesma con dedicación a tempo parcial.

Realízase avaliación da actividad desenvolvida pola Comisión de Formación e Investigación.

A dirección do hospital establece a cantidad e dedicación dos recursos humanos e materiais para as actividades de formación continuada e de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Existe espacio destinado á biblioteca con soporte informático e con fondo bibliográfico actualizado, existindo ademáis boletins periódicos internos de información bibliográfica de carácter mensual.


CUMPLE REGULARMENTE (2,07)

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6.-

RECOMENDACIÓNS ÁREA - 6

*Considerar a posibilidade de incrementar a dotación bibliográfica da biblioteca.
Valorar a posibilidade de incrementar os recursos materiais da Unidade de investigación.
Xestionar a igualdade de acceso para a obtención de fondos públicos I + D.*

H. Virxe da Xunqueira 2010



**6.- ÁREA DE FORMACIÓN
CONTINUADA, DOCENCIA E
INVESTIGACIÓN**

Entrevista efectuada a: Dna Andrea Rodríguez Vázquez. Enfermeira supervisora área de calidad e formación.

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó ejercicio profesional do persoal sanitario e parasanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA AS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- 6.1.1.1.- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- 6.1.1.2.-Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias,
- 6.1.1.3.-De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

O hospital ten constituída formalmente a comisión de Docencia tendo constancia os dous últimos anos da súa operatividade .Aínda que non existe un plan escrito de formación, anualmente, o hospital realiza unha enquisa para determinar as necesidades formativas percibidas polos profesionais sanitarios e non sanitarios. Dos resultados de dita enquisa se propón un programa formativo que aproba a comisión de docencia e investigación para posteriormente a través da dirección, remitirlo a Servicios centrais da Consellería de Sanidade. Hai constancia de elo mediante as correspondentes actas.

As actividades formativas aprobadas se corresponden no marco do plan anual de formación do servizo galego de saúde, segundo o programación da FEGAS.

O marzo dos programas formativos da Fegas, as actividades docentes do centro, son moi puntuais e mais ven escasas.

Na actualidade o hospital non conta con acreditación docente para o programa de formación MIR.

En relación coa actividad docente o centro ten establecido convenios de colaboración coa Universidade de Santiago e Consellería de Educación para a realización de prácticas de auxiliares de enfermería e traballadores sociais.

Non existe un Plan formal de investigación pero si hai constancia, do desenvolvemento de proxectos e estudos de investigación que se elevan a Comisión de docencia e investigación para a súa aprobación.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

As actividades de formación continuada que se realizan no centros son difundidas por as distintas áreas e servizos do hospital a través da rede da intranet e tablóns de anuncios existentes no centro. Non existe un procedemento regrado nin un responsable de facelo.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Non existe un sistema regrado para difundir información científico-técnica. Os profesionais teñen acceso a información a través da plataforma Bibliosaude.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O hospital na actualidade non conta cunha biblioteca propia. Nembargantes, dispón dun aula con sete equipos informáticos con acceso a internet que lle permite acceder os profesionais a plataforma virtual do sistema público “Bibliosaude”, tendo a oportunidade de fazer peticións de artículos científicos, búsquedas bibliográficas e ter acceso a tódolos fondos bibliográficos como revistas, libros electrónicos, base de datos, xestores de referencia bibliográfica e guías de práctica clínica.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

O responsable da área de formación asume tamén a coordinación da aula de formación dotada dos equipos informáticos. Non existe un sistema regrado do funcionamento de dito recurso.

6.1.6.- Avalianse periódicamente as actividades desenvolvidas e maiores resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Existe constancia que se realiza a avaliación de resultados das actividades de formación onde se determina, entre outras, a valoración media da calidade e eficacia das actividades formativas. Pola súa contra, a Fegas avalia os resultados incluidos no programa de formación do centro.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE REGULARMENTE

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LINAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

- 6.2.1.1.- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
- 6.2.1.2.- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- 6.2.1.3.- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Para a coordinación das actividades de formación continuada, o hospital conta cunha responsable da área de

formación sen nomeamento formal. Para aquellos cursos dependentes da Fegas conta cun tutor-coordinador. A finaciaciόn das actividades formativas na maioria dos casos é por Entidades Externas (Fegas...). O hospital conta cun salón de actos e un aula dotada con material de apoio suficiente para o desenvolvemento das actividades. As actividades de investigación que se realizan se levan a título persoal. Si ben tódolos proxectos se elevan a Comisión de docencia para a súa aprobación.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das suas actividades.

O hospital non conta cunha biblioteca biosanitaria. Nembargantes, ten a disposición dos profesionais un aula dotada de suficientes equipos informáticos con acceso a internet e a plataforma bibliosaude.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Actualmente o hospital no conta con fondos bibliográficos propios. Os profesionais do centro poden acceder a tódolos fondos bibliográficos existentes na biblioteca do hospital de referencia CHUAC.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: CUMPRE REGULARMENTE

CONCLUSIÓNS ÁREA 6

- Ainda que non existe um plan escrito de formación, anualmente o hospital realiza unha enquisa para determinar as necesidades formativas percibidas polos profesionais sanitarios e non sanitarios. Dos resultados de dita enquisa se propón un programa formativo que aprobó a comisión de docencia e investigación e que se remite os servizos centrais da Consellería de Sanidade para súa aprobación.

- Em relación coa actividade docente o centro ten establecido convenios de colaboración coa Universidade de Santiago e Consellería de Educación para a realización de prácticas de auxiliares de enfermería e traballadores sociais.
- Non existe um plan escrito de investigación. Non obstante existe constancia de desenvolvimentos de proxectos e estudos de investigación que se elevan á Comisión de docencia e investigación para a sua aprobación.
- As actividades de formación continuada no centro son difundidas por as distintas áreas e servizos do hospital a través da rede da intranet e tablóns de anuncios existentes no centro. Non existe un procedemento regrado nin un responsable de facelo.
- Na actualidade o hospital non conta cunha biblioteca propia. Nembarantes, dispón dun aula con sete equipos informáticos con acceso a internet que lle permite acceder os profesionais a plataforma virtual do sistema público "Bibliosaudé".
- Responsable de formación asume tamén a coordinación da aula de formación dotada de equipos informáticos. Non existe un sistema regrado do funcionamiento de dito recurso.

CONCLUSIÓN XERAL DA ÁREA 6: (número con dous decimais):(2.33+1.67)/2=2

MEDIA DOS CRITERIOS : REGULAR

RECOMENDACIÓNÁREA 6

- ✓ Debe establecerse formalmente un programa formativo anual expendido a todos os traballadores do centro baseado na información obtida dos resultados do plan

de necesidades, optimizando a planificación dos Recurso Humáns., e iniciando a valoración da competencia profesional. Anualmente sería conveniente a realización dun informe da calidade formativa, que permita detectar puntos de mellora e confirme a necesaria e correcta adquisición de coñecementos.

- ✓ Potenciar a comisión de docencia e establecer un sistema regrado sobre o seu funcionamento interno.
- ✓ Sería recomendable a elaboración dun documento, aprobado pola Comisión, onde veñan establecidas as normas de funcionamiento da área.
- ✓ Establecer os mecanismos necesarios para a levar a cabo unha mellora da información a todos os traballadores do hospital sobre o acceso os recursos existentes na área (información científica, conexión a internet, fondos bibliográficos, plataforma bibliosaúde...).

H. Virxe da Xunqueira 2015



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

*Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos
Sanitarios*

**Auditoría de acreditación
de hospitais**

HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA
CEE (A CORUÑA)

Maio 2015

6.- ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

Auditor: Juan Carlos Figueira Pena.

Interlocutor: José A. Rivadulla Carracedo, responsable de form. continuada, docencia e investigación.

CRITERIO 6.1:

O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

6.1.1.- O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

- De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.
- Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

Existe unha comisión de docencia formalmente constituída.

Non hai un plan de formación específico para o hospital, deseñado por la dirección, en materia de formación.

No referente á formación do persoal do HVX, a dirección determina as necesidades de formación a través de encuestas.

Establecidas as necesidades de formación son levadas á comisión de docencia onde apróbanse e trasládanse aos servizos centrais do SERGAS para a súa autorización.
Será posteriormente a FEGAS quen se encarga da programación das mesmas.

Aparte destas actividades, o HVX imparte formación en menor medida.

No relativo á docencia, o hospital ten establecido convenio coa Universidade de Santiago para a realización de prácticas en persoal auxiliar sanitario.

Non existe plan de investigación propio do HVX.
A comisión de docencia é a encargada de autorizar os posibles estudos de investigación.

6.1.2.- Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

Informase aos interesados a través de intranet e taboleiros das diferentes actividades de formación desenvolvidas no hospital.

6.1.3.- Difúndese internamente información científico-técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

O HVX non ten artellado un procedemento propio específico para difundir información científico-técnica.

6.1.4.- A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

Non existe actualmente biblioteca no hospital.

Esta a disposición da área de formación unha sala provista de sete ordenadores, con accesibilidade a Internet.

Os ordenadores dan acceso ao portal Bibliosaude (Biblioteca do Sistema Sanitario Publico de Galicia), a través do cal, dende o posto de traballo ou do enderezo profesional, tense acceso a máis de 300 publicacións periódicas, así como libros electrónicos e bases de datos médicos.

6.1.5.- Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

Existe un responsable da organización e funcionamento dos recursos informáticos na área de formación, pero non hai un sistema regrado de funcionamiento.

6.1.6.- Avalíanse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

Realizase avaliación da actividade formativa impartida polo centro, valorándose a calidad e eficacia da mesma.

Hai constancia da avaliación.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Regular/Satisfactorio

CRITERIO 6.2:

A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

6.2.1.- A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

- As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.
- As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.
- As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

A dirección do hospital destina recursos humanos (responsable dos recursos informáticos na área de formación e un tutor coordinador de cursos da FEGAS).

O material e estrutura que aporta o HVX é suficiente para os requisitos formativos.

O financiamento dos cursos é externo.

6.2.2.- O hospital dispón dun espacio destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O HVX non conta con biblioteca como tal.

Dispón no seu lugar dun espacio provisto de sete ordenadores con acceso a Internet e conectado con Biblosatide.

Xa indicouse que a través do Biblosaúde, desde o posto de traballo ou endereço profesional, tense acceso a publicacións periódicas, así como libros electrónicos e bases de datos médicos.

6.2.3.- A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

Non hai biblioteca, nin fondo bibliográfico.

Os profesionais do HVX poden acceder a fondos bibliográficos a través de Biblosaúde o ben por medio da biblioteca do CHUAC.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO:

Regular/Satisfactorio

CONCLUSIÓNS ÁREA 6:

- Existe unha comisión de docencia formalmente constituída.
- Non hai un plan de formación específico do HVX deseñado por la dirección.
- Dáse información aos interesados a través de intranet e taboleiros das actividades de formación desenvolvidas no hospital.
- Hai un responsable da organización e funcionamento dos recursos informáticos na área de formación, pero non hai un sistema regrado de funcionamiento.
- O HVX non conta con biblioteca como tal. Si dispón de un espazo provisto de ordenadores con acceso a Internet e conectado con Biblosaúde que facilita que a accesibilidade a publicacións periódicas, así como libros electrónicos e bases de datos médicos.
- Realízase avaliación da actividade formativa impartida polo centro.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DA ÁREA:

Regular/Satisfactorio

RECOMENDACIÓNS ÁREA 6:

- Deseñar para o HVX un plan específico de formación, docencia e investigación que se artelle coa planificación correspondente da EOXI A Coruña e a corporativa do SERGAS.
- Mellorar a estrutura organizativa da área de formación, docencia e investigación. Nomeamento dun responsable na mesma.

H. Virxe da Xunqueira 2019



Protocolo Técnico. Acreditación Hospitalaria -Hospital Virxe da Xunqueira. Cee

Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios

AUDITORÍA DE ACREDITACIÓN HOSPITAL

EQUIPO AUDITOR:

Celsa Gómez Pombo. Áreas 7, 9, 10, 15

Esther Martín Hernández. Áreas 6, 8, 13, 16

José M^a Pérez Martínez. Áreas 11, 12, 18, 19

María Pintos García. Áreas 3, 14, 17, 20

Isabel Benasach Rey. Áreas 1, 2, 4, 5

DATA: 2019

6. ÁREA DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

ENTREVISTA REALIZADA A: *Xosé Lois López Gutierrez*

CARGO: *Subdirector de Enfermería do HVX*

AUDITORA: *Esther Martín Hernández*

É a encargada das actividades de formación continuada e, se é o caso, de docencia e investigación, en concordancia co tipo e nivel asistencial do hospital, adaptadas ó exercicio profesional do persoal sanitario e para - sanitario vinculado e con actuación no centro.

CRITERIO 6.1: O HOSPITAL TEN UNHA ÁREA QUE DESENVOLVE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN, CUNHA ORGANIZACIÓN ADECUADA ÁS SÚAS CARACTERÍSTICAS.

Requerimentos:

6.1.1. O hospital ten establecido un plan actualizado e desenvolve de forma programada, con responsables da súa realización, as seguintes actividades:

6.1.1.1. De formación continuada para os profesionais con actuación no centro.

O HVX está integrado na estrutura organizativa da Exoi de Xestión de A Coruña polo que a xestión de recursos faiase desde dita Xerencia, concretamente da Subdirección de Calidade (ubicada no CHUAC) da que depende a área de formación continuada, docencia e investigación.

O Hospital Virxe da Xunqueira non dispón dun plan específico de formación dos seus traballadores desde o ano 2013, porque se rige polas mesmas instrucións de todos os centros de A Coruña.

No HVX dispón dun técnico de calidade, D. Angel Rivadulla Carracedo, con nomeamento desde o 1 de febreiro de 2013 como delegado de ACIS en el HVX (departamento de formación). Asimismo, é o responsable da calidade ISO na área quirúrgica, hospitalización e esterilización.

ACIS asigna unas 80horas de cursos presenciais para formación no HVX.

Procedemento da asignación de cursos presenciais de ACIS no HVX:

- *ACIS publica a relación anual de cursos de formación para os profesionais do Sergas.*
- *O delegado selecciona determinados cursos de los publicado por Acis para que sexan*

impartidos no HVX. O criterio de selección realizase tendo en conta ós profesionais que van dirixidos

- *O delegado acude á Comisión de formación do CHUAC coa proposta dos cursos seleccionados.*
- *ACIS aproba determinados cursos presenciais no HVX, fundamentalmente dirixidos a DUEs e a tódolo persoal do centro. Realizase poucos cursos presenciais dirixidos a médicos porque hai poucos facultativos de cada especialidade e non se consigue o mínimo número exigido de alumnos para impartir o curso.*
- *O Delegado de ACIS encargase de informar ó persoal do HVX vía email(institucional)*

6.1.1.2. Docentes para alumnos e titulados en profesións sanitarias e parasanitarias.

Os convenios coas distintas institucións para facer actividades de formación, docencia e investigación no HVX están asinados e xestionados pola EOXI de Coruña. Existe un convenio de colaboración coa universidade de Santiago para realizar un Master de enfermería, e tamén hai un convenio con Formación Profesional para formación de auxiliar de enfermería

6.1.1.3. De investigación por parte dos profesionais con actuación no centro.

As actividades de investigación de tódolos profesionais do Sergas do Área sanitaria de A Coruña están autorizados e controlados pola comisión de investigación do CHUAC. Na actualidade, no HVX non están a realizar un programa de investigación específico, e os ensaios clínicos con medicamentos dependen da comisión de investigación do CHUAC

6.1.2. Dáse información xeral sobre a programación das actividades de formación continuada para o persoal.

O persoal do HVX recibe a información da programación das actividades de formación continuada mediante email, bibliosaúde , intranet do Sergas, ACIS,...

6.1.3. Difúndese internamente información científico -técnica formativa sobre aspectos de interese relacionados coa actuación dos profesionais no centro.

Para á súa formación sanitaria os profesionais do HVX dispónen dos mesmos recursos que nouros centros sanitarios, obtendo a información y documentación biosanitaria a través do seu ordenador: email, Intranet del Sergas, bibliosaúde,...

Na comisión de formación continuada, docencia e investigación da Eoxi de A Coruña participa un Técnico de calidade en representación do HVX, propoendo os cursos presenciais a impartir no HVX. ACIS asigna 80 horas de cursos presenciais a impartir no HVX

No ano 2019 se impartiron no HVX 10 cursos presenciais:

- . 3 dirixidos a todo persoal do centro (Intelixencia emocional, Risoterapia, acompañamento no proceso de dÓ tras unha perdida).
- . 4 dirixidos a enfermería (ventilación, soporte ventilatorio...monitorización clínica, actualización en estomas e sondas., elaboración do comentario de enfermería e asesoramiento lactancia materna).
- . 1 dirixido a persoal médico e DUEs (Reanimación neonatal e pediátrica)
- . 1 dirixido a todo o persoal de farmacia (seguridade na preparación, administración e transporte de citostáticos)
- . 1 dirixido a TCAEs e resto de persoal relacionado coa limpeza, desinfección e esterilización de material.

6.2.1.2. As actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias e para-sanitarias.

No HVX fanse actividades de docencia para alumnos e titulados en profesións sanitarias, en base ós convenios coas distintas institucións para facer actividades de formación, docencia e investigación no HVX, que están asinados e xestionados pola EOXI de Coruña.

Existe un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago para realizar un Master de enfermería e un convenio con Formación Profesional para formación de auxiliar de enfermería

No HVX realizase as seguintes actividades docentes:

- 1 matrona e 1 DUE de saúde mental rotan polo hospital un mes e medio.
- 1 médico MIR de Atención primaria rota 3 meses por urxencias.

6.2.1.3. As actividades de investigación dos profesionais con actuación no centro.

Na actualidade non se realizan funcións de investigación específicos, excepto os ensaios clínicos con medicamentos e están autorizados pola comisión de investigación do EOXI.

6.1.4. A biblioteca do hospital facilita directamente ou posibilita a obtención de información e documentación biosanitaria.

O HVX dispón dunha biblioteca dixital á que ten acceso tódolos profesionais a traves do seu ordenador e clave persoal

A obtención de información y documentación biosanitaria pode realizala cada profesional do SERGAS, a través de su ordenador, desde Internet, Intranet del Sergas e documentación que consta en bibliosaude,...

6.1.5. Hai un responsable da organización e funcionamento da biblioteca do centro.

A biblioteca do Sergas é virtual, e hai un responsable da súa organización e funcionamento no CHUAC

6.1.6. Avalianse periodicamente as actividades desenvolvidas e mailos resultados en canto a formación continuada, docencia e investigación.

A área de formación continuada, docencia e investigación dependen da Subdirección de Calidade, ubicada no CHUAC, que é a encargada da avaliación periódica de ditas actividades en tódolos centros integrados na EOXI de Coruña.

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: Regular

CRITERIO 6.2: A ÁREA CONTA COS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN FORMACIÓN CONTINUADA, DOCENCIA E INVESTIGACIÓN.

Requerimentos:

6.2.1. A dirección do hospital establece a cantidade e dedicación dos recursos humanos e materiais para:

6.2.1.1. As actividades de formación continuada de profesionais con actuación no centro.

6.2.2. O hospital dispón dun espazo destinado a biblioteca biosanitaria con recursos suficientes para o desenvolvemento das súas actividades.

O hospital dispón dun local duns 40m (antigua biblioteca) , con duas mesas, 2 pizarras, sillas, un proyector e 3 ordenadores sin impresoras. Na actualidade, neste local impártense algúns cursos de formación.

6.2.3. A biblioteca conta cun fondo bibliográfico actualizado, disponibilidade de publicacións periódicas e, se procede, videoteca.

O HVX dispón dunha biblioteca virtual cun fondo bibliográfico actualizado e publicacións periódicas. Os profesionais poden aceder mediante o seu ordenador e clave persoal, vía bibliosáude, internet, email, ACIS,...

NIVEL DE CUMPRIMENTO DO CRITERIO: Regular

CONCLUSIÓN ÁREA 6:

- O Hospital Virxe da Xunqueira está integrado na Eoxi de Xestión de A Coruña desde o ano 2013. Desde entón, e como tódolos centros que integran a Eoxi, se rige polos criterios organizativos, de xestión e económicos que establece a Área de Formación Continuada, Docencia e Investigación, que depende da Subdirección de Calidade do CHUAC.
- O Hospital Virxe da Xunqueira está representado na Comisión de Formación Continuada do Área Sanitaria. O Técnico de calidade, D. Angel Rivadulla Carracedo, con nomeamento desde o 1 de febreiro de 2013 como delegado de ACIS en el HVX (departamento de formación) e responsable da calidade ISO na área quirúrgica, hospitalización e esterilización do HVX, acude a dicha comision de formación expoñendo as necesidades de formación continuada do persoal sanitario de dicho hospital.

